CA2.4 - Utilizar e diferenciar de forma progresivamente autónoma os coñecementos e estratexias que forman o seu repertorio lingüístico, para mellorar a súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, co apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais, valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Facer unha autoavaliación dos seus progresos de maneira aproximada á realidade e ser quen de aplicar algunhas das estratexias traballadas para mellorar a súa competencia comunicativa.		
CA2.5 - Identificar os progresos e dificultades da súa aprendizaxe da lingua estranxeira, realizando de forma guiada actividades de autoavaliación e coavaliación, recoñecendo e valorando estratexias de logro propias e alleas; reproducindo aqueles aspectos que axudan a mellorar, facéndoos explícitos e compartíndoos con outros participantes.	Identificar satisfactoriamente a maioría dos progresos e dificultades na aprendizaxe. Aplicar e compartir novas estratexias de logro.		
CA2.6 - Explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados, tomando en consideración o coñecemento do mundo e os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Explicar de xeito comprensible e cun grado de corrección o proceso de produción de textos e de inferencia de significados.		
CA3.1 - Recoñecer estereotipos, rexeitando aqueles que supoñen discriminación e prexuízos lingüísticos e culturais, e utilizar, de forma guiada, estratexias para explicar e comprender a diversidade lingüística, cultural e artística.	Recoñecer os estereotipos sobre a vestimenta e temas relacionados e rexeitalos. De forma guiada, explicar satisfactoriamente os casos de diversidade que se presenten.		
CA3.2 - Aceptar e respectar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira como fonte de enriquecemento persoal, amosando interese por comprender elementos culturais, como formas de vida, hábitos, horarios etc., e lingüísticos.	Amosar respecto cara a diversidade de xeito habitual.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.3 - Participar en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais e valorando as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Evitar estereotipos de xeito habitual. Valorar positivamente a súa competencia plurilingüe.		
CA3.4 - Utilizar adecuadamente as convencións orais e escritas máis básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento etc.), e amosar respecto polas diferenzas culturais que poidan existir.	Utilizar as convencións máis básicas adecuadamente.		
CA1.4 - Producir oralmente textos curtos moi elementais a partir de modelos sinxelos e moi básicos, sobre temas moi cotiáns prestando atención á articulación, ao ritmo, á acentuación e á entoación para facer o texto intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia.	Producir oralmente textos curtos moi elementais intelixibles utilizando o léxico aprendido e os verbos máis utilizados, aínda que se cometan erros de pronuncia.		
CA1.8 - Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo algúns erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.	Pronunciar de xeito intelixible, mesmo cometendo erros de pronuncia.		
CA1.9 - Participar en situacións interactivas moi breves e simples, cara a cara, establecendo contacto social elemental, intercambiando información moi básica, manifestando os seus gustos, facendo invitacións elementais e ofrecementos, e pedindo e dando indicacións suficientes para ir a un lugar.	Facerse comprender nas veces nas que participa en situacións interactivas moi breves e simples.	TI	50
CA1.10 - Interactuar de xeito simple pero suficiente, pedindo que se lle repitan os puntos clave, se o necesita; e sen que as súas posibles vacilacións e reformulación de expresións ou estruturas impidan a comunicación.	Interactuar suficientemente. Pedir repeticións sempre que o precise.		
CA1.11 - Comprender preguntas elementais e dar e comprender información sinxela relativas á información persoal moi básica (nome, idade, domicilio etc.), así como instrucións e peticións simples relativas ao ámbito escolar.	Comprender e dar a comprender información sinxela sobre o vocabulario traballado nesta unidade.		
CA1.13 - Amosar unha actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas para comprender e facerse comprender, considerando o erro como fonte de aprendizaxe.	Amosar de xeito xeral esa actitude de respecto.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Curiosidade e interese por coñecer outras linguas e culturas. Actitude reflexiva ante o erro como parte integrante do proceso de aprendizaxe.</li> <li>- Uso das estratexias básicas para a comprensión e a produción de textos orais, escritos e multimodais moi breves, elementais e contextualizados.</li> <li>- Utilización dos coñecementos, destrezas e actitudes que permiten levar a cabo actividades de mediación en situacións moi elementais da vida cotiá (identificar unha persoa, transmitir unha listaxe de ítems do léxico aprendido).</li> </ul>

## Contidos

- Funcións comunicativas elementais adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saúdos básicos habituais, despedidas e presentacións; identificar características moi elementais de persoas, obxectos e lugares; preguntar e dar respostas concretas sobre cuestións moi básicas cotiás; expresar a cantidade, situar no espazo e secuenciar o presente (horarios e momentos do día).
- Uso de modelos contextuais elementais na comprensión e produción de textos orais, escritos e multimodais, breves e moi sinxelos (felicitacións, notas, listaxes ou avisos).
- Utilización de unidades lingüísticas elementais e significados asociados a elas tales como expresión da entidade (persoas e obxectos) e as súas propiedades (existencia, inexistencia), cantidade e número, e formas elementais de afirmación, exclamación, negación e interrogación.
- Utilización de léxico elemental e de interese para o alumnado relativo a relacións interpersoais elementais e próximas, vivenda e fogar, lugares e contornas próximas.
- Utilización e recoñecemento de patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: sons e fonemas vocálicos, sons e fonemas consonánticos, identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización e recoñecemento de patróns gráficos e convencións ortográficas elementais: uso das normas elementais de ortografía da palabra, uso adecuado da ortografía da oración (coma, punto e coma), identificación e expresión de intencións comunicativas básicas asociadas a eses patróns.
- Utilización de convencións e estratexias conversacionais moi elementais, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar e terminar a comunicación, tomar a palabra etc.
- Uso de recursos para a aprendizaxe e estratexias de uso común de procura guiada e selección de información como dicionarios, recursos dixitais (tradutores, conxugadores...) e informáticos (correctores ortográficos).
- Respecto da propiedade intelectual e dereitos de autor sobre as fontes consultadas e contidos utilizados.
- Utilización de ferramentas analóxicas e dixitais básicas de uso común para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa.
- Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos elementais de locucións básicas, para elaborar os propios textos.
- Comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal para recoñecer estratexias elementais (identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar unidades lingüísticas léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.í).
- Uso de estratexias e ferramentas de uso elemental, analóxicas e dixitais, para a autoavaliación e a coavaliación.
- Manexo de expresións e léxico específico de uso común para referirse aos usos da lingua e comprendelos, e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas, para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada.
- Consideración da lingua estranxeira como medio de comunicación e relación con persoas doutros países, e como medio para coñecer culturas e modos de vida diferentes.
- Interese na participación en intercambios comunicativos planificados, a través de diferentes medios, con estudantes da lingua estranxeira.
- Interese por coñecer aspectos socioculturais e sociolingüísticos elementais relativos aos costumes, á vida cotiá (comida, hábitos, horarios, actividades ou celebracións máis significativas) e ás relacións interpersoais básicas en países onde se fala a lingua estranxeira.
- Utilización de estratexias básicas de uso común para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o propio.
- Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.
- Sensibilidade ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Como principio xeral, o/a profesor/-a será quen guíe no proceso de ensino-aprendizaxe e, para que este proceso sexa efectivo, é necesario tomar como referencia o nivel actual do alumnado, é dicir, os coñecementos previos. O profesorado debe recordalos e actualalos de maneira sistemática, xa que sobre eles se asentarán os novos.

A aprendizaxe levarase a cabo unhas veces por achega de contidos de forma ordenada por parte do/da profesor/-a, e outras veces por descubrimento por parte do propio alumnado. É importante ter en conta o grao de motivación, xa que afecta directamente ao rendemento; para incrementalalo convén facer explícita a utilidade dos contidos que se están a traballar.

A realización de tarefas en grupo ou por parellas facilita o intercambio de experiencias e a cooperación; para asegurar o éxito das mesmas é fundamental elixir ben a actividade e o momento para facela en grupo.

A aprendizaxe da lingua francesa debe ser un proceso consciente. Neste sentido, propóñense unha serie de tarefas que teñen como obxectivo non só facer ao alumnado consciente de se aprende ou non, ou de ata que punto e como desenvolve dita aprendizaxe, senón tamén aportarlle consellos, ideas e estratexias concretas para axudalo no seu proceso de aprendizaxe, é dicir, aprender a aprender, sempre tendo en conta que deberá ser o/a propio/-a alumno/-a quen decida que consellos poden resultarlle útiles e cales non.

Metodoloxía específica para o tratamento das catro destrezas:

##### a) A comprensión oral.

Sobre todo nos primeiros anos da E.S.O., nas situacións de comunicación oral, antes de chegar á expresión propiamente dita, establécese nun primeiro momento o proceso que vai da recepción ou exposición da lingua á comprensión ou acceso ao significado: para chegar a comprender, é importante que o/a alumno/-a sexa obxecto dunha exposición á lingua o máis ampla e variada posible (gravacións, o/a profesor/-a, os/as demais compañeiros/-as, etc.) para que, á súa vez, poida elaborar hipóteses de significado que irá verificando mediante a interacción.

Este procedemento de someter ao alumnado a actividades de comprensión oral mantense ao longo de toda a etapa educativa, se ben o grao de dificultade dos contidos vai en aumento a medida que se avanza de curso.

Existen diferentes estratexias para facilitar a comprensión oral: soportes icónicos, axuda da lingua materna, transparencia das palabras, xestos, vídeos, novas tecnoloxías, etc.

Entre as actividades destinadas a descubrir a comprensión oral, cabe mencionar as seguintes: procura de informacións globais ou específicas, discriminación auditiva de fonemas, actividades de relacionar, repeticións, clasificación de información en táboas, actividades de verdadeiro ou falso, ditados, toma de apuntamentos, etc.

##### b) A comprensión escrita.

Trabállanse diferentes tipos de textos escritos:

- Os textos que acompañan a cada unidade e que serven para introducir as estruturas e o vocabulario.
- Textos curtos (cartas, anuncios, carteis, folletos, descricións, cancións, diálogos, etc.) que serven para presentar o vocabulario e as estruturas e para as actividades de consolidación dos coñecementos.
- Breves narracións que buscan captar o interese do/da alumno/-a e fomentar o seu desexo de ler polo simple pracer de facelo.

Entre as actividades destinadas a descubrir a comprensión escrita, cabe mencionar as seguintes: procura de informacións globais ou específicas, actividades de relacionar, de verdadeiro ou falso, de completar espazos en branco, clasificación de informacións, etc.

##### c) A produción oral (interacción e mediación)

Trátase de estimular o uso da lingua francesa na aula mediante unha grande variedade de actividades para a práctica da expresión oral: individuais, por parellas, en pequeno grupo e en grupo-clase, tanto cos demais compañeiros como co/coa profesor/-a. Estas actividades sempre están dirixidas para que os/as alumnos/-as consigan

progresivamente unha real competencia comunicativa.

As actividades do libro proporcionan ao alumnado un gran apoio na realización das diversas tarefas, por exemplo, animándoos a tomar notas sobre o que van dicir antes de comezar a falar, a usar o vocabulario e as expresións destacadas nos recadros ou proporcionándolles varios modelos e inicios de conversa.

O /A profesor/-a pode escribir no encerado as palabras e expresións que os/as alumnos/-as deben utilizar; tamén é moi útil realizar unha lluvia de ideas con todo o alumnado da clase para repasar o vocabulario e as estruturas, así como os exercicios de repetición.

Existe unha grande variedade de actividades complementarias de consolidación, sendo de gran axuda os soportes audiovisuais e informáticos como diaporamas interactivos.

d) A produción escrita.

Actividades guiadas nas que se proporcionan modelos ou pautas do tipo:

- "Continue la chanson...", "Écris des phrases....", "Complète avec...", "Écoute et complète...", "Écris les verbes...", "Dessine une affiche...", "Écris des phrases sur...", "Écris la liste de..."
- Actividades libres, cartas, breves redaccións, proxectos, carteis, etc.

Para asegurar a existencia dun lector para os dous tipos de actividades de produción escrita, aconséllase a lectura de textos escritos polos/-as alumnos/-as en grupos, a elaboración de murais e exposicións, así como a avaliación e crítica construtiva ou votación entre o alumnado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material de elaboración propia
Documentos auténticos
Aula virtual
Páxinas web vinculadas ao FLE
Dicionarios en papel e en liña
Recursos dixitais (webs específicas, conxugadores...)
Xogos de elaboración propia
Xogos comerciais aplicables á materia
Cartelería
Probas tipo DELF e outras certificacións

- Durante este ano académico non se empregará un manual de referencia en 1º de E.S.O. As explicacións, tarefas de ampliación e/ou reforzo levaranse a cabo con material de elaboración propia, podendo así adaptalo aos requirimentos do grupo. Este material será posto a disposición do alumnado en formato impreso e/ou dixital a través da aula EDIXGAL, que servirá de plataforma de referencia e consulta permanente: explicacións, tarefas, avisos, colaboracións, comunicación entre iguais e co(a) docente.

- Farase igualmente uso de documentos auténticos, escollidos por temática e nivel de dificultade lingüística. Concretamente, o uso deste tipo de material conecta o alumnado coa realidade cultural e lingüística da materia e

constitúe un elemento motivador en si mesmo, no que radica a súa valía.

- Farase uso de páxinas web e aplicacións vinculadas ao FLE (ou non) como fonte de práctica (exercicios en liña), de lectura e información (prensa, redes sociais, blogue do Departamento de Francés "BoqueFLE" e páxina en Facebook "Boque Fle", etc.), de consulta (dicionarios, conxugadores, etc), xogos e instrumentos de avaliación (Kahoot, Plickers, etc.).

- Empregarase na aula xogos elaborados expresamente para a práctica na aula, pensados para a adquisición dalgún contido, mais tamén se utilizarán xogos comerciais que poidan servir ao mesmo fin.

- Expoñerase na aula cartelería que sirva para motivar ao alumnado, lembrar aspectos lingüísticos e culturais que se constatan curiosos ou que gardan certa dificultade de adquisición, imaxes vinculadas á cultura que vehicula a lingua estranxeira, etc.

- Levaranse a cabo actividades e probas segundo modelos das probas de certificación do DELF scolaire da Alliance Française para avaliar o grao de consecución das diferentes destrezas. Permitirase deste xeito o diagnóstico de niveis e diferenzas entre as competencias e o perfil de aprendizaxe verase facilitado polo uso das numerosas ferramentas de avaliación.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial permite adecuar a aprendizaxe ás posibilidades do alumnado, mediante a observación e interpretación de coñecementos, actitudes e capacidades. O momento idóneo para a realización desta avaliación inicial é o comezo de curso.

Tendo en conta que a maioría do alumnado ten o seu primeiro contacto coa lingua francesa en 1º de E.S.O., a única avaliación inicial que se levará a cabo neste curso será unha sondaxe para averiguar se algún/algunha alumno/-a ten coñecementos previos deste idioma.

MEDIDAS INDIVIDUAIS/COLECTIVAS A ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN INICIAL:

No caso do alumnado de 1º de E.S.O. que, trala sondaxe, manifeste ter coñecementos previos de lingua francesa, o profesorado de Francés proporcionarlle material complementario naqueles casos nos que os contidos abordados sexan excesivamente básicos, coa fin de evitar que perda a motivación pola materia.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>

**Criterios de cualificación:**

Teranse en conta os criterios de avaliación que figuran no punto 3.3 desta programación, para cada unha das Unidades Didácticas (UD).

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, a avaliación é continua,

progresiva e sumativa.

b) Levaranse a cabo probas e tarefas de orde diverso que permitan avaliar o grao de adquisición dos diferentes obxectivos e contidos nas cinco destrezas. Entre as probas proporanse probas escritas de comprensión e expresión, tanto oral como escrita, e mediación, probas de adquisición de léxico e conxugación, probas de pronuncia, etc. Entre as tarefas proporase a realización e exposición de traballos monográficos, nos que se valorarán diversos aspectos dependentes da unidade didáctica na que se encaixen que serán previamente definidos e figurarán na aula virtual a disposición do alumnado.

c) O conxunto de probas, tarefas e participación/implicación valorarase de 1 a 10 puntos. A cualificación trimestral obterase das cualificacións obtidas nas unidades didácticas traballadas en cada trimestre, ponderadas tal e como se indica a continuación:

- Probas escritas (exames): Porcentaxe total 50% (10% comprensión de textos orais; 10% comprensión de textos escritos; 10% produción de textos escritos; 10% coñecemento da lingua francesa -gramática e vocabulario-; 10% plurilingüismo e multiculturalidade).
- Probas orais: Porcentaxe total 20% (10% produción oral; 5%; interacción; 5% mediación).
- Tarefas: Porcentaxe total 20%.
- Participación, implicación e traballo diario: Porcentaxe total 10%.

#### PROBAS ESCRITAS (50%)

As probas escritas (exames) de cada avaliación consistirán en exercicios e preguntas sobre breves textos escritos, sobre mensaxes orais, exercicios de gramática, vocabulario, cultura e civilización, fonética, conxugación verbal, traducións, redaccións, ditados, etc. Incluirán algunha actividade de comprensión oral (escoita dun documento sonoro a partir do cal se formulará algunha/-s cuestión/-s que o alumnado deberá resolver por escrito).

A corrección destas probas realizarase por fallos ou erros (-0,05 ou -0,10 p. cada erro, dependendo da actividade), tendo en conta a coherencia, expresión e manexo da lingua francesa. Cada proba cualificarase cun máximo de 5 puntos.

Prestarase especial atención á ortografía, á caligrafía e á presentación; esta última poderá ser penalizada con -0,25 p. menos na nota final da proba en cuestión se non cumpre un mínimo de pulcritude, é dicir, o/a alumno/-a debe presentar ese exercicio cunha boa caligrafía e sen borróns. As faltas de ortografía serán penalizadas directamente na actividade na que se cometan.

Tamén se terá en conta nas probas escritas que os datos de identificación do alumnado (prénom et nom) e a data (escrita de xeito formal en francés) estean correctos. Durante o 1º trimestre a valoración será positiva en caso de que os datos estean correctos (+0,25 p. nom et prénom correctos, +0,25 p. date correcta). A partir do 2º trimestre a valoración será negativa en caso de que os datos non estean correctos (-0,25 p. nom et prénom incorrectos, -0,25 p. date incorrecta).

Se algún/algunha alumno/-a é sorprendido/-a copiando ou facendo trampa no momento da realización da proba, a súa cualificación na mesma pasará a ser automaticamente un 0 (cero).

En caso de que algún/algunha alumno/-a non se presente á realización dunha proba escrita na data sinalada deberá aportar un xustificante para que se lle realice dita proba outro día; de non presentar xustificación algunha considerarase que a súa cualificación nesa proba é un 0 (cero).

#### PROBAS ORAIS (20%)

Ao final de cada trimestre todos/-as os/as alumnos/-as deberán realizar como mínimo unha proba oral que terá unha cualificación de 2 puntos como máximo. Esta proba será gravada nun arquivo de audio.

A corrección desta proba realizarase mediante unha táboa de indicadores de logro e por fallos ou erros (-0,05 p. cada erro), tendo en conta a pronunciación, expresión e manexo da lingua francesa.

As características das probas orais serán as seguintes:

1º TRIMESTRE: Lectura dun texto breve (1 minuto) con vocabulario traballado durante o trimestre.

2º TRIMESTRE: Lectura dun texto breve (1 minuto) con vocabulario traballado durante o trimestre.

3º TRIMESTRE: Lectura dun pequeno texto en francés e resposta en francés a unha serie de preguntas (elixidas ao chou por cada alumno/-a) relacionadas cos contidos traballados ao longo do curso. Esta proba realizarase na aula de xeito presencial.

#### TAREFAS (20%)

Ao longo de cada trimestre o profesorado propondrá tarefas de diversa índole (exercicios, traballos, redaccións,

traducións, presentacións orais ou escritas, murais, etc.) para realizar na aula ou fóra dela. Cada tarefa será valorada cun máximo de 2 puntos e acadarase unha nota media entre todas as que se leven a cabo durante o trimestre. Avaliarase cada tarefa por fallos ou erros (-0,05 p. cada erro). Valoraranse non só os contidos das tarefas, senón tamén a forma de expresión (oral ou escrita), a ortografía, a caligrafía e a presentación (no caso de exercicios escritos).

O feito de non entregar unha tarefa no prazo establecido suporá un - 0,25 p. menos na cualificación da mesma, agás nos casos de ausencia xustificada.

O feito de non realizar unha tarefa suporá unha cualificación de cero puntos (0) na mesma.

#### PARTICIPACIÓN, IMPLICACIÓN E TRABALLO DIARIO (10%)

Para poder ter unhas sesións dinámicas é imprescindible que o alumnado participe nas clases, colabore, traballe e mostre un grao mínimo de implicación. Estes aspectos serán avaliados mediante a observación na aula atendendo á seguinte rúbrica:

1p. : O/A alumno/-a intervén con asiduidade de xeito voluntario axustándose á temática tratada, presta atención ás explicacións, realiza todas as tarefas encomendadas e mostra un alto grao de implicación cara a materia, respectando as normas básicas de convivencia.

0,50 p. : O/A alumno/-a intervén de xeito voluntario en contadas ocasións, ou non sempre presta atención ás explicacións, ou non realiza todas as tarefas.

0 p.: O/A alumno/-a nunca participa de xeito voluntario, ou cando o fai non se axusta á temática tratada, ou non respecta as normas básicas de convivencia (interrompe, descalifica, etc.), ou realiza moi poucas ou ningunha das tarefas, ou non mostra ningunha implicación cara a materia.

d) Actividades voluntarias: A maiores, o alumnado que participe de xeito voluntario nalgunha actividade proposta polo Departamento de Francés (concursos, realización de vídeos, correspondencia, etc.) terá a posibilidade de obter unha puntuación extra que repercutirá directamente na nota media da avaliación que corresponda en cada caso. Entre outras, proporanse as seguintes actividades:

- CORRESPONDENCIA (Actividade voluntaria): Ao longo do curso, o alumnado de Francés de 1º de E.S.O. que así o desexe voluntariamente terá a oportunidade de participar nunha correspondencia por vía postal con alumnos/-as estudantes de Español dun instituto francés. As cartas escritas polo alumnado de 1º de E.S.O. terán unha cualificación que incidirá na nota media da avaliación do xeito que se especifica a continuación:

Bien (máximo 9 faltas): + 0,50 p.

Passable (entre 10 e 19 faltas): + 0,25 p.

Faible (máis de 20 faltas): + 0 p.

Para que se teña en conta esta cualificación o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- Redactar a carta en francés, sen esquecer elementos esenciais como son: data, saúdo, despedida e sinatura.

- O corpo da carta debe ter un mínimo de 10 liñas completas (sen contar saúdo/despedida).

- O/A alumno/-a debe formular un mínimo de 2 preguntas ao seu correspondente.

- Incluír algunha/-s imaxe/-s ou debuxo/-s (polo menos 2 ou 3).

- Tratar todos os temas indicados previamente pola profesora.

- Entregar a carta (tanto o borrador como a carta pasada a limpo) nas datas sinaladas. En caso de non entregar o borrador a tempo, o/a alumno/-a será penalizado/-a con 1 negativo (= 0,25 p. menos na nota media da avaliación), o profesorado de Francés recollerá a carta fóra de prazo para corrixila, pero o/a alumno/-a xa perde calquera opción a cualificación. En caso de que un/unha alumno/-a entregue o borrador a tempo e obteña puntuación, pero non entregue a carta pasada a limpo na data sinalada, perderá esa puntuación obtida e, ademais, será penalizado/-a con 1 negativo (=0,25 p. menos na nota media da avaliación).



- VÍDEO (Actividade voluntaria): Dependendo da temporalización, é probable que se lle propoña ao alumnado a realización dalgún vídeo de temática variada en función do nivel ao que vaia dirixida a actividade, por exemplo: a presentación persoal, a presentación do centro educativo (mon collège / ma salle de classe), a presentación da familia (ma famille), unha entrevista a unha persoa francófona, un programa ficticio de variedades, etc. Esta actividade permitirá que os/as alumnos/-as poidan acadar ata 1 punto máis na nota media da avaliación en caso de que a gravación teña unha boa calidade, sobre todo a nivel lingüístico (avalíanse a corrección na produción lingüística, a calidade da imaxe e do son e a orixinalidade).

No caso de propoñer outras actividades voluntarias diferentes das que se acaban de sinalar, o profesorado de Francés informará ao alumnado e explicará con detalle a incidencia que poderá ter dita actividade na nota media da avaliación.

e) O alumnado que non participe nalgunha actividade complementaria ou extraescolar organizada polo Departamento de Francés deberá realizar un traballo relacionado coa mesma. Será o/a profesor/-a quen se encargue de darlle as indicacións necesarias para elaborar dito traballo.

f) As actitudes negativas na aula ou nas actividades complementarias e extraescolares (mal comportamento, esquecemento do material necesario para o desenvolvemento da sesión, non realización de tarefas encomendadas dentro e/ou fóra do horario lectivo, conduta impropia ou desaxeitada...) serán penalizadas con negativos; cada negativo suporá -0,25 p. menos na nota media da avaliación da que se trate nese momento.

g) A cualificación da avaliación final obtense da media aritmética das cualificacións trimestrais. Superarán a materia aqueles/-as alumnos/-as que obteñan unha media aritmética igual ou superior a 4,5 a partir das cualificacións das tres avaliacións do curso. O redondeo farase á alza a partir de 0,5.

Exemplos: 4,75 redondea a 5; 4,50 redondea a 5; 4,45 redondea a 4; 4,25 redondea a 4.

Para promocionar, en calquera caso, todo/-a alumno/-a deberá ter superado o grao mínimo de consecución dos criterios de avaliación indicados para cada unidade.

### **Criterios de recuperación:**

a) Dado que os contidos son progresivos e reutilízanse dunha avaliación para outra, o valor das cualificacións trimestrais aumenta segundo avanza o curso, o que serve de recuperación.

b) Aplicaranse medidas de reforzo educativo cando o progreso do alumnado non sexa o axeitado, tratando de garantir a obtención dos obxetivos imprescindibles para continuar o proceso educativo.

c) Os/As alumnos/-as que obteñan unha cualificación inferior a 4,5 na media aritmética das tres avaliacións, terán a oportunidade de realizar unha proba de recuperación na que se incluírán contidos traballados ao longo de todo o ano académico. Esa proba terá lugar nas últimas sesións do mes de xuño (a data será concretada a comezos do 3º trimestre). Para aprobar esta recuperación será necesario obter unha cualificación mínima de 5 puntos (sobre 10); independentemente da nota obtida nesa proba (sempre que sexa igual ou superior a 5) na avaliación final constará unha cualificación de 5 puntos.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Este apartado non procede neste curso.

## **6. Medidas de atención á diversidade**

Enténdese atención á diversidade como o conxunto de medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

En consonancia coas medidas que a lexislación prevé que o equipo directivo, o profesorado titor e os servizos de orientación deben observar, como profesorado específico da materia de segunda lingua estranxeira cómpre levar a

cabo estas outras:

- a) A colaboración co profesorado titor e coa xefatura do Departamento de Orientación na planificación e no desenvolvemento de actuacións destinadas ao axuste dos procesos de ensino e de aprendizaxe.
- b) A utilización de estratexias metodolóxicas promotoras da inclusión, da solidariedade, do traballo en equipo, do respecto á diferenza e da convivencia de todo o alumnado, informando ao profesorado titor sobre o desenvolvemento persoal, social e educativo do alumnado que atende.
- c) A consideración dos principios do deseño universal de aprendizaxe na atención educativa.
- d) A participación nas estratexias de coordinación entre o equipo docente, baixo a dirección do profesorado titor.

As medidas de atención á diversidade (MAD) deben ter un carácter preventivo e compensador. A primeira delas será a avaliación inicial, que constitúe un factor preventivo por excelencia na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidade específica de apoio educativo. Esa avaliación ten como principais finalidades adaptar as ensinanzas á alumna ou ao alumno e facilitar a debida progresión na súa aprendizaxe. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan.

Segundo o perfil do alumnado neste curso 2023-2024, a atención á diversidade concretarase coas seguintes medidas:

A) O alumnado con necesidade específica de apoio educativo.

Por tratarse dunha segunda lingua estranxeira, é altamente probable que o alumnado cun retraso madurativo, con trastornos do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación fose proposto para unha exención nos dous primeiros cursos da ESO. Porén, é probable atopármolos con alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe (TDAH, TDA, TEA, DEA, etc.).

- Adoptarase un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente nun momento posterior de traballo, favorecendo así que o alumnado con trastornos de atención ou de aprendizaxe acade os obxectivos por abordar os contidos reiteradamente.
- Os materiais, instrumentos de avaliación e tempos de execución adaptaranse: tipo e tamaño das fontes, cores, espaciado, distribución no papel, material audiovisual complementario, etc.
- Sempre que sexa posible, levaranse a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Este alumnado situarase estratéxicamente na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e minimizar as súas fontes de dispersión.

B) O alumnado en situación de vulnerabilidade socioeducativa e/ou cultural

Cando se presenten desigualdades derivadas de factores sociais e familiares, de violencia de xénero, económicos, culturais, xeográficos, étnicos ou doutra índole, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades e os propios centros docentes deberán asegurar a eliminación das barreiras, evitando a segregación deste alumnado no propio centro docente.

- De ser preciso, proporcionaráselle, nalgúns casos en calidade de préstamo, o material, funxible ou non, que requira para seguir con normalidade o discorrer das clases (ex. libros, material funxible, fotocopias a custe cero, dispositivos e mesmo conexión a Internet).
- De ser preciso, ofrecerásenlle explicacións e material adicional que poidan contribuír a reducir ou facer desaparecer as desigualdades en orixe.
- De ser preciso, xestionarase a participación deste alumnado nas actividades complementarias e extraescolares que o Departamento organice.
- Na medida do posible, porase en valor transversalmente a orixe xeográfica, étnica ou cultural deste alumnado.
- Na medida do posible, evidenciaranse transversalmente os aspectos en común entre este alumnado e o resto do grupo de referencia (ex. idade, lugar de residencia, gustos musicais, etc.), favorecendo a integración e cohesión do grupo.
- Farase un seguimento estreito da asistencia, rendemento, hixiene, alimentación, etc. deste alumnado, informando rigurosamente ao profesorado titor.

C) O alumnado con altas capacidades intelectuais.

Este alumnado caracterízase por un potencial elevado nalgunha ou nalgunhas áreas do desempeño humano, en comparación cun grupo de referencia. Adoita ter un alto nivel de creatividade e persistencia nas tarefas de alta complexidade intelectual ligadas ás súas áreas de interese. Cómpre, por tanto, identificalas.

- Adaptaranse as explicacións e os materiais, aportando complexidade e profundidade na medida en que sexan adquiridos.
- Proporanse actividades similares ás do grupo de referencia, aínda que cun grao de complexidade ou extensión superior, atendendo as demandas de carácter máis profundo do alumnado con niveis de partida máis avanzados ou cun interese maior sobre o tema estudado, evitando así a desmotivación.
- Evitaranse as tarefas repetitivas, que adoitan incidir negativamente no nivel de motivación, promovendo as que medren en complexidade e sexan variadas en temática e soporte.
- Na medida do posible, integraranse as áreas de interese deste alumnado na temática dos materiais e proxectos.
- Proporase o intercambio de saberes cos iguais mediante traballo cooperativo e organizado.
- Proporánselle tarefas de ampliación que apelen á creatividade.

D) O alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo.

Este alumnado adoita presentar dificultades para acadar os obxectivos e as competencias que lle corresponderían pola súa idade. Esas dificultades maniféstanse, especialmente, no descoñecemento dalgunha das linguas oficiais de Galicia e/ou no desfacemento curricular.

É moi posible que este alumnado xa fose proposto para unha exención da segunda lingua estranxeira nos dous primeiros cursos da ESO. De non ser así, pode ser necesario aplicar algunha das MAD relacionadas a continuación:

- Adaptar os materiais e as explicacións, aportando máis das usuais para así paliar as carencias que poidan existir e reducir as distancias co grupo de referencia.
- Sempre que sexa posible, levar a cabo actividades con material manipulativo, con soporte audiovisual e dixital.
- Situar estratéxicamente este alumnado na aula, co fin de poder supervisar facilmente os seus progresos e procurarlle certo apoio dos iguais.
- Adoptar un traballo en espiral, retomando o contido non adquirido inicialmente en momentos posteriores.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Dereitos da infancia		X	X	X	X	X	X
ET.2 - Igualdade de xénero e coeducación	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Aprendizaxe reflexiva, significativa e competencial personalizada	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para o desenvolvemento sostible	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Educación para a saúde, tamén emocional e sexual		X	X	X	X	X	X
ET.6 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Emprendemento social e empresarial			X		X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.11 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

En todos os niveis de E.S.O. traballarase a educación en valores e desenvolverase a interdisciplinidade mediante os temas tratados, permitindo que profesores/-as e alumnos/-as reflexionen sobre eles.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Noël	Achega ao voculario relacionado coas festas de Nadal, así como ás datas e costumes principais en Francia. Traballo con algunha panxoliña en lingua francesa e realización de tarxetas de felicitación en francés.	X		
Chandeleur	Arredor do 2 de febreiro conmemorase a Chandeleur ou festa das crêpes, realizando unha achega a esta tradición tan popular en Francia.		X	
Jour de la francophonie	Segundo o calendario oficial, o 20 de marzo celebrarase o día da francofonía propoñendo actividades diversas vinculadas ao francés: visionado de películas ou curtametraxes, degustación de produtos gastronómicos de países francófonos, videoconferencias con falantes nativos en lugares diversos, xogos, etc.		X	
Fête de la musique	21 de xuño. Iniciativa xurdida en Francia en 1982 que se conmemorará na aula escoitando música francesa de distintos estilos.			X
Correspondance de lettres	Participación nunha correspondencia de cartas con alumnado estudante de español dun instituto francés de Hérouville Saint-Clair (Normandie).	X	X	X
Cinéma en français	Visionado de fragmentos de diferentes películas, algunhas en VO subtitulada para facilitar unha maior comprensión. Entre os diversos títulos que posúe o Departamento de Francés podemos destacar os seguintes adaptados a este nivel: Le petit Nicolas, La guerre des boutons, Astérix et Obélix contre César, Astérix et Obélix aux Jeux Olympiques, Les Choristes, Le gendarme extraterrestre, Le petit prince, Les Dalton...	X	X	X

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actividades, exposicións, certames ou actos culturais	O Departamento de Francés está disposto a organizar a asistencia do alumnado a todo tipo de actividades, exposicións, certames ou actos culturais que poidan ter relación co estudo da lingua estranxeira e que teñan lugar durante o curso académico.	X	X	X
Montaxe de pequenos vídeos e presentacións	Montaxe de pequenos vídeos e presentacións en lingua francesa, relacionados cos contidos traballados ao longo do curso.	X	X	X
Lectura voluntaria	Traballo con libros de nivel fácil para espertar o amor pola lectura.	X	X	X
Civilización	Estudo da civilización francesa mediante o visionado de vídeos culturais, documentais, reportaxes... e a lectura de textos extraídos de revistas, xornais, blogs, etc.	X	X	X

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Resultados de avaliación.
Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
Adecuación da secuenciación dos CA para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada CA.
Asignación a cada CA do peso correspondente na cualificación.
Vinculación de cada CA a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
Asociación de cada CA cos elementos transversais a desenvolver.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
Adecuación de probas e taboa de indicadores, tendo en conta o valor de cada CA.
Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.

Metodoloxía empregada
Nivel de satisfacción do alumnado.
Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos CA.
Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, proxectos, etc.
Grao de desenvolvemento das actividades complementarias previstas.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
Adecuación do material de elaboración propia.
Medidas de atención á diversidade
Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dunha proba e dunha avaliación.
Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados ás CA.
Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
Clima de traballo na aula
Adecuación da secuencia de traballo na aula.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación e instrumentos.
Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
Grao de integración da competencia dixital no desenvolvemento da materia.

### Descrición:

#### a) Enquisa:

Ao final de cada avaliación e, especialmente, na avaliación final, farase un balance global dos resultados obtidos no proceso educativo, o grao de cumprimento dos obxectivos, as necesidades e carencias, os erros e acertos e, en definitiva, unha valoración completa da propia avaliación e da programación.

Proporase unha enquisa ao alumnado de 1º de E.S.O. coa finalidade de acadar información sobre o grao de satisfacción do alumnado respecto dos seguintes temas:

- O material proporcionado (en todos os soportes).
- A práctica docente.
- Os instrumentos de avaliación.
- Os tempos asignados para realizar as tarefas.
- Os tempos de corrección. - O sistema de puntuación e corrección.

#### b) Autoavaliación:

Tamén se pretende fomentar a reflexión no alumnado sobre a súa aprendizaxe. Neste sentido, é preciso recoller información sobre:

- Percepción da súa progresión.

- Tempo adicado á aprendizaxe da materia.
- Estratexias empregadas na aprendizaxe da materia.

Coa autoavaliación preténdese:

- Fomentar a coordinación do profesorado.
- Mellorar a formación docente.
- Reforzar as medidas de atención á diversidade.
- Crear unha cultura autoavaliadora.

c) Revisión e melloras:

O Departamento de Francés levará a cabo unha reflexión profunda das medidas de mellora a implantar de cara ao vindeiro curso que serán reflectidas na Memoria Final do Departamento. Os mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica son de dous tipos:

1. Unha avaliación de progreso:

- a) Comprobarase como se produce realmente o axuste de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, procedementos e actividades á realidade do alumnado, ás súas necesidades e características e á realidade das posibilidades educativas do centro.
- b) Valorarase tal axuste nas reunións do Departamento de Francés e nas avaliacións e, no caso de resultar pouco axeitado, modificarase durante o transcurso do ano académico.

2. Unha avaliación final:

- a) Prestarase moita atención á porcentaxe de alumnado que, na súa avaliación final, non aprobe a materia Segunda Lingua Estranxeira: Francés.
- b) Os erros detectados recolleranse na Memoria Final de curso como propostas de mellora para a elaboración da programación do vindeiro curso académico.
- c) Memoria final: Para esta autoavaliación, cómpre elaborar unha Memoria final, que inclúa:
  - Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.
  - Unha síntese reflexiva sobre os logros conseguidos.
  - As dificultades atopadas.
  - Os factores que influíron nas dificultades.
  - Os aspectos que será preciso modificar e mellorar.
  - As propostas de innovación necesarias.
  - Unha valoración dos resultados da enquisa proposta.
  - As medidas de atención á diversidade utilizadas.
  - Valoración da metodoloxía empregada.

Está prevista a elaboración dunhas "TABOAS DE REVISIÓN E AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA" con indicadores de logro (rúbrica de 1 a 4) . Tamén se recollerán observacións e propostas de mellora.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

### REUNIÓN DE DEPARTAMENTO

O Departamento de Francés do CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto é unipersonal e fará o seguimento oportuno para levar a cabo a aplicación da Programación Didáctica. Os aspectos máis salientables recolleranse nun informe mensual no libro de actas do Departamento.

### PROENS

O profesorado de Francés fará o seguimento da programación a través da aplicación Proens. Como xa se fixo para a elaboración desta programación, farase o seguimento na aplicación para cada nivel.

Ao remate de cada UD deixarase constancia das datas de inicio e remate previstas inicialmente, así como do número de sesións empregadas para o seu desenvolvemento, do grao de cumprimento, dos resultados, das propostas de mellora e, de habelas, das variacións que tivesen lugar.

### AVALIACIÓN

Na memoria de final de curso deixarase constancia dos seguintes puntos:

- a) Desvíos entre a programación inicial e a súa aplicación final, facendo propostas de reajustes.
- b) Resultados por UD e trimestre. Analizaranse as hipóteses sobre os motivos dos mellores e peores resultados. De

ser relevante, poderanse contrastar co número de sesións adicadas.

c) Resultados das enquisas realizadas para avaliar a práctica docente. Analizaranse os aspectos mellor puntuados, buscando extendelos, así como os que obteñan peor puntuación, co fin de mellorar de cara ao seguinte ano académico. De ser relevante, tomaranse acordos sobre metodoloxía, temporalización, recursos, etc.

## **9. Outros apartados**



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Biología e xeoloxía	1º ESO	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	13
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

## 1. Introducción

Existe unha estreita relación entre o progreso da humanidade e o coñecemento científico. Así, os avances que observamos no noso entorno son debidos na súa maioría a estes coñecementos, tal que poderíase definir á sociedade na que vivimos como unha sociedade tecnolóxico-científica. Estes avances son o froito da cooperación entre científicos de diferentes ramas da Ciencia, entre as que se atopa a Bioloxía e a Xeoloxía.

A Ciencia, non é unha entidade estática, senón que se atopa en permanente evolución. Cada vez son máis importantes as profesións relacionadas coa Bioloxía e a Xeoloxía, como máis numerosas son as cuestións de ámbito biolóxico que nos abordan (medio ambiente, xenética, biomedicina), moitas das cales requiren unha participación por parte da cidadanía.

É preciso, polo tanto, proporcionarlle ao alumnado as bases científicas sobre as que se asente o coñecemento da realidade do mundo contemporáneo para analizala e valorala de forma crítica. O estudo da Bioloxía e Xeoloxía contribuirá non soamente a súa comprensión en si, senón tamén a dos elementos fundamentais da investigación e do método científico.

A forma de abordar o ensino incluirá, ademais dos conceptos, a súa utilidade e a súa construción como o produto de incesantes investigacións que, continuamente, confirman e trocan os conceptos científicos. Todo isto contribuirá a ampliar e a afondar no estudo dos mecanismos básicos que rexen o mundo vivo, a valorar as implicacións sociais e persoais dos coñecementos científicos e dos novos descubrimentos, e a promover unha actitude investigadora.

Así pois a Bioloxía e a Xeoloxía contribuirán a formar aos alumnos como persoas e como cidadáns, ademais de orientalos e formalos cara ás saídas profesionais relacionadas con esta área.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Interpretar e transmitir información e datos científicos argumentando sobre eles e utilizando diferentes formatos para analizar conceptos e procesos das ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	1-2-5		4	2-3				4
OBX2 - Identificar, localizar e seleccionar información, contrastando a súa veracidade, organizándoa e avaliándoa criticamente para resolver preguntas relacionadas coas ciencias biolóxicas e xeolóxicas.	3	1	4	1-2-3-4-5	4			
OBX3 - Planificar e desenvolver proxectos de investigación, seguindo os pasos das metodoloxías científicas e cooperando cando sexa necesario para indagar en aspectos relacionados coas ciencias xeolóxicas e biolóxicas.	1-2		2-3-4	1-2	3		3	
OBX4 - Utilizar o razoamento e o pensamento computacional, analizando criticamente as respostas e solucións e reformulando o procedemento, de ser necesario, para resolver problemas ou dar explicación a procesos da vida cotiá relacionados coa bioloxía e coa xeoloxía.			1-2	5	5		1-3	4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar os efectos de determinadas accións sobre o medio ambiente e a saúde baseándose nos fundamentos das ciencias biolóxicas e da Terra para promover e adoptar hábitos que eviten ou minimicen os impactos ambientais negativos, que sexan compatibles cun desenvolvemento sostible e que permitan manter e mellorar a saúde individual e colectiva.			2-5	4	1-2	3-4	1	
OBX6 - Analizar os elementos dunha paisaxe concreta valorándoo como patrimonio natural e utilizando coñecementos sobre xeoloxía e ciencias da Terra para explicar a súa historia xeolóxica, propoñer accións encamiñadas á súa protección e identificar posibles riscos naturais.			1-2-4-5	1		4	1	1

#### Descrición:

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Proxecto científico	Nesta unidade englóbase os pasos do Método científico	5	10	X		
2	A célula	Nesta unidade englóbase o concepto de ser vivo, célula, estrutura, tipos e funcións	10	17	X		
3	Os seres vivos I: moneras, protistas, fungos	Unidade de clasificación dos seres vivos, afondando nos reinos monera, protista e fungo	20	25	X		
4	Os seres vivos II: plantas, animais	Unidade de identificación dos seres vivos: afondando no reino planta e animal	20	25		X	
5	A xeosfera	Nesta unidade englóbase todo o relacionado coa capa sólida da Terra	10	18		X	
6	A atmosfera e hidrosfera	Nesta unidade englóbase todo o relacionado coa capa gasosa e de auga terrestre	20	25			X
7	Ecoloxía e sostibilidade	Nesta unidade englóbase os ecosistemas, os seus elementos e impactos	15	20			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Proxecto científico	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Analizar e explicar conceptos e procesos biolóxicos e xeolóxicos interpretando a información obtida en diferentes formatos cunha actitude crítica e chegando a conclusións fundamentadas.	Explicar conceptos e procesos biolóxicos	PE	60
CA1.3 - Expor preguntas e hipóteses e intentar realizar predicións sobre fenómenos biolóxicos ou xeolóxicos que poidan ser respondidas ou contrastadas utilizando métodos científicos.	Expor hipóteses sobre fenómenos biolóxicos e xeolóxicos		
CA1.4 - Recoñecer a información sobre temas biolóxicos e xeolóxicos con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas... e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distinguir a información con base científica das pseudociencias e crenzas infundadas		
CA1.2 - Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía localizando, seleccionando e organizando información de distintas fontes e citándoas correctamente.	Resolver cuestións sobre bioloxía e xeoloxía	TI	40
CA1.5 - Diseñar e realizar a experimentación, a toma de datos e a análise de fenómenos biolóxicos e xeolóxicos de modo que permitan responder preguntas concretas e contrastar unha hipótese exposta.	Realizar as experimentacións de forma adecuada		
CA1.6 - Presentar as conclusións do proxecto de investigación mediante o formato e as ferramentas dixitais adecuadas, interpretando os resultados e a información obtida a través da experimentación e da observación de campo.	Presentar o proxecto de investigación interpretando os resultados		
CA1.7 - Cooperar dentro dun proxecto científico asumindo responsablemente unha función concreta, respectando a diversidade e a igualdade de xénero e favorecendo a inclusión.	Cooperar no proxecto científico		
CA1.8 - Valorar a contribución da ciencia á sociedade e o labor de persoas dedicadas a ela con independencia da súa etnia, sexo ou cultura, destacando e recoñecendo o papel das mulleres científicas e entendendo a investigación como un labor colectivo e interdisciplinar en constante evolución.	Valorar a contribución da ciencia á sociedade, destacando o papel das mulleres científicas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
-----------------

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias para a elaboración do proxecto científico:</li> <li>- Formulación de preguntas, hipóteses e conxecturas científicas.</li> <li>- Estratexias de utilización de ferramentas dixitais para a procura de información, a colaboración e a comunicación de procesos, resultados ou ideas científicas: ferramentas dixitais e formatos de uso frecuente en ciencia (presentación, gráfica, vídeo, póster, informe...).</li> <li>- Recoñecemento e utilización de fontes fidedignas de información científica.</li> <li>- Métodos de observación e de toma de datos de fenómenos naturais.</li> <li>- Deseño de controis experimentais (positivos e negativos) e argumentación sobre a súa esencialidade para obter resultados obxectivos e fiables nun experimento.</li> <li>- A resposta a cuestións científicas mediante a experimentación e o traballo de campo: utilización dos instrumentos e espazos necesarios (laboratorio, aulas, contorna...) de forma adecuada</li> <li>- Métodos de análise de resultados. Diferenciación entre correlación e causalidade.</li> <li>- Modelado como método de representación e comprensión de procesos ou elementos da natureza.</li> <li>- O labor científico e as persoas dedicadas á ciencia: contribución ás ciencias biolóxicas e xeolóxicas e importancia social. O papel da muller na ciencia.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	A célula	17

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células indicando as características que os diferencian da materia inerte.	Recoñecer que os seres vivos están constituídos por células	PE	60
CA2.3 - Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e recoñecendo as súas funcións vitais.	Describir a célula como unidade estrutural e funcional dos seres vivos identificando as súas estruturas básicas e as funcións vitais		
CA2.4 - Identificar as estruturas básicas dos diferentes tipos de células empregando distintas estratexias de observación e comparación.	Identificar as estruturas básicas das células		
CA2.1 - Facilitar a comprensión e a análise de información sobre procesos biolóxicos ou traballos científicos transmitíndoa de forma clara e utilizando a terminoloxía e os formatos adecuados.	Utilizar de forma clara a terminoloxía biolóxica	TI	40
CA2.5 - Identificar os virus como entidades biolóxicas acelulares.	Identificar os virus como entidades biolóxicas acelulares		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Concepto de ser vivo.

### Contidos

- A célula, unidade estrutural e funcional dos seres vivos.
- Estrutura básica da célula. Tipos de células: procariotas e eucariotas.
- Funcións vitais:
- Nutrición: autótrofa e heterótrofa. A fotosíntese.
- Relación.
- Reprodución: sexual e asexual.
- Observación e comparación de tipos de células ao microscopio e outros medios (vídeos, fotografías...) mediante distintas estratexias e destrezas.
- Formas acelulares: os virus.

UD	Título da UD	Duración
3	Os seres vivos I: moneras, protistas, fungos	25

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Identificar as principais categorías taxonómicas	PE	60
CA3.1 - Explicar as características que fan que a Terra sexa un planeta habitable.	Coñecer as características que fan a Terra un planeta habitable	TI	40
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as características xerais dos grandes grupos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

### Contidos

- A biosfera. Características que fan da Terra un planeta habitable.
- Diferenciación e clasificación dos reinos monera, protocista, fungi, vexetal e animal.
- Os principais grupos taxonómicos: observación de especies da contorna e clasificación a partir das súas características distintivas

UD	Título da UD	Duración
4	Os seres vivos II: plantas, animais	25

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.3 - Describir as características xerais dos grandes grupos de seres vivos utilizando as claves para a identificación e a clasificación de seres vivos.	Describir as características xerais de plantas e animais	PE	60
CA3.2 - Recoñecer os criterios que serven para clasificar os seres vivos identificando as principais categorías taxonómicas ás que pertencen os animais e as plantas máis comúns.	Identificar as principais categorías taxonómicas de plantas e animais	TI	40
CA3.4 - Comprender o proceso evolutivo localizando e analizando algúns exemplos de adaptacións dos seres vivos.	Comprender as adaptacións dos seres vivos		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- As especies da contorna: estratexias de identificación (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu...).</li> <li>- Estratexias de recoñecemento das especies máis comúns dos ecosistemas da contorna (guías, claves dicotómicas, ferramentas dixitais, visu).</li> <li>- O proceso evolutivo. Introducción aos conceptos da selección natural e as adaptacións ao medio.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	A xeosfera	18

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Identificar e clasificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades.	Identificar distintos minerais mediante a observación das súas características e propiedades	PE	60
CA4.2 - Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da orixe e/ou dos minerais que as forman.	Recoñecer diferentes rochas a través da súa clasificación en función da súa orixe		
CA4.6 - Explicar a estrutura e a composición básica da xeosfera diferenciando as características xerais das capas que a forman.	Diferenciar as capas da xeosfera		
CA4.7 - Relacionar a litosfera e o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos integrándoas na teoría da tectónica de placas.	Relacionar o movemento das placas coas estruturas xeolóxicas que se orixinan nos bordos	TI	40
CA4.3 - Localizar rochas e minerais da contorna seleccionando información mediante o uso correcto de diferentes fontes.	Localizar rochas e minerais da contorna		
CA4.4 - Describir a importancia dos minerais e das rochas na sociedade relacionándoos coas súas aplicacións na vida cotiá.	Describir a importancia dos minerais e rochas na sociedade		
CA4.5 - Valorar unha explotación sostible dos recursos xeolóxicos identificando os principais impactos que causa.	Identificar os principais impactos que causan os recursos xeolóxicos		



Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os minerais: características, propiedades e clasificación.</li> <li>- As rochas e a súa clasificación: sedimentarias, metamórficas e ígneas. O ciclo das rochas.</li> <li>- Identificación de rochas e minerais relevantes da contorna.</li> <li>- Aplicacións dos minerais e das rochas na vida cotiá.</li> <li>- Explotación sostible dos recursos xeolóxicos. Os recursos xeolóxicos en Galicia.</li> <li>- Estrutura e composición básica da xeosfera: codia, manto e núcleo.</li> <li>- Introducción á teoría da tectónica de placas.</li> <li>- A litosfera e o movemento das placas.</li> <li>- Estructuras xeolóxicas nos bordos das placas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	A atmosfera e hidrosfera	25

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.3 - Analizar as funcións da atmosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do efecto invernadoiro.	Analizar a importancia da atmosfera para a vida na Terra	PE	60
CA5.4 - Analizar as funcións da hidrosfera e o seu papel esencial para a vida na Terra reflexionando sobre a importancia do ciclo da auga.	Analizar o papel esencial da hidrosfera para a Terra		
CA5.5 - Recoñecer os impactos ambientais sobre a hidrosfera e a atmosfera debidos á acción humana relacionándoos coas súas causas e consecuencias no medio.	Recoñecer os impactos ambientais debido á acción humana		
CA5.1 - Explicar procesos biolóxicos ou xeolóxicos utilizando coñecementos, datos e información achegados, o razoamento lóxico ou recursos dixitais.	Explicar procesos biolóxicos e xeolóxicos	TI	40
CA5.2 - Interpretar a paisaxe analizando os seus elementos e reflexionando sobre o impacto ambiental derivados de determinadas accións humanas.	Reflexionar sobre o impacto ambiental das accións humanas		
CA5.6 - Comprender o papel determinante da atmosfera, hidrosfera, biosfera e xeosfera na edafoxénese, así como a súa influencia no modelado terrestre, identificando as funcións do solo.	Comprender a importancia da atmosfera e hidrosfera, biosfera e xeosfera		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A atmosfera. Composición e estrutura.</li> <li>- Importancia da atmosfera para a existencia da vida na Terra.</li> <li>- Impactos ambientais sobre a atmosfera. O incremento do efecto invernadoiro e a contaminación atmosférica.</li> <li>- O cambio climático.</li> <li>- A hidrosfera. Distribución da auga na Terra. Propiedades e ciclo da auga.</li> <li>- Importancia da auga para os seres vivos.</li> <li>- Impactos ambientais sobre a hidrosfera. Contaminación e xestión sostible da auga.</li> <li>- Interaccións entre a atmosfera, a hidrosfera, a xeosfera e a biosfera. O seu papel na edafoxénese e no modelado do relevo e a súa importancia para a vida. As funcións do solo.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Ecoloxía e sostibilidade	20

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA6.1 - Coñecer os compoñentes dun ecosistema establecendo as relacións existentes entre eles.	Relacionar os compoñentes dun ecosistema	PE	60
CA6.2 - Explicar as características xerais dos principais ecosistemas terrestres e acuáticos facendo unha especial referencia aos ecosistemas galegos.	Explicar as características xerais dos principais ecosistemas		
CA6.3 - Identificar nun ecosistema os factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias para restablecelos e difundindo accións que favorezan a conservación medioambiental.	Identificar nun ecosistema factores desencadeantes de desequilibrios indicando estratexias que favorezan a conservación medioambiental		
CA6.4 - Analizar criticamente a solución a un problema ambiental relacionándoo con fenómenos biolóxicos e xeolóxicos.	Relacionar problemas ambientais cos fenómenos xeolóxicos	TI	40
CA6.5 - Recoñecer a información con base científica distinguíndoa de pseudociencias, boatos, teorías conspiradoras e crenzas infundadas etc. e mantendo unha actitude escéptica ante estes.	Distinguir información con base científica de pseudociencias e teorías conspiratorias		
CA6.6 - Relacionar con fundamentos científicos a preservación da biodiversidade, a conservación do medio ambiente, a protección dos seres vivos da contorna, o desenvolvemento sostible e a calidade de vida.	Relacionar a preservación da biodiversidade e a conservación do medio ambiente co desenvolvemento sostible e a calidade de vida		
CA6.7 - Propoñer e adoptar hábitos sostibles analizando dunha maneira crítica as actividades propias e alleas a partir dos propios razoamentos, dos coñecementos adquiridos e da información dispoñible.	Adoptar hábitos sostibles		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os ecosistemas:</li> <li>- Elementos bióticos e abióticos. Relacións intraespecíficas e interespecíficas.</li> <li>- Importancia da conservación dos ecosistemas, a biodiversidade e a implantación dun modelo de desenvolvemento sostible.</li> <li>- Exemplos da contorna.</li> <li>- Impactos sobre os ecosistemas ocasionados por actividades humanas.</li> <li>- Importancia da adquisición dos hábitos sostibles (consumo responsable, prevención e xestión de residuos, respecto ao medio ambiente).</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Nesta programación preténdese que o alumnado aprenda significativamente os coñecementos relativos aos distintos contidos. En relación con este punto, os contidos organízanse partindo do menor nivel de dificultade do caso particular ao nivel xeral máis abstracto, para lograr o aprendizaxe significativo, de tal xeito que partindo da motivación e interrogantes iniciais conclúese coa adquisición dos suficientes contidos científicos desenvolto para cada núcleo temático.

Os coñecementos constrúense a partir dos aprendizaxes adquiridos nos cursos anteriores, de forma que conecten o que xa saben cos novos coñecementos para que poidan utilizalos adecuadamente, de aí a importancia dunha diagnose inicial que nos oriente sobre estes coñecementos iniciais do alumnado. Perséguese pois, que os novos coñecementos se integren ampliando e afondando nos anteriores e, en caso de que sexa necesario, modificando esquemas erróneos previos. Para isto preténdese, ademais de engarzar os novos coñecementos cos de anteriores cursos, que se manteña unha certa continuidade dentro desta programación.

Trátase tamén que os novos coñecementos sexan acadables polos alumnos/as de xeito que sexan adecuados para as súas potencialidades cognitivas.

Ademais, a metodoloxía debe ser activa propiciando a reflexión, o razoamento e o análise crítico para que poidan aprender por si mesmos, de xeito que os alumnos/as conquiran unha madurez persoal e unha capacidade formativa que lles permita chegar a ser membros activos e responsables da sociedade, capaces de detectar, analizar e resolver os problemas que lles xurdan na vida cotiá.

As actividades serán o medio para acadar este tipo de aprendizaxe. Diferenciamos distintos tipos: actividades de inicio, de desenvolvemento, avaliación, ampliación e reforzo.

#### 4.2. Materiais e recursos didácticos

<b>Denominación</b>
Caderno de clase do alumno/a
Materiais impresos, ben directamente polo alumnado ou ben subministradas a través da profesora, tales como cuestións, gráficas, esquemas.
Materiais audiovisuais e/ou dixitais, que servirán tanto para presentar a materia, coma para exercicios ou actividades do alumnado
Prensa e revistas de divulgación científica dixitais

Ordenadores edixgal

Material de laboratorio, no que se inclúe os aparellos, instrumental, os funxibles, preparacións, produtos químicos e as mostras biolóxicas necesarias para as actividades programadas

Para o desenvolvemento da programación terase en conta que as actividades de ensinanza-aprendizaxe realizaranse maioritariamente no laboratorio, na aula de referencia e no exterior do edificio sempre e cando o tempo permita facer este tipo de sesións.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao principio de curso farase unha proba escrita para coñecer cales son os coñecementos do alumnado. Ademais ao principio de cada bloque temático, antes da exposición inicial, realizaranse unhas preguntas aos alumnos/as sobre os contidos a impartir. Todos estes datos permitirán detectar os coñecementos previos dos alumnos/as e modificar, conforme á realidade detectada, as unidades didácticas. Así, no caso de detectar problemas nos conceptos e procedementos previos necesarios para o presente curso amoldaremos a aprendizaxe para adquirilos no momento que sexa preciso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>20</b>	<b>15</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	60	60	60	60	60	60	60	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	40	40	40	40	40	40	40	<b>40</b>

**Criterios de cualificación:**

A cualificación global de cada avaliación obterase mediante a valoración das cualificacións obtidas a través dos instrumentos utilizados, sendo estes:

- Probas escritas: medio para comprobar se o alumno/a acadou os criterios de avaliación tendo un valor dun 60% da nota final.

A nota das probas escritas terá unha puntuación máxima de 6 puntos. En caso de haber máis dunha proba escrita por avaliación farase a media aritmética entre estas probas.

Non se fará media con notas de probas escritas por debaixo de 1,5 puntos, dando por suspensa a avaliación.

Se ben, habendo máis dunha proba por avaliación e se existise unha notable diferenza entre a cantidade de materia que entra en cada unha destas probas a profesora ponderará, avisando previamente aos alumnos, cal é o valor ou peso respecto a cualificación da avaliación que ten cada unha destas probas.

Se o alumno non realizara algunha proba sen causa xustificada a nota desa proba será dun 0.

A realización fraudulenta dunha proba escrita (copiar...) conlevará unha cualificación de 0 en dita proba.

- Táboa de indicadores: a cualificación formarase coas notas en conxunto do traballo na aula, actividades de avaliación, proxectos de investigación e traballo no laboratorio, tendo un valor dun 40% da nota final.

A cualificación final será o resultado da media das tres avaliacións.

A cualificación final do alumnado se considerará positiva se acada 5 puntos sobre un total de 10 posibles.

### Criterios de recuperación:

Calquera alumno/a que teña unha avaliación non superada ou do seu total ten dereito a súa recuperación coa elaboración dunha proba escrita, onde só se terá en conta a cualificación desta proba e deberán superar unha cualificación de 5 puntos.

A todo o alumnado con algunha avaliación suspensa proporcionaráselle material de reforzo para axudarlle a súa recuperación.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

A recuperación da asignatura para o alumnado que a teña pendente consistirá en dúas fases:

Na primeira fase, ao alumnado iráselle proporcionando periódicamente diversas actividades dos distintos bloques temáticos para que vaian elaborando e entregando nas datas establecidas, as cales terán un valor dun 40% na nota final. Estas actividades serán correxidas pola profesora para levar a cabo un adecuado seguimento e detectar posibles erros.

Na segunda fase levarase a cabo unha proba escrita baseada naquelas actividades que elaboraron na primeira fase. O valor desta proba escrita será dun 60% da nota final.

A materia considerarase recuperada si a nota final é igual ou superior a 5.

### 6. Medidas de atención á diversidade

En caso necesario para atender ás distintas demandas educativas atopámonos con distintas medidas que van dende axudas concretas, que necesita o alumnado en determinados momentos para superar algunha dificultade, ata axudas permanentes e continuas ao longo da súa escolarización. Inicialmente contemplamos as seguintes medidas:

- Atención individual intensiva
- Subministración de material de apoio na aula
- Ampliación de tempo na realización de probas
- Tutorías durante os recreos

De ser insuficientes, as axudas serían, principalmente, o reforzo educativo e as adaptacións curriculares:

- O reforzo educativo é aquela medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, soe traducirse nun conxunto de actividades e estratexias destinadas a correxir as dificultades de aprendizaxe.
- As adaptacións curriculares son as modificacións que se realizan dende a programación en obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades, criterios e procedementos de avaliación para atender ás necesidades individuais.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.6 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Igualdade de xénero	X	X	X		X	X	X
ET.8 - Creatividade	X						X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Roteiros	Roteiros por espazos naturais		X	
Museo de Ciencias e Domus	Visita aos museos da coruña			X

### Observacións:

Tense previsto levar a cabo uns roteiros por espazos naturais co fin de inculcar hábitos de vida saudable e a visita aos museos da Coruña

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado
Empregáronse adecuadamente os instrumentos de avaliación
Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita
Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación
Metodoloxía empregada
Consegúuse a participación activa do alumnado
Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro de grupo
Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función da unidade a tratar
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe

Medidas de atención á diversidade
Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE
Elabóranse actividades atendendo á diversidade
Elabóranse probas escritas adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE
Clima de traballo na aula
Combínase traballo individual e en equipo
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Fomentouse un contacto contínuo coas familias
Fomentouse un enfoque multidisciplinar das tarefas

#### **Descrición:**

En base a unha revisión continua da programación, e a fin de ter unha avaliación positiva de todo o proceso docente e de ensino-aprendizaxe, deberemos valorar os citados indicadores de logro

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

Ao chegar a este punto, é imprescindible ter en conta que todo é susceptible de modificación, xa que a exposición teórica da programación ten que verse contrastada coa posta en práctica. Así, aínda sendo a Programación un instrumento que elabórase con vontade de permanencia no tempo, a necesidade de evitar que se reduza a mero formalismo burocrático, co fin de determinar a súa utilidade e validez e introducir os trocos e reelaboracións que se consideren necesarias, implica un proceso de avaliación continua.

Converter a programación nun instrumento útil e eficaz para a xestión e organización da praxe pedagóxica que de resposta e desenrole as finalidades educativas marcadas para un curso, esixe a previsión de mecanismos de autorregulación. Neste senso, o plan de avaliación da programación non é a sinxela medida dos resultados obtidos en relación cos obxectivos propostos, senón un elemento regulador do proceso educativo completo.

Xa durante o curso académico, a profesora debe detectar o grao no que os alumnos/as adquiren os contidos e os posibles fallos ou defectos da programación (desmotivación, significatividade da aprendizaxe, interese por outros aspectos menos tratados...). Todos estes son factores que hai que ter en conta á hora de avaliar a programación, co fin de mantela, melloralala e, en todo caso, reformala e adecuala para a completa consecución dos obxectivos. Así serán obxecto de avaliación: os obxectivos, contidos, metodoloxía, recursos e materiais, criterios de avaliación,....

Como proposta de mellora destaca a importancia de darlle á materia un carácter máis práctico, na medida do posible

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación física	1º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario



<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	7
4.1. Concrecións metodolóxicas	30
4.2. Materiais e recursos didácticos	33
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	34
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	34
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	35
6. Medidas de atención á diversidade	35
7.1. Concreción dos elementos transversais	36
7.2. Actividades complementarias	37
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	38
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	39
9. Outros apartados	39

## 1. Introducción

A presente programación didáctica da materia de Educación Física en 1º ESO ten como obxectivos principais consolidar un estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado perpetualo ao longo da súa vida a través da planificación autónoma e da autorregulación da súa práctica física e de todos os compoñentes que afecten a saúde.

A motricidade desenvolverase no seo de prácticas motrices con diferentes lóxicas internas, con obxectivos variados e en contextos de certeza e incerteza. A resolución de situacións motrices en diferentes espazos permitiralle ao alumnado afrontar a práctica motriz con distintas finalidades: lúdica, agonística, funcional, social, expresiva e comunicativa, creativa, catártica ou de interacción co medio urbano e natural.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá ex posto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos variados de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer e valorar diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Este coñecemento deberá dirixirse a comprender, entre outros, o lugar que ocupa o deporte nas sociedades actuais, así como as súas implicacións no ámbito económico, político, social e da saúde, como máxima representación da cultura motriz na actualidade.

Finalmente, continuarase insistindo na necesidade de convivir de maneira respectuosa co medio ambiente, desenvolvendo para iso actividades físico-deportivas en contextos variados e participando na súa organización desde formulacións baseadas na conservación e na sostibilidade.

No curso actual 1º de ESO está formado por un grupo de 20 alumnos. O grupo é numeroso e con alumnado diverso. No curso pasado todos superaron 6º de primaria, pero hai dous alumnos con exención de francés no curso actual debido ás súas dificultades na aprendizaxe. Hai un alumno con diagnóstico TEA e TDA, e outros dous con TDA.

Características das instalacións para desenvolver a materia nestes cursos:

Para as actividades da materia de Educación Física o centro dispón da posible utilización do Ximnasio, Pavillón Polideportivo, Piscina descuberta e Campo de Fútbol de herba artificial de titularidade do Concello.

- Características das instalacións e dispoñibilidade das mesmas.

As instalacións son moi boas e están a disposición do noso centro no período lectivo. Compartimos ditas instalacións entre as dúas profesoras de educación física de secundaria e co profesor de educación física de primaria

Características da contorna:

O C.P.I. Plurilingüe Antonio Orza Couto está situado no concello de Boqueixón, acolle a alumnado procedente do Concello, exceptuando o da parroquia de Lestedo que na súa inmensa maioría desprazase o C.P.I. de Vedra. O ámbito de influencia do centro ten un carácter eminentemente rural e con baixa densidade de poboación.

A maioría do alumnado escolarízase non noso Centro desde a Etapa de Educación Infantil ata a E.S.O., agás aqueles que proceden de parroquias con outros centros: C.R.A. de Boqueixón-Vedra en Camporrapado, Sergude, que se incorporan en 1º de Primaria. En Educación Infantil incorporase alumnado procedente das parroquias de Loureda (San Pedro), Lamas (Santa Marta), Vigo (Sata Baia), Gastrar (Santa Mariña), Boqueixón (San Vicente), A Granxa (San Lourenzo), Codeso (Santaia), Donas (San Pedro), Ledesma (San Salvador). Moito previamente matriculado na Escola Infantil Municipal Raiña Lupa da parroquia de Lestedo.

Historicamente, Boqueixón foi un concello de tradición agrícola-gandeira. Hoxe son tamén moi importantes as industrias de transformación de produtos agrícolas e gandeiros: queixerías, avícolas, hortalizas,... ó que se engaden a industria madeireira e mineira.

A nivel lingüístico, destaca o uso maioritario da lingua galega, segundo os últimos estudos realizados nas enquisas cas familias.

Lingua na que se imparte a materia no grupo é o galego

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

<b>Obxectivos</b>	<b>CCL</b>	<b>CP</b>	<b>STEM</b>	<b>CD</b>	<b>CPSAA</b>	<b>CC</b>	<b>CE</b>	<b>CCEC</b>
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, seleccionando e incorporando intencionalmente actividades físicas e deportivas nas rutinas diarias, a partir dunha análise crítica dos modelos corporais e do rexeitamento das prácticas que carezan de base científica para facer un uso saudable e autónomo do seu tempo libre e así mellorar a calidade de vida.	3		2-5	4	2-4			
OBX2 - Adaptar, con progresiva autonomía na súa execución, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións con dificultade variable, para resolver situacións de carácter motor vinculadas con distintas actividades físicas funcionais, deportivas, expresivas e recreativas e para consolidar actitudes de superación, crecemento e resiliencia ao enfrontarse a desafíos físicos.					4-5		2-3	
OBX3 - Compartir espazos de práctica físico-deportiva con independencia das diferenzas culturais, sociais, de xénero e de habilidade, priorizando o respecto entre os participantes e as regras sobre os resultados, adoptando unha actitude crítica ante comportamentos antideportivos ou contrarios á convivencia e desenvolvendo procesos de autorregulación emocional que canalicen o fracaso e o éxito nestas situacións, para contribuír con progresiva autonomía ao entendemento social e ao compromiso ético nos diferentes espazos nos que se participa.	5	3			1-3-5	3		
OBX4 - Practicar, analizar e valorar distintas manifestacións da cultura motriz aproveitando as posibilidades e recursos expresivos que ofrecen o corpo e o movemento, profundando nas consecuencias do deporte como fenómeno social e analizando criticamente as súas manifestacións desde a perspectiva de xénero e desde os intereses económico-políticos que o rodean, para alcanzar unha visión máis realista, contextualizada e xusta da motricidade no marco das sociedades actuais.		3				2-3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Adoptar un estilo de vida sostible e ecosocialmente responsable aplicando medidas de seguridade individuais e colectivas na práctica físico-deportiva segundo a contorna e desenvolvendo colaborativa e cooperativamente accións de servizo á comunidade vinculadas á actividade física e ao deporte, para contribuír activamente á conservación do medio natural e urbano.			5			4	1-3	

**Descrición:**

**3.1. Relación de unidades didácticas**

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	CONDICIÓN FÍSICA E SAÚDE	<p>Probas de valoración das capacidades físicas: resistencia aeróbica, forza, velocidade e flexibilidade.</p> <p>Control da intensidade do esforzo mediante a frecuencia cardíaca.</p> <p>Sistemas metabólicos de obtención de enerxía: anaeróbico e aeróbico.</p> <p>Características que deben ter as actividades físicas para ser consideradas saudables como: intensidade do esforzo, progresión na práctica, orientada ao proceso, satisfactoria, acorde coa idade e características persoais. Xogos e actividades de mellora da resistencia aeróbica, de forza xeral e flexibilidade . O quecemento: concepto e fases. A volta á calma como unha parte fundamental da sesión, valorando a súa importancia como medio de prevención de lesións.Práctica habitual de actividade físico deportiva e artístico expresiva na súa vida persoal e no contexto social actual. Prácticas que teñen efectos negativos para a saúde como o consumo de tabaco, alcol e outras drogas, o sedentarismo.</p>	20	14	X		
2	BAILO AO RITMO DA MÚSICA	<p>A través das técnicas desta unidade didáctica trátase de tener un maior coñecemento das posibilidades e limitacións de noso corpo, así como de establecer unha relación cos compañeiros mediante a expresión e a comunicación e a través do espacio e o tempo.</p>	10	8	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	APRENDEMOS PRIMEIROS AUXILIOS	<p>Coñecer as principais normas de prevención. PAS (cadea de supervivencia); protexer o lugar do accidente, alertar aos servizos de emerxencia (112 en toda a Unión Europea) e socorrer aos accidentados (a través da primeira e segunda valoración).</p> <p>A primeira valoración consiste en controlar a súa Consciencia; se responde a estímulos verbais ou dolorosos. Controlar se respira ver se hai movemento no tórax, oír (co oído próximo á boca e ao nariz do accidentado) e sentir (espiración do ferido) durante uns 10 segundos. A continuación, valorar o pulso un tempo máximo de 10 segundos. Ausencia de pulso e respiración debe realizarse a RCP</p> <p>RCP: abrir a vía aérea, manóbra fronte-queixo, iníciase a masaxe cardíaca, 30 compresións ao terminar dúas ventilacións logo volve repetir o ciclo completo, 30:2 ata que a vítima recupérese ou cheguen os servizos sanitarios.</p>	10	4	X		
4	PRACTICAMOS UN DEPORTE COLECTIVO: O BALONCESTO	<p>Dentro da progresión na iniciación ós deportes de equipo que vimos desenvolvendo, neste curso, onde xa atopamos un alumnado cuns coñecementos adquiridos fundamentalmente respecto á ocupación espacial, manexo de móbiles e relacións de cooperación e oposición con compañeiros e adversarios respectivamente, trataremos xa de proporcionar información acerca da importancia da técnica respecto a determinadas accións (adaptación e control, pase, lanzamento...) para lograr a eficacia, e incidiremos sobre todo no aprendizaxe táctico individual (toma de decisións: elección da mellor alternativa entre tódalas existentes, que antes deben ser percibidas).</p>	15	10		X	
5	ACROSPORT	<p>Nunha sociedade competitiva, é conveniente proporcionar ós alumnos e alumnas uns hábitos de traballo en equipo e cooperación entendida como aunar os esforzos cara un obxectivo común, nunha actitude sinérxica que, de non constar da implicación de todos e cada un dos membros do grupo, non se acadará para ningún deles.</p>	10	8		X	
6	XOGAMO O TENIS	<p>O tenis como deporte de cooperación-oposición en espazos separados e con participación alternativa dos xogadores, acheganos o manexo de móbiles mediante técnicas diferentes hasta as agora tratadas,</p>	15	10		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
6	XOGAMO O TENIS	cuales son os golpes e a súa complexidade. Trataremos de proporcionar información acerca da importancia da técnica respecto a determinadas accións (adaptación e control, pase..) para lograr a eficacia, e incidiremos sobre todo no aprendizaxe táctico individual (toma de decisións: elección da mellor alternativa entre tódalas existentes, que antes deben ser percibidas).	15	10		X	
7	INICIÁMONOS NUN DEPORTE ALTERNATIVO	Unidade motriz como traballo de práctica dun deporte para o desenvolvemento de resolución de problemas en situacións motrices e organización da práctica motriz.	10	8			X
8	ROTEIROS	A natureza ofrécenos multitude de recursos útiles para a realización de prácticas deportivas, pero as súas riquezas deben ser tratadas tamén como se merecen, polo que é necesario ter en conta a importancia do respecto e coidado cara o medio. Por isto a proposta de realizar sendeirismo para poder aplicar una actividade física no medio natural	5	2			X
9	NATACIÓN	Se as adquisición e mellora das condutas motrices é unha das dúas grandes finalidades da EF, esta actividade (polas condicións do medio no que se desenvolve) ofrece a posibilidade de lograr novas condutas motrices que van permitir ao alumnado unha mellor adaptación ao medio acuático.	5	6			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	CONDICIÓN FÍSICA E SAÚDE	14

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais	PE	10
CA1.1 - Establecer secuencias sinxelas de actividade física orientada ao concepto integral de saúde e ao estilo de vida activo, a partir dunha valoración do nivel inicial e respectando a propia realidade e identidade corporal.	Establecer secuencias sinxelas de actividade física		
CA1.2 - Comezar a incorporar con progresiva autonomía procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices, interiorizando as rutinas propias dunha práctica motriz saudable e responsable.	Comezar a incorporar os procesos de activación corporal, dosificación do esforzo, alimentación saudable, educación postural, relaxación e hixiene durante a práctica de actividades motrices,		
CA1.3 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Aprender a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.		
CA1.4 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos sociais teñen na nosa saúde e na convivencia,		
CA1.6 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando compromiso fronte ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia	TI	90
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices actuando con deportividade		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz,		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz,		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Adoptar medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física,		
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia,		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticos, gozando de maneira sostible,		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
CA3.1 - Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais recoñecendo o seu potencial, así como os seus riscos para o seu uso no ámbito da actividade física e do deporte.	Explorar diferentes recursos e aplicacións dixitais		
CA3.2 - Desenvolver proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo, establecendo mecanismos para reconducir os procesos de traballo.	Desenvolver proxectos motores de carácter individual		
CA3.3 - Interpretar contextos motrices variados e actuar correctamente aplicando principios básicos de toma de decisións en situacións lúdicas, xogos modificados e actividades deportivas a partir da anticipación, adecuándose ás demandas motrices, á actuación da compañeira ou do compañeiro e da persoa opoñente (se a houberse) e á lóxica interna en contextos reais ou simulados de actuación, reflexionando sobre as solucións e os resultados obtidos.	Interpretar contextos motrices variados		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Mostrar control e dominio corporal ao empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade de maneira eficiente e creativa, facendo fronte ás demandas de resolución de problemas en situacións motrices transferibles ao seu espazo vivencial con progresiva autonomía.	Mostrar control e dominio corporal da motricidade de maneira eficiente e creativa		
CA3.5 - Colaborar na práctica de diferentes producións motrices para alcanzar o logro individual e grupal, participando na toma de decisións e asumindo distintos roles asignados e responsabilidades.	Colaborar na práctica de diferentes producións motrices		
CA4.1 - Practicar unha gran variedade de actividades motrices controlando as emocións e as sensacións, valorando as implicacións éticas das actitudes antideportivas, evitando a competitividade desmedida e actuando con deportividade ao asumir os roles de público, participante ou outros.	Practicar unha gran variedade de actividades motrices		
CA4.2 - Facer uso con progresiva autonomía das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz, mostrando unha actitude crítica e un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e fronte a calquera tipo de violencia, facendo respectar o propio corpo e o dos demais.	Facer uso das habilidades sociais, do diálogo na resolución de conflitos e do respecto ante a diversidade de competencia motriz,		
CA4.3 - Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas segundo as súas características e requirimentos, evitando os posibles estereotipos de xénero ou capacidade ou os comportamentos sexistas vinculados ás devanditas manifestacións.	Analizar obxectivamente as diferentes actividades e modalidades deportivas		
CA6.1 - Adoptar de maneira responsable e con progresiva autonomía medidas xerais para a prevención de lesións antes, durante e despois da práctica de actividade física, aprendendo a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.	Aprender a recoñecer situacións de risco para actuar preventivamente.		
CA6.2 - Recoñecer e valorar a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia, valorando o seu impacto na contorna e evitando activamente a súa reprodución.	Recoñecer a incidencia que algunhas prácticas e comportamentos incívicos teñen na nosa saúde e na convivencia,		
CA6.3 - Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticas, gozando de maneira sostible, minimizando o impacto ambiental que estas poidan producir e sendo conscientes da súa pegada ecolóxica.	Participar en actividades físico-deportivas en contornas urbanas e naturais, terrestres ou acuáticas,		
CA6.4 - Practicar actividades físico-deportivas no medio natural e urbano aplicando normas de seguridade individuais e colectivas.	Practicar actividades físico-deportivas no medio natural		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Saúde física:
  - Taxa mínima de actividade física diaria e semanal, adaptando a intensidade da tarefa ás características persoais.
  - Alimentación saudable.
  - Educación postural: técnicas básicas de descarga postural e relaxación.
  - Musculatura lumbo-pélvica e a súa relación co mantemento da postura.
  - Coidado do corpo: quecemento xeral e específico autónomo.
  - Pautas para tratar a dor muscular de orixe retardada.
  - A hixiene como elemento imprescindible na práctica da actividade física e deportiva.
- Saúde social:
  - Efectos sobre a saúde de malos hábitos vinculados a comportamentos sociais.
  - Comportamentos violentos e incitación ao odio no deporte.
- Saúde mental:
  - Aceptación de limitacións e posibilidades de mellora ante as situacións motrices.
  - A actividade física como fonte de gozo, liberación de tensións, cohesión social e superación persoal.
- Toma de decisións:
  - Utilización consciente do corpo en función das características da actividade, contexto e parámetros espaciais nas que se desenvolve en situacións motrices individuais.
  - Pautas grupais para optimizar os recursos motrices do grupo para a resolución da acción/tarefa en situacións cooperativas.
  - Análise de movementos e patróns motores do adversario para actuar en consecuencia en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
  - Adaptación dos movementos propios ás accións do contrario en situacións de oposición.
- Capacidades perceptivo-motrices en contexto de práctica: integración do esquema corporal e dos diferentes aspectos coordinativos, espaciais e temporais en determinadas secuencias motrices e/ou deportivas.
- Capacidades condicionais: desenvolvemento das capacidades físicas básicas.
- Habilidades motrices específicas asociadas á técnica en actividades físico-deportivas.
- Creatividade motriz: resolución de retos e situacións-problema de forma orixinal, tanto individualmente coma en grupo.
- Xestión emocional: a tensión en situacións motrices, sensacións, indicios e manifestacións.
  - Estratexias de autorregulación colectiva do esforzo e a capacidade de superación para afrontar desafíos en situacións motrices.
  - Perseveranza e tolerancia á frustración en contextos físico-deportivos.
- Habilidades sociais: condutas prosociais en situacións motrices colectivas.
- Respecto ás regras: regras de xogo como elemento de inclusión social.

## Contidos

- Funcións de arbitraje deportiva.
- Identificación e rexeitamento de condutas contrarias á convivencia en situacións motrices.
- Deporte e perspectiva de xénero: promoción do deporte en igualdade, figuras masculinas e femininas do deporte galego.
- Respecto ás normas viarias en desprazamentos activos cotiáns para unha mobilidade segura, saudable e sostible.
- O uso da bicicleta como medio de transporte habitual.
- Análise do risco nas prácticas físico-deportivas no medio natural e urbano: medidas de seguridade en actividades das distintas contornas con posibles consecuencias graves nestes.
- Consumo responsable no ámbito da actividade físico-deportiva.
- Práctica de actividades físico-deportivas nas distintas contornas, coidando destas, como servizo á comunidade.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A Educación Física na educación secundaria ten un carácter motriz, práctico e vivencial que busca, entre outros obxectivos, incrementar a actividade física efectiva do alumnado.

Os diferentes modelos pedagóxicos constitúen unha ferramenta para materializar un desenvolvemento competencial, polo carácter participativo, creativo e de aprendizaxe que xeran no alumnado.

As situacións de aprendizaxe integran procesos orientados á adquisición da competencia motriz e as competencias clave, enfocándose desde diferentes perspectivas, articulando elementos plurais como: metodoloxías de carácter participativo, o tipo e a intención das actividades expostas, a organización dos grupos, a consolidación dunha autoestima positiva, autonomía, reflexión e responsabilidade ou a creación dunha conciencia de grupo-clase.

A metodoloxía exposta caracterizarase por ser, flexible, activa, integradora, participativa, lúdica, creativa e progresiva.

A continuación, abordamos a proposta metodolóxica a través dalgúns dos seus elementos, como son os estilos de ensino, a organización espazo-temporal, o coñecemento dos resultados/execución, as actividades, a estratexia na práctica e as rutinas.

#### 1. ESTILOS DE ENSINO

Os estilos de ensino móstrannos como se desenvolve a interacción profesor-alumnado no proceso de toma de decisións, e definen o papel de cada un nese proceso.

Na relación ensino-aprendizaxe non se pode considerar que un estilo sexa mellor que outro, xa que ningún deles aseguranos a consecución de todos os obxectivos a traballar na E.F.

Polo tanto, partindo da idea de que non existe un estilo de ensino ideal, chegamos á conclusión de que cada un ten un carácter propio que permite alcanzar obxectivos secundarios específicos deste.

Chegado o momento de decidirse por un determinado estilo de ensino, a súa selección farase en función de cal sexa o máis apropiado para a ensino-aprendizaxe dunha tarefa determinada. Así para as aprendizaxes técnicas e doutros contidos de similares características, utilizaremos estilos máis directivos; mentres que para aprendizaxes tácticas, de expresión corporal, e outros de similares características fomentaremos a creatividade a través de estilos baseados no descubrimento.

Darase o caso de que nunha mesma sesión se varíen os estilos de ensino utilizados dependendo de cada tarefa.

#### 2. ORGANIZACIÓN ESPAZO-TEMPORAL

##### AGRUPAMENTOS

En canto aos agrupamentos, a súa determinación viranos determinada polas tarefas que desenvolvamos. En principio, contemplamos a utilización de todo tipo de agrupamentos, dende o traballo individual (se é que se pode considerar como un agrupamento) xa que permite a individualización do ensino para adaptarse ao ritmo de

aprendizaxe do alumnado; ata o traballo en grupo clase, cando a importancia do contido o requira xa que favorecen o proceso de socialización, melloran as relacións persoais, o coñecemento mutuo, o respecto polos demais, tolerar os distintos puntos de vista e dominio motriz e melloran o rendemento. Pasando polo traballo por parellas, tríos e en pequeno grupo cando a actividade busque desenvolver a cohesión do grupo, así como a aprendizaxe de habilidades técnicas, entre outras.

#### UTILIZACIÓN DE ESPAZOS

Para levar a cabo as nosas intencións educativas non reduciremos o noso espazo de actuación á aula e ás instalacións deportivas que se nos asignen, senón que espremeremos ao máximo a utilización dos espazos dispoñibles no centro, co ánimo de descontextualizar o ensino da E.F. das instalacións deportivas, dando a entender ao alumnado a virtualidade do reduccionismo ao que se adoita someter á nosa materia, circunscibíndoa unicamente aos espazos "tradicionais". Por exemplo, para a realización de traballos en grupo de revisión bibliográfica, poderemos empregar a biblioteca do centro. Cando a busca de información requira un ámbito maior podemos utilizar a aula de informática para realizar buscas en internet e descubrir o tratamento que se lle dá á materia na rede. Por último tamén podemos utilizar a aula de informática para presentar ao alumnado aplicacións e ferramentas interactivas de autoavaliación da condición física e de adestramento que xa veñen implementadas en soporte informático.

#### OPTIMIZACIÓN DO TEMPO DE ACTIVIDADE

Para aprender unha tarefa e lograr un nivel de execución aceptable, o alumnado debe dispoñer dun tempo razoable para practicar a devandita actividade un número suficiente de veces.

O tempo que o alumnado dedica exclusivamente á práctica de actividade física é o que se coñece como tempo de actividade real. Para intentar incrementar na medida do posible o tempo de actividade real do alumnado, vanse ter en conta unha serie de consideracións prácticas para tal efecto, que a saber son:

Preparación da clase de educación física. Os preparativos previos á sesión adoitan seguir un protocolo cotián e repetitivo: acceder ao vestiario dende a aula, cambiarse de roupa, ir á pista ou ximnasio, pasar lista, regresar, asearse e volver cambiar de roupa. Para evitar a perda de tempo nesta fase motivaremos previamente o alumnado cara ás tarefas da sesión e limitaremos o tempo de estanza no vestiario.

Eficiencia no tempo dispoñible. O devandito tempo trataremos de optimizalo do seguinte xeito;

a) Claridade e brevidade nas explicacións das tarefas. Focalizaremos a atención nun ou dous aspectos que aseguren certas posibilidades de éxito nos primeiros intentos para non desbordar o alumnado con demasiada información e ademais, conseguir que se motiven polos primeiros éxitos alcanzados. Especial trato dedicaremos ás premisas de respecto mutuo e de seguridade nas tarefas, de cara a que o alumnado aprenda claramente o seu papel na prevención de riscos e na axuda ao compañeiro/a.

b) Rendibilidade na montaxe e recollida do material. Para evitar as perdas de tempo nesta faceta da sesión, aproveitaremos ao máximo os materiais que seleccionemos para a sesión. Ademais, designaremos ao inicio da sesión, ao alumnado responsable da colocación e recollida do material que se vaia utilizar. Naquelas sesións nas que se vaia traballar en circuíto e necesiten moito material, intentaremos na medida do posible, realizar a montaxe previamente á sesión.

c) Eficiencia na formación e transición dos agrupamentos. Para evitar as perdas de tempo que supoñen tanto o establecemento de agrupamentos, como a transición duns a outros, naquelas sesións nas que as actividades de ensino-aprendizaxe demanden continuos cambios de agrupamentos, secuenciaremos as mesmas de tal maneira que vaian seguidas todas as actividades individuais, logo por parellas, logo por cuartetos, etc., aproveitando o agrupamento anterior para facer o seguinte, de ser posible.

d) Optimización das partes da sesión. Aínda que diferentes autores propoñen varias divisións das sesións de E.F., podemos dicir que basicamente as sesións de educación física divídense en tres partes, a saber: posta en acción, parte principal e volta á calma. Nos puntos anteriores abordamos as pautas a seguir para evitar as perdas de tempo na parte principal da sesión, centrándonos agora nas outras dúas partes.

Para limitar as perdas de tempo na posta en acción, aproveitaremos esta para explicar o sentido da sesión, relacionala coa sesión previa, e transmitir a maior parte da información necesaria para a súa parte principal.

Na volta á calma, aproveitaremos o tempo de recuperación para recordar os puntos máis importantes traballados na parte anterior, repartiremos, no seu caso, as fichas de avaliación da sesión e motivaremos o alumnado para a sesión seguinte.

### 3. O COÑECEMENTO DOS RESULTADOS/EXECUCIÓN

Na actualidade ninguén dubida de que o coñecemento dos resultados constitúa un dos aspectos clave dentro do proceso de aprendizaxe motor. A súa importancia vén certificada por múltiples traballos de investigación que coinciden en afirmar o seu extraordinario valor dentro do proceso de aprendizaxe.

A progresión ao longo das etapas educativas debe ir dende un Coñecemento dos Resultados Extrínseco cara a un cada vez máis Intrínseco.

Nesta proposta de Programación, o Coñecemento dos Resultados abranguerá, en función do momento, tres tipos. Así, en certos contidos, como por exemplo os contidos máis técnicos, trataremos de utilizar o Coñecemento dos Resultados Concorrente. Tanto a través dunha transmisión verbal como táctil, procuraremos que o alumnado modele a súa execución técnica no mesmo momento de realizar a acción.

Naquelas situacións, nas que buscamos que a información teña unha incidencia positiva sobre as execucións posteriores, como no caso dun xesto técnico específico, utilizaremos o Coñecemento dos Resultados Inmediato. Nun principio, mediante unha transmisión verbal, e sempre que sexa necesario, a través dunha transmisión táctil ou visual.

E por último, trataremos de aumentar o protagonismo do Coñecemento dos Resultados Intrínseco, atrasando a administración da información durante un tempo, unha vez finalice a tarefa. Este Coñecemento dos Resultados Diferido, é propio da aprendizaxe dos comportamentos tácticos, onde, combinado con Estilos de Ensino baseados na Busca, preténdese proporcionar un maior protagonismo ao alumnado á hora de analizar a información e tomar decisións.

#### 4. ACTIVIDADES

A función das actividades é a de reforzar os contidos, grazas a elas o alumnado adquire os mesmos. Ademais, teñen unha función favorecedora do proceso de socialización.

Polo tanto, para cumprir coa súa función, utilizaremos diferentes tipos de actividades. As actividades de Diagnóstico utilizáremolas principalmente nas primeiras sesións de cada U.D. co obxectivo de levar a cabo a avaliación dos coñecementos previos do alumnado sobre os contidos a desenvolver. As actividades de Desenvolvemento que utilizaremos para desenvolver os contidos centrais das distintas UU.DD. Ligadas a estas actividades virán as de Síntese, nas cales trataremos de conseguir a aplicación dos contidos aprendidos, en situacións reais de práctica. Por último, seguindo a lóxica metodolóxica, levaremos a cabo as actividades de Avaliación, coas que pretendemos comprobar o nivel de adquisición de contidos desenvolvido polo alumnado. Non debemos esquecer, que dada a heteroxeneidade do alumnado, os ritmos de aprendizaxe son individuais, polo tanto teremos preparados dous tipos máis de actividades; as de Reforzamento, que utilizaremos con aquel alumnado cuxo ritmo de aprendizaxe sexa máis lento que o do grupo de referencia; e as de Ampliación, que utilizaremos con aquel alumnado que presenta un dominio importante do contido dende un principio, ou cuxo ritmo de aprendizaxe está por riba do grupo de referencia.

#### 5. ESTRATEXIA NA PRÁCTICA

A estratexia na práctica que utilizaremos dependerá do tipo de contido e da tarefa que deseñamos, así como do seu obxectivo.

Así por exemplo, para as actividades de avaliación inicial, deseñadas para a primeira sesión de cada U.D., con carácter xeral, a estratexia será de tipo global, onde se implique o maior número de habilidades, fundamentos e coñecementos posible para poder facernos unha idea xeral do nivel de coñecemento inicial do noso alumnado no devandito contido.

Para aquelas tarefas onde o obxectivo perseguido sexa entre outros unha aprendizaxe técnica, a estratexia a utilizar será máis analítica. Por exemplo a aprendizaxe dun xesto técnico, comezará cunha aproximación analítica ao mesmo descompoñéndoo en diferentes partes secuenciadas segundo os segmentos corporais implicados no xesto.

Por último, para os pasos intermedios entre as aprendizaxes máis analíticas e as máis globais, utilizaremos estratexias sintéticas que nos permitan avanzar na aprendizaxe de todo tipo de contidos.

Hai que dicir, que as estratexias utilizadas poden presentarse de forma tanto simultánea como secuencial dentro da mesma sesión. Así mesmo, pódense utilizar en ambos os dous sentidos, é dicir, podemos partir dunha estratexia global para rematar cunha aprendizaxe máis analítica, ou viceversa, podemos partir dunha estratexia máis analítica para rematar cunha máis global.

## 6. RUTINAS

Para favorecer o bo funcionamento das sesións, e coa intención de optimizar ao máximo o tempo de práctica efectivo por parte do alumnado que redunde nunha maior aprendizaxe por parte destes, establécense unha serie de rutinas.

**Entrada e Saída da aula:** A entrada á aula será o máis puntual posible, establecéndose unha marxe de 5 minutos entre o toque do timbre e a entrada na aula de educación física (pavillón, pista, etc) correspondente. A saída da mesma non se producirá ata que toque o timbre.

**Cambio de Roupa:** O alumnado, nada máis acceder á instalación que así o requira, procederá sen demora ao cambio da roupa necesaria para realizar a sesión, sempre e cando este sexa necesario.

**Hábitos Hixiénicos:** Distinguiremos entre aseo e ducha. Entendemos por aseo o secado da sudoración e o cambio de roupa. Para iso o alumnado contará con 5 minutos. O alumnado que mostre a súa intención de ducharse, debe advertilo ao profesorado antes de iniciar a clase, cedéndoselle os últimos 7 minutos da sesión.

**Recollida do Material:** O material utilizado na sesión será recollido por quedas polo alumnado participante na sesión a excepción de, se é o caso, o alumnado que se vaia duchar.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Material dispoñible para levar a cabo o desenvolvemento das unidades didácticas deste curso
Materiais de consulta de elaboración propia
Aulas virtuais de aprendizaxe
Equipos informáticos
Redes sociais, aplicacións.
Material bibliográfico na biblioteca.

Os materiais e recursos utilizados serán variados. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque participativo, comunicativo e comprensivo.

Os materiais didácticos con que conta o departamento de educación física para desenvolver a programación son os seguintes: atletismo ( 4 martelos, 2 testigos para relevos, 2 discos), balóns: balonman ( 12), fútbol (15), baloncesto (10), voleibol (8), Béisbol (3 bates y 2 pelotas), Rugby (2), Raquetas tenis (20 raquetas y 20 pelotas despresurizadas y 20 con presión), Bádminton ( 25 raquetas y 3 botes de volantes), Floorball (20 sticks y 20 pelotas), Lacrosse (12 palos y 6 pelotas), Balons blandos (8), Indiacas (20 e 5 recambios), frisbees (10), cuerdas pequenas (26), cuerdas grandes (2), inchadores (2), conos (15), setas (30), petos (30), cronómetros (3), cinta métrica (1), micrófono (1), ordenador (1), aparato música (1), altofalantes (1).

En canto aos recursos didácticos cos que contamos para desenvolver a programación didáctica son:

a aula virtual do centro (moodle) así como vídeos para ás explicacións, apuntes do profesor e aplicacións como (JuegosEF , Nike Training, Strava, spottify, Dafis, Poscats), artigos de periódicos e tamén mobiles para elaboración de vídeos e genially e power point para a presentación de traballos.

Instalacións, as clases de Educación Física teñen lugar nas instalacións de titularidade do Concello, que son: pavillón polideportivo, campo de fútbol herba artificial, ximnasio, pistas exteriores de secundaria , as pistas exteriores do recinto de primaria e a piscina, todas atópanse ao lado do Centro, así como a contorna do centro para actividades no medio natural ( carreiras, marchas en bicicleta, marchas nórdicas, orientación etc.

En canto a material bibliográfico temos algúns libros na biblioteca que poden consultar para traballos ou preparación de exames. Non hai libro da materia.



## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>20</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>10</b>	<b>5</b>	<b>5</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	10	0	20	10	0	15	15	0	0	<b>9</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	90	100	80	90	100	85	85	100	100	<b>91</b>

### Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación son o resultado da avaliación sumativa expresados en forma numérica. Resume o xuízo do profesor en relación co nivel de logro dos obxectivos previstos na programación didáctica polo tanto, os criterios de cualificación do alumnado serán un conxunto de factores a ter en conta:

A Programación Didáctica consta de 9 UD. As UU.DD. están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1, 2 e 3 impartiranse no primeiro trimestre cun peso total do 34%; a 4, 5 e 6 impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 34%, e a 7, 8 e 9 impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 32%. No número de sesións asignado a cada UD contémpanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD establecerase función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 45%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

A cualificación de cada avaliación obterase do sumatorio dos seguintes tres apartados:

- A parte práctica terá un valor dun 40 %,
- A parte teórica dun 20 % que no caso de non se realizar, sumarase á parte práctica.
- Outro 40 % restante, corresponderá a asistencia, a puntualidade, así como levar a roupa e calzado adecuado para a práctica.

A cualificación de cada trimestre, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada UD impartida no trimestre.

A cualificación da avaliación previa á avaliación final da materia, obterase calculando a media aritmética ponderada das cualificacións obtidas en cada avaliación trimestral.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata .4 cara abaixo e dende .5 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación de 4,5 ou superior.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas escritas, como observación directa por parte da persoa docente. As probas escritas poderán ser exames tipo test, de resposta curta ou de desenvolvemento. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación

directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc.

Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

### **Criterios de recuperación:**

Para recuperar as UU.DD. non superadas:

Rematada a UD proporase ao alumnado que non a superou, actividades de recuperación, supervisadas, avaliadas e cualificadas por observación directa nunha sesión previo acordo profesor/a - alumno/a. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas. De non superala, quedará pendente de recuperar, sempre e cando o alumnado non supere o trimestre, neste último caso a UD darase por superada.

Para recuperar a avaliación trimestral:

O alumnado deberá recuperar so as UU.DD. que non teña superadas. O profesorado propondrá actividades de recuperación ao alumnado supervisadas, avaliadas e cualificadas por observación directa nunha ou varias sesións previo acordo profesor/a - alumno/a. Segundo as circunstancias, poderanse propor a realización de probas escritas.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado de 1º ESO que fora promocionado desde o curso anterior coa materia sen superar deberá seguir un plan de reforzo destinado á súa recuperación e á súa superación. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia do alumno ou alumna, e baixo as directrices deste departamento didáctico, así como co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumna ou alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O plan de reforzo entregarase a cada alumno ou alumna coa materia pendente ao longo do mes de setembro, unha vez iniciado o curso e terá que conter a seguinte información:

- Identificación da alumna ou do alumno.
- Información relevante sobre a materia sen superar.
- Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- Seguimento e avaliación.
- Acreditación da información á familia.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Atendendo á Orde do 8 de setembro que desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, adoptaranse as medidas de carácter ordinario e extraordinario que se consideren oportunas e axeitadas ao alumnado.

Con carácter xeral, para adecuarse aos diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades, contéplanse actividades de reforzo e ampliación con tempos flexibles e aprendizaxe cooperativa en grupos heteroxéneos.

Ademais do diferente ritmo de aprendizaxe do alumnado e o nivel de competencia motriz, os casos máis frecuentes na materia de Educación Física que necesitan unha atención á diversidade son:

Alumnado repetidor (coa materia aprobada / coa materia suspensa). Este alumnado, maioritariamente coa materia superada, pode colaborar co profesorado en actividades de microensinanza participando como alumno avantaxado en determinados contidos. Esa actuación será valorada polo profesorado con táboas de indicadores específicas.

Alumnado con diferente nivel de competencia motriz. Ao alumnado que teña baixo nivel de competencia motriz nos contidos dalgunha/s unidade/é didáctica/s, realizaránselle apoios e reforzos para favorecer tanto a súa práctica como a súa aprendizaxe. De ser necesario, adaptaráselle os tempos e os procedementos de avaliación.

Alumnado lesionado ou incapacitado temporalmente para realizar a práctica. No caso deste alumnado con necesidades educativas especiais poñeranse en marcha os apoios e as atencións educativas específicas necesarias para a consecución dos obxectivos de aprendizaxe. Nestes casos, asignarase un rol en función da UD que garanta que participa e logra os obxectivos fixados: avaliador, xuíz/árbitro e axudante serán os roles máis utilizados. A avaliación da súa práctica realizarase a través de táboas de indicadores específicas. A este alumnado, de ser o caso, en función das súas necesidades de atención á diversidade adaptaráselle tanto os tempos como os procedementos de avaliación. En todo caso, evitarase que se limite a tomar nota da sesión.

Alumnado que promociona coa materia sen superar. Neste caso elaborárase un Plan de reforzo adaptado ás súas particularidades. De todos os apartados do plan, destacamos as tarefas para realizar e a súa temporalización, así como os procedementos de seguimento e avaliación.

Por outro lado, no caso do alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis lento podemos poñer en marcha:

- Adaptacións metodolóxicas en canto ao estilo de ensinanza: empregar formas de organizar a clase individualizadas, realización de grupos de nivel naquelas actividades que así o requiran, etc...

- Adaptacións metodolóxicas en canto á técnica de ensinanza: comunicar só os aspectos máis importantes do modelo, presentar o modelo de forma máis personalizada. Procurar deseñar actividades diferentes para traballar un mesmo contido...

- Adaptacións metodolóxicas en canto ás estratexias pedagóxicas: apoio verbal, visual, manual, ampliación do tempo para alcanzar un determinado contido (polo que se establecerán progresións máis próximas á súa aptitude física). Reforzo permanente dos logros acadados para elevar a súa autoestima-autoconcepto, creación dun clima na aula na que o alumno/a non tema expresar as súas dificultades. Simplificación das actividades e adaptación das regras de xogo.

En canto ao alumnado cun ritmo de aprendizaxe máis rápido, podemos:

- Plantexar actividades de ampliación que lles permitan profundar nos diversos contidos alcanzando obxectivos superiores.

- Implicar a este alumnado en programas de acción tutorial con compañeiros/as que teñan dificultades na súa aprendizaxe.

No caso de ser necesarias medidas extraordinarias de atención á diversidade unha vez esgotadas as de carácter ordinario, seguiranse as indicacións establecidas na normativa vixente, coa colaboración do departamento de orientación do centro.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL Y ESCRITA	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	X							
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - COMPRENSIÓN DE LECTURA	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL Y ESCRITA	X
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITU CRÍTICO E CIENTÍFICO	
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
PARTICIPAR NAS CELEBRACIONES COMO O SAMAGOSTO, ENTROIDO. DÍA DA PAZ, etc	Nas celebracións sempre haberá actividades motrices , no Samagosto haberá xogos populares para todo o alumnado, Día da Paz cunha coreografía de todo o centro,			
PATINAXE SOBRE XEO	Saída a Santiago de Compostela , as datas serán entre o mes de decembro e o mes de febreiro.			
ROCODROMO INDOORWALL	Saída a Santiago de Compostela , datas durante o segundo trimestre			
VISITA AO CEE MANUEL LÓPEZ NAVALÓN,	Xornada de convivencia co alumnado de educación especial ( TEA, parálisis cerebral entre o largo abanico de patoloxías que poseé o alumnado deste centro)			
CELEBRACIÓN DO DÍA DA DISCAPACIDADE	Celebración dunhas xornadas sobre diversidade cunha mesa redonda e unha carreira de obstáculos, virán varias asociacións e colexios. CEE Navalon, Aspamite, Down Compostela entre outros			
CELEBRACIÓN DO DÍA DA ACTIVIDADE FÍSICA	consistirá nunha carreira solidaria e participará, todo o centro desde infantil a 4º da ESO, con diferentes distancias por cursos			
CELEBRACIÓN DÍA DA OBESIDADE	faremos un lidpub sobre hábitos saudables, desde infantil a 4º ESO			
ROTEIROS ECOLÓXICO DIDÁCTICOS	Unha das rutas podería ser Camelle-Laxe ou outra ruta similar			

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
ACTIVIDADE DE VELA	Realizarase no terceiro trimestre, no Porto do Freixo			
XORNADA DE PROMOCIÓN DE DISTINTOS DEPORTES	Esgrima, Bádminton, Fútbol Gaélico etc			
CONFERENCIAS IMPARTIDAS POR DISTINTOS ESPECIALISTAS	Deportistas de alto nivel, nutricionistas, especialistas 061, Asociaciones de personas con discapacidade			
NOVA JUMP	SAÍDA a Santiago de Compostela, so longo do curso			
OBRADOIROS DE NUTRICIÓN	No propio centro e fora da contorna			
XOGADE	O centro participará en diversos deportes dentro do programa Xogade			

#### Observacións:

Todas os obxetivos propostos, non só empregamos as clases, senón tamén tódalas actividades complementarias e extraescolares que se adxuntan, xa que somos conscientes da limitación que para nos supón a escasez de horas de clase, por isto tamén utilizamos as clases como un elemento de introducción e fomento do interese do propio alumnado, que será quen teña que crear un plan de prioridades para a súa vida futura a raíz do que nos sexamos capaces de proporcionarlle en tan pouco tempo.

Todas esta actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE.
TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE.
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN.

#### Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Farase un análise dos resultados obtidos na avaliación final.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.

#### DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase.

#### MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias.

#### INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:

Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado terá unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propónse facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.
- Unha vez ao mes, na reunión do departamento, realizarase o seguimento da programación didáctica e estableceranse as medidas correctoras que, de ser o caso, se estimen necesarias.
- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de UU.DD. impartidas no trimestre.
- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Educación plástica, visual e audiovisual	1º ESO	2	70

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	16
6. Medidas de atención á diversidade	17
7.1. Concreción dos elementos transversais	17
7.2. Actividades complementarias	19
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	20
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	21
9. Outros apartados	21



## 1. Introducción

Esta programación está pensada para ser levada á práctica nun CPI situado nunha zona rural que está situada entre Santiago de Compostela e o Val do Ulla: o concello de Boqueixón. Ten unha poboación en torno aos 4200 habitantes, agrupados en 14 parroquias, das que procede a maioría do alumnado. No centro impártense Educación Infantil, Educación Primaria e Educación Secundaria e a gran maioría do alumnado comenzou no centro na Educación Infantil. Asemade o centro pon a disposición do alumnado os servizos complementarios de comedor e tamén o de transporte escolar. O grupo de 1º ESO deste curso escolar, está composto por 21 alumnos e alumnas con idade de 12 anos.

A Educación Plástica, Visual e Audiovisual impártese en todos os centros de Secundaria de Galicia, xa que forma parte da etapa obrigatoria, polo que ten unha grande importancia como substrato dunha curiosidade e interese futuros polas distintas manifestacións plásticas. Para moitos alumnos, 1º da ESO é a súa primeira experiencia con certas técnicas gráfico-plásticas, ferramentas e procedementos. Tamén cun profesor especialista da materia, polo que é necesario que lles sirvamos de acicate e os estimulemos para despertar a súa creatividade, sen prexuízos nin vergoña, ó mostrar o seu proceso creativo e o traballo plástico finalizado ao resto do alumnado e aos docentes.

A educación artística é unha actividade imprescindible no desenvolvemento das persoas. A experimentación coas artes plásticas, visuais e audiovisuais fomenta a exploración e coñecementos propios e promove a imaxinación así como a capacidade para crear respostas múltiples, en linguaxes propios, a diferentes necesidades. Así mesmo, a actividade artística implica un grao alto de interacción co grupo onde o traballo propio e alleo, individual e en grupo, serven para fomentar o debate e aprender a aprender.

O estudo da imaxe nos diferentes medios (a súa historia, as tipoloxías, as técnicas de creación, etc.) convértese nun dos fíos principais da materia de Educación Plástica, Visual e Audiovisual. Foméntase a experimentación e a creación de imaxes bidimensionais e tridimensionais en diferentes medios de xeito que o alumnado tome contacto con técnicas e medios tradicionais así como cos medios tecnolóxicos e dixitais, explorando as cualidades expresivas da cada un deles.

Preténdese que, partindo dunha base común de conceptos, o alumnado traballe e experimente co emprego das diferentes linguaxes visuais e audiovisuais realizando as súas propias producións plásticas e audiovisuais. Procurase que adquira os coñecementos e as destrezas básicas para afrontar a análise crítica da imaxe visual e audiovisual como elemento de comunicación. É unha materia que colabora amplamente no fomento do espírito crítico do alumnado ante as imaxes con diferentes funcións comunicativas e moi especialmente ante a imaxe publicitaria.

No primeiro da ESO dá continuidade á educación artística recibida polo alumnado nas etapas anteriores, facilitándolle: seguir afondando no coñecemento, interpretación e valoración crítica das imaxes en todas as súas funcións; potenciar o coñecemento e o respecto polo patrimonio cultural e artístico e a súa posta en valor; poñer en práctica da expresividade propia mediante a realización de producións individuais e colectivas.

A materia está deseñada a partir de oito obxectivos que saen dos obxectivos xerais da etapa e das competencias que configuran o perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, en especial dos descritores da competencia en conciencia e expresión culturais, aos que se engaden aspectos relacionados coa comunicación verbal, a dixitalización, a convivencia democrática, a interculturalidade ou a creatividade. Ten un enfoque eminentemente práctico o que leva a que o alumnado se inicie na produción artística sen necesidade de dominar as técnicas nin os recursos, e que vaia adquirindo estes coñecementos en función das necesidades derivadas da súa propia produción.

Os criterios de avaliación e os contidos artículanse en catro bloques. O primeiro leva por título «Patrimonio artístico e cultural» e inclúe contidos relativos aos xéneros artísticos e ás manifestacións culturais máis destacadas. O segundo, denominado «Elementos formais da imaxe e da linguaxe visual. A expresión gráfica», abrangue os elementos, principios e conceptos que se poñen en práctica nas distintas manifestacións artísticas e culturais como forma de expresión. O terceiro bloque, «Expresión gráfico-plástica e técnica: fundamentos e procedementos», comprende tanto os procedementos gráfico-plásticos como as distintas operacións técnicas ademais dos factores e as etapas do proceso creativo e unha introdución aos sistemas de representación máis importantes. Inclúese tamén unha introdución á xeometría plana e aos sistemas de representación. Por último, o bloque «Imaxe e comunicación visual e audiovisual» incorpora os contidos relacionados coas linguaxes, as finalidades, os contextos, as funcións e os formatos da comunicación visual e audiovisual.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Comprender a importancia que tiveron no desenvolvemento do ser humano algúns exemplos seleccionados das distintas manifestacións culturais e artísticas, amosando interese polo patrimonio como parte da propia cultura, para entender como se converten no testemuño dos valores e das convicións de cada persoa e da sociedade no seu conxunto, e para recoñecer a necesidade da súa protección e da súa conservación.	1	3			3	1-2		1
OBX2 - Explicar as producións plásticas, visuais e audiovisuais propias, comparándoas coas dos seus iguais e con algunhas das que conforman o patrimonio cultural e artístico, xustificando as opinións e tendo en conta o progreso desde a intención ata a realización, para valorar o intercambio, as experiencias compartidas e o diálogo intercultural, así como para superar estereotipos.	1				1-3	1-3		1-3
OBX3 - Analizar diferentes propostas plásticas, visuais e audiovisuais, amosando respecto e desenvolvendo a capacidade de observación e interiorización da experiencia e da satisfacción estética, para enriquecer a cultura artística individual e alimentar o imaxinario propio.	1-2			1	4	1-3		2
OBX4 - Explorar as técnicas, as linguaxes e as intencións de diferentes producións culturais e artísticas, analizando, de forma aberta e respectuosa tanto o proceso como o produto final, a súa recepción e o seu contexto, para descubrir as posibilidades que ofrecen como fonte xeradora de ideas e respostas.	2	3		1-2	3	3		2
OBX5 - Realizar producións artísticas individuais ou colectivas con creatividade e imaxinación, seleccionando e aplicando ferramentas, técnicas e soportes en función da intencionalidade, para expresar a visión do mundo, as emocións e os sentimentos propios, así como para mellorar a capacidade de comunicación e desenvolver a reflexión crítica e a autoconfianza.	2			5	1-3-4	3	1-2	3-4
OBX6 - Apropriarse das referencias culturais e artísticas da contorna, identificando as súas singularidades, para enriquecer as creacións propias e desenvolver a identidade persoal, cultural e social.	2			1	3	1		3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX7 - Aplicar as técnicas, os recursos e as convencións principais das linguaxes artísticas, incorporando de forma creativa as posibilidades que ofrecen as tecnoloxías, para as integrar e enriquecer o deseño e a realización dun proxecto artístico.	2-3		3	1-5		1-3		4
OBX8 - Compartir producións e manifestacións artísticas, adaptando o proxecto á intención e ás características do público destinatario, para valorar distintas oportunidades de desenvolvemento persoal.	1		2-3	3	3-5		3	4

### Descrición:

#### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	A linguaxe visual e os seus elementos básicos e de configuración.	Punto, liña e plano. Forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas dos elementos visuais. Recursos para expresar sentimentos e sensacións a través da linguaxe visual.	10	8	X		
2	As distintas manifestacións artísticas. Valoración da perspectiva de xénero e o patrimonio. Os xéneros artísticos.	Manifestacións culturais e artísticas clave ao longo da historia, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: análise dos seus aspectos formais e do seu contexto histórico, incorporando ademais a perspectiva de xénero. Xéneros artísticos e evolución ao longo da historia da arte.	15	10	X	X	X
3	Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións, secas e húmidas.	Uso e características das técnicas planas, secas e húmidas e a súa utilidade na expresividade artística.	10	8	X	X	X
4	Trazados xeométricos básicos e as súas aplicacións.	Introdución aos trazados xeométricos básicos: ángulos, triángulos, polígonos regulares e irregulares, teorema Thales, proporcionalidade, construción dun polígono nun número calquera de partes iguais, elementos notables...	10	8	X	X	
5	Os sistemas de representación. Vistas diédricas.	Introducción ós sistemas de representación: sistema diédrico. Nocións básicas da súa metodoloxía.	7	4		X	
6	O volume como experiencia expresiva.	Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións.	10	7		X	
7	A linguaxe visual e as súas funcións e tipoloxías.	Función informativa, comunicativa, expresiva e estética. A imaxe fixa,	12	9		X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	A linguaxe visual e as súas funcións e tipoloxías.	secuenciada e en movemento. Formatos analóxicos e dixitais das imaxes.	12	9		X	X
8	A banda deseñada	Imaxe fixa: a linguaxe da banda deseñada. Orixe, evolución e exemplos significativos.	14	10			X
9	A fotografía	Imaxe secuencial: posibilidades expresivas da fotografía. Orixe, inicios evolución e características.	12	6			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	A linguaxe visual e os seus elementos básicos e de configuración.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións culturais e artísticas.	Valorar as principais linguaxes das producións creativas.	TI	100
CA2.2 - Expresar ideas e sentimentos en diferentes producións plásticas e visuais a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes.	Experimentar minimamente, para despois elixir os recursos técnicos máis axeitados, co gallo de achegarse aos fins expresivos buscados.		
CA2.3 - Realizar diferentes tipos de producións artísticas individuais ou colectivas, integrando racionalidade, empatía e sensibilidade, e seleccionando as técnicas e os soportes adecuados ao propósito.	Crear producións artísticas, dun xeito individual ou colectivo, coas técnicas máis idóneas para mostrar a integración de racionalidade, empatía e sensibilidade.		
CA2.4 - Desenvolver producións e manifestacións artísticas cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Acadar solucións creativas lóxicas a unha premisa, dun xeito individual ou colectivo.		
CA2.5 - Utilizar con creatividade referencias culturais e artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio, como base para acadar novas solucións creativas axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A linguaxe visual como forma de comunicación.</li> <li>- Elementos básicos da linguaxe visual: o punto, a liña e o plano. Calidades expresivas e comunicativas.</li> <li>- Elementos de configuración visual: forma, cor e textura. Conceptos e posibilidades expresivas.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
2	As distintas manifestacións artísticas. Valoración da perspectiva de xénero e o patrimonio. Os xéneros artísticos.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións plásticas, visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade, con interese e respecto, desde unha perspectiva de xénero.	Entender, dun xeito básico, como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	TI	100
CA1.2 - Valorar a importancia da conservación do patrimonio cultural e artístico universal e galego a través do coñecemento e a análise guiada de obras de arte.	Entender minimamente a orixe, a repercusión e a importancia do noso propio patrimonio para poder entender o patrimonio cultural e artístico universal.		
CA1.3 - Describir propostas plásticas, visuais e audiovisuais de diversos tipos e épocas, analízalas con curiosidade e respecto desde unha perspectiva de xénero.	Interpretar, utilizando a linguaxe visual, o contexto sociopolítico e histórico baixo o que unha obra de arte está creada, para entender a perspectiva de xénero que condiciona a obras e artistas ao longo da historia da arte.		
CA1.4 - Entender a súa pertenza a un contexto cultural concreto, a través da análise dos aspectos formais e dos factores sociais que determinan diversas producións culturais e artísticas actuais.	Discriminar e entender minimamente os distintos contextos culturais e históricos e como estes inflúen nas obras de arte correspondentes, tendo en conta os factores sociais e formais que os condicionan.		
CA1.5 - Analizar, de forma guiada, diversas producións artísticas, incluídas as propias e as dos seus iguais, desenvolvendo con interese unha mirada estética cara ao mundo e respectando a diversidade das expresións culturais.	Valorar as distintas producións artísticas, tamén as creadas na aula, sendo minimamente críticos, curiosos e respectuosos coas múltiples solucións creativas dos distintos contextos culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os xéneros artísticos máis destacados.</li> <li>- Manifestacións culturais e artísticas máis importantes, incluídas as contemporáneas e as pertencentes ao patrimonio local: os seus aspectos formais e a súa relación co contexto histórico.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
3	Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións, secas e húmidas.	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Amosar un mínimo de iniciativa ao experimentar coas distintas técnicas e linguaxes expresivas para xerar mensaxes propias.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito mínimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en dúas dimensións. Técnicas secas e húmidas. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
4	Trazados xeométricos básicos e as súas aplicacións.	8

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	TI	100

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Os sistemas de representación. Vistas diédricas.	4

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos. Introducción aos sistemas de representación: vistas diédricas.

UD	Título da UD	Duración
6	O volume como experiencia expresiva.	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes gráficos e visuais, así como os seus procesos e os resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos, procurando e analizando a información con interese e eficacia.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.	TI	100
CA3.2 - Expresar conceptos, ideas e sentimentos en diferentes producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, a través da experimentación con diversas ferramentas, técnicas e soportes, desenvolvendo a capacidade de comunicación e a reflexión crítica.	Saber elixir as técnicas necesarias, dun xeito básico, despois de experimentar con elas, para ser quen de comunicar os sentimentos e ideas requiridos, desenvolvendo certa reflexión crítica.		
CA3.3 - Experimentar con distintas técnicas bidimensionais e tridimensionais na xeración de mensaxes propias, amosando iniciativa no emprego de linguaxes, materiais, soportes e ferramentas.	Amosar un mínimo de iniciativa ao experimentar coas distintas técnicas e linguaxes expresivas para xerar mensaxes propias.		
CA3.4 - Desenvolver producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.		
CA3.5 - Expor os procesos de elaboración e o resultado final de producións gráfico-plásticas, tanto artísticas como técnicas, realizadas de forma individual ou colectiva, recoñecendo os erros, procurando as solucións e as estratexias máis adecuadas para as mellorar.	Explicar, dun xeito minimamente lóxico e organizado, os procesos e o resultado das producións gráfico-plásticas, reflexionando sobre os erros e procurando outras solucións máis axeitadas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos



<b>Contidos</b>
- Técnicas básicas de expresión gráfico-plástica en tres dimensións. O seu uso na arte e as súas características expresivas.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	A linguaxe visual e as súas funcións e tipoloxías.	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Entender como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Valorar as principais linguaxes das producións creativas.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio, como base para acadar novas solucións creativas axeitadas.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa, de xeito individual ou colectivo.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.
- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
8	A banda deseñada	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Entender como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Valorar as principais linguaxes das producións creativas.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio como base para acadar novas solucións creativas axeitadas.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Acadar solucións creativas lóxicas a unha premisa, dun xeito individual ou colectivo.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.
- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.

UD	Título da UD	Duración
9	A fotografía	6

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.1 - Recoñecer os factores históricos e sociais que rodean as producións visuais e audiovisuais máis relevantes, así como a súa función e a súa finalidade.	Entender como o feito artístico ven condicionado por factores históricos e sociais e, do mesmo xeito, comprender tamén a perspectiva de xénero baixo o que está creado.	TI	100
CA4.2 - Recoñecer os trazos particulares de diversas técnicas e linguaxes visuais e audiovisuais, así como os seus distintos procesos e resultados en función dos contextos sociais, históricos, xeográficos e tecnolóxicos.	Saber recoñecer minimamente as particularidades das distintas técnicas e linguaxes artísticas, en función dos distintos contextos, buscando a información e analizándoa con eficacia.		
CA4.3 - Analizar de xeito guiado as especificidades das linguaxes de diferentes producións visuais e audiovisuais.	Valorar as principais linguaxes das producións creativas.		
CA4.4 - Utilizar con creatividade referencias culturais y artísticas da contorna na elaboración de producións propias.	Apoiarse, en maior ou menor medida, en referencias do propio patrimonio como base para acadar novas solucións creativas axeitadas.		
CA4.5 - Desenvolver producións e manifestacións visuais cunha intención previa, de forma individual ou colectiva.	Ser quen de desenvolver producións gráfico-plásticas sinxelas, respondendo a unha premisa de xeito individual ou colectivo.		
CA4.6 - Recoñecer os usos e as funcións das producións e das manifestacións artísticas, cunha actitude aberta e con interese por coñecer a súa importancia na sociedade.	Manter unha actitude minimamente aberta e mostrar interese recoñecendo as principais funcións das diferentes manifestacións artísticas e a súa importancia na sociedade.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- A linguaxe e a comunicación visual. Finalidades: informativa, comunicativa, expresiva e estética. Contextos e funcións.</li> <li>- Imaxe fixa, secuencial e en movemento. Características, orixe e evolución. O cómic, a fotografía e os formatos dixitais.</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A materia de Educación Plástica Visual e Audiovisual pretende introducir ao alumnado de 1º da ESO no mundo da comunicación visual e audiovisual desde o debuxo, tanto artístico como técnico, ademais de fomentar o ollar crítico, sendo capaz de analizar imaxes e principais técnicas de creación gráfico-plástica, coñecendo así as obras máis representativas da historia da arte. Preténdese non só, que os alumnos e alumnas sexan capaz de ver, senón que tamén sexan quen de facer, de crear imaxes pertencentes aos diferentes campos da comunicación visual e audiovisual.

Para iso é necesaria unha metodoloxía que trate de reforzar os aspectos prácticos, adquiríndose os obxectivos a través das actividades da aula, organizando os contidos están de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda da profesora. Os bloques de contidos están organizados de xeito que cada unidade pode empregar parte dos contidos adquiridos nas anteriores. O alumnado verase obrigado a utilizar o aprendido máis aquilo que debe aprender coa práctica, situándose a súa actividade entre o que sabe facer e o que pode chegar a facer coa axuda do profesorado. A metodoloxía desenvolvida abarcará:

1) Exposicións orais onde intervirá unha metodoloxía investigadora e creadora, o traballo en grupo e, por suposto, o

traballo guiado pola profesora. Estas exposicións serán acompañadas de distintos recursos que serven de apoio para a comprensión e asimilación dos contidos e abracan: presentación de diapositivas con Power-point, fotocopias, libros, lousa tradicional, taboleiro dixital interactivo e vídeos. Durante esta fase o alumnado deberá prestar atención e desenvolver a súa capacidade de observación. Nesta fase propónse tamén a análise de obras plásticas coa participación do alumnado, que poderá achegar así información sobre a súa percepción (aspectos subxectivos) e coñecementos previos.

2) Actividades prácticas que se desenvolven durante o horario lectivo e na aula-obradoiro. Durante a súa realización a profesora observará o rendemento e a evolución dos traballos de forma individualizada, resolvendo as dúbidas e dificultades que o alumnado teña, fomentando o gusto polo proceso creativo. Buscarase sempre proposta de actividades abertas e variadas para que se cubran as diferentes expectativas individuais: uso de técnicas e materiais novos, experimentación e motivación nos procesos creativos.

3) O emprego das T.I.C. levarase a cabo como medio para aprender e como apoio no proceso de ensino-aprendizaxe. Neste sentido hai que destacar a importancia crecente das imaxes dixitais, creadas por computador polo que traballarase tamén con ferramentas on line (Canva, Padlet, Genyalli...) e programas informáticos básicos (Paint, PowerPoint, Gimp, Google Sketch-Up...).

4) Organización de exposicións dos traballos feitos en clase para que vexan as múltiples posibilidades que ten unha proposta, fomentando a reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e coñecementos adquiridos.

Nos exercicios a realizar nas horas lectivas teranse en conta as seguintes pautas:

- A exposición da tarefa a realizar e aplicación dos contidos explicados.
- Os bosquejos previos e definitivos.
- A correcta organización, limpeza e presentación no proceso e no resultado.
- O aproveitamento eficaz do tempo así como o interese e a curiosidade mostrado polo alumnado.

O resultado será valorado en función do progreso do alumnado, na consecución da adquisición das competencias clave, a través da avaliación dos criterios establecidos mediante unha rúbrica, onde figurará unha ponderación en cada apartado.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Mobiliario axeitado para un taller de arte escolar: vertedoiro con billa, mesas cómodas, andeis para gardar traballos e materiais, espazos para expoñer obras e comentar, vertedoiro con auga, espazo ou moble de secado, etc.
Ordenador con conexión a internet e proxector con pantalla.
Aula de informática do centro.
Plataforma de ensino virtual, preferentemente, a aula virtual do centro.
Materiais pictóricos fuxíbeis: carbón, lapis conté, sanguina, pintura acrílica ou témpera das cores primarias, branca e negra.
Materiais para estampar.
Materiais para modelado.
Libros de arte, tanto de temas técnicos, como catálogos de artistas, movementos artísticos, etc.
Páxinas web de museos, salas de exposicións, blogs de arte, etc.

A materia impartirase na aula de Plástica, un espazo diferenciado, onde poden realizar tanto traballos prácticos, atender ás explicacións da profesora, como compartir información co resto do alumnado, traballar en equipo, etc. O alumnado deberá achegar material propio, aínda que na aula poderá estar dispoñible algúns destes materiais para uso compartido, de ser necesario:

- Papel para debuxo e técnicas húmidas.
- Lapis de diferentes durezas e goma branda.
- Tesoiras.
- Lapis de cores.

- Ceras brandas.
- Rotuladores.
- Pinceis planos e redondos nº 12
- Regra, escuadra e cartabón.
- Compás.

Incentivarase no alumnado o uso de materiais reutilizados e de refugallo: distintos tipos de papeis usados, materiais procedentes do uso cotiá, etc. Poderán ser achegados polo alumnado, así como contar con eles na aula.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

### 1. PROPÓSITO DA AVALIACIÓN INICIAL:

A avaliación inicial é o procedemento para crear un punto de partida tendo en conta o nivel de desenvolvemento inicial do alumno/a. Permite valorar as Competencias Clave adquiridas e o perfil de saída acadado ao fin da Educación Primaria. Pode ser moi útil para orientar a programación, a metodoloxía a utilizar, a organización da aula,... así como para axustar a actuación docente ás necesidades, intereses e posibilidades do alumnado, xa que coa avaliación inicial tomamos contacto coas certas individualidades, por exemplo, alumnado interesado pola materia e/ou con habilidades favorables, alumnado con dificultades para a expresión plástica, alumnado desmotivado cara ao linguaxe visual...

Por outra banda serve para coñecer as capacidades e inquiredanzas do alumnado e así mellorar a atención á diversidade no curso académico.

Proporciona información relevante sobre os niveis xerais do grupo e do alumnado que o integra servindo como punto de partida para a contextualización do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

### 2. RECOLLIDA DE INFORMACIÓN:

En 1º ESO, proponse a realización de un traballo en A4 a partir de unha pequena introdución teórica con imaxes que alude a contidos tratados na Educación Artística de E. Primaria e tamén contidos a tratar no curso. Este traballo aborda basicamente debuxo, técnicas expresivas, cor e composición tendo como fin recoller información sobre os coñecementos previos e sensibilizar ao alumnado cara a práctica da linguaxe visual e plástica, necesaria para a evolución correcta da materia. Se lavará cabo na primeira semana do curso.

Os aspectos considerados para a recollida da información serán:

- Competencia curricular: comunicación, autonomía, habilidades...
- Características do alumno/a: intereses, motivación, estilo de aprendizaxe...
- Entorno: contexto educativo (itinerario elixido, materias pendentes...), contexto familiar, contexto social.

A reunión de avaliación inicial co equipo docente de 6º de Ed. Primaria e o Departamento de Orientación, así como a información achegada polo titor do grupo, axudará a completar a información recollida e poñela en común.

### 3. TOMA DE DECISIÓNS:

Unha vez analizada toda a información, tomaranse decisións sobre os seguintes aspectos:

- Respecto ao currículo: deseñar adaptacións curriculares e reforzos nos casos necesarios.
- Respecto á forma de traballar na aula: organizar grupos, distribuír o material...
- Respecto a aspectos organizativos: distribución das unidades didácticas, organización da avaliación...

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	10	10	7	10	12	14	12	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

### Criterios de cualificación:

#### CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase do seguinte xeito:

a) Mediante entregas de traballos teóricos e prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro. A nota deste apartado será a media aritmética de todos os traballos, valorándose cun 0 os non presentados. Peso porcentual na nota de cada avaliación: 80%

b) Participación e implicación durante as clases: puntualidade nas entregas, participación plataforma virtual, uso e organización do material e do espazo da aula. . Peso porcentual na nota de cada avaliación: 20%

É importante que se cumpran as instrucións dadas pola profesora en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta na avaliación.

Os indicadores de logro corresponderanse cos criterios de avaliación, se aplicarán en forma de rúbricas, listas de cotexo, escalas de valoración, ou outros instrumentos. Versaran sobre:

- Aplicación correcta das técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada.

- Aplicación correcta dos elementos formais (composición, cor, textura, forma...).

- O alumno e a alumna é quen de expresar con corrección os conceptos sobre os que se traballa e o proceso seguido na realización da práctica.

- Acabado e presentación correcta do traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde.

- Adecuación ás instrucións e condicións postas pola profesora e seguimento correcto do proceso de traballo.

- Se nos traballos realizados en grupo, o alumno e a alumna leva a cabo as tarefas asignadas de maneira participativa e respectuosa.

- Entrega as tarefas en prazo.

#### CUALIFICACIÓN FINAL:

A nota final consistirá nunha media aritmética dos 3 trimestres.

#### Criterios de recuperación:

##### RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:

O alumnado pode ir superando as dificultades en canto son detectadas, e que reincida sobre os obxectivos non acadados, por medio da reelaboración de traballos polo que, para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado poderá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados.

Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores no computo da nota do trimestre.

Ditas entregas faranse de xeito periódico, en cada trimestre, nas datas indicadas pola profesora.

Observación: durante todo tempo de desenvolvemento das actividades, nos distintos trimestres e ata a avaliación final, a profesora fará as propostas de recuperación de traballos acompañadas de un repaso dos contidos teóricos relacionados por medio de fichas de apuntes e exercicios, que axudarán ao alumnado na súa recuperación.

### 5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

#### SEGUIMENTO PERIÓDICO:

O alumnado con esta materia pendente poderá recuperala seguindo un plan de reforzo ao que terá acceso, preferiblemente, a través da aula virtual do centro.

Tendo en conta as necesidades do alumnado, os materiais dixitais poden ser complementados cun caderno de actividades en formato físico e a profesor/a fará un seguimento continuo do seu desenvolvemento a través da aula virtual, ou mediante reunións presenciais.

A avaliación levarase a cabo nas datas indicadas e feitas públicas desde o centro, a través de entregas de traballos que serán recollidos de xeito físico ou a través da aula virtual. Pola súa parte, o alumnado deberá cumprir as instrucións dadas pola profesora en canto a formato (caderno, carpeta, traballos soltos, dixital...) técnicas, materiais, etc., ademais de facer as entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A nota final consistirá na media das 3 entregas ou avaliacións.

#### PROBA FINAL:

De non superar a materia a través das entregas periódicas, o alumnado poderá presentarse a unha proba final, que consistirá nunha proba teórico-práctica que versará sobre os contidos mínimos.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Haberá flexibilidade á hora de adaptar a programación, especialmente a metodoloxía, adoptándose medidas de carácter preventivo en función das necesidades do alumnado. A Educación Plástica Visual e Audiovisual é especialmente agradecida neste sentido, polas súas características intrínsecas e pola multitude de solucións que poden resultar de cada proposta.

A inclusión será un factor determinante no desenvolvemento das propostas de traballo das unidades didácticas, que terán lugar en ambientes de aprendizaxe centrados no alumnado, para que todos poidan demostrar o seu potencial e sexan partícipes das situacións de aprendizaxe.

Partirase dunha detallada avaliación inicial para coñecer o alumnado xa que a cada curso pódese enfrontar ao reto de ter alumnado con discapacidades visuais, auditivas, motoras, así como diagnósticos de TDAH ou TEA, entre outras moitas patoloxías. Tamén terase en conta a posibilidade de se atopar con alumnado recentemente incorporado ao noso sistema educativo, procedente do estranxeiro, algúns deles sen coñecer as linguas vehiculares, estudantes que proveñen de diferentes orixes socioeconómicas, con condicións persoais difíciles, distintos xeitos de aprender, ritmos de asimilación dispares e niveis de motivación desiguais. Finalmente tamén se adoitarán medidas para o alumnado de altas capacidades.

Conscientes de que se persigue acadar os obxectivos propostos de acordo ás capacidades e intereses do alumnado, as medidas de atención á diversidade centraranse en:

**MEDIDAS CURRICULARES E METODOLÓXICAS:** supoñen unha adaptación encamiñada a modificar as disfuncións, transitorias ou permanentes, detectadas en certo alumnado.

- En caso de que un alumno ou alumna non acade os obxectivos mínimos, ofertarase unha variedade de actividades de reforzo, a través de exercicios adaptados e de consolidación.

- Utilización de multiplicidade de procedementos e mecanismos de avaliación e de recuperación.

- Tratarase de favorecer a existencia dun bo clima de aprendizaxe na aula e insistir en reforzos positivos para mellorar a auto estima.

- Favorecerase o traballo en equipo, preferiblemente en pequenos grupos para que o alumnado poida desenvolver distintos roles.

- En caso de alumnos con necesidades educativas específicas de apoio educativo, seguindo as indicacións do Departamento de Orientación, realizaranse as adaptacións curriculares oportunas, os reforzos educativos necesarios e estableceranse os recursos de apoio que o favorezan.

- O alumnado con discapacidade que poida ser escolarizado disporá da modalidade que lle garanta unha resposta máis axeitada ás súas necesidades.

- Co alumnado que requira ser hospitalizado ou permanecer convalecente no seu domicilio, favorecerase a continuidade na materia e a comunicación a través da aula virtual ou do profesor de atención domiciliaria.

- O alumnado valorado como de altas capacidades pode ampliar o currículo ou aceleralo así como flexibilizar o período de permanencia na etapa.

**MEDIDAS INTERDISCIPLINARES E COLABORATIVAS:**

- Posibilidade de colaboración con profesores e profesoras de materias afíns e complementarias a hora de abordar proxectos conxuntos.

- Frecuente comunicación coas familias nos casos de alumnado con necesidades educativas especiais xa que poden indicar cales son as fortalezas e a maneira máis axeitada para traballar cos seus fillos e fillas. Contacto e intercambio de información cos profesionais que asesoran ás familias (cando se de o caso) á hora de concretar procedementos instrumentais e adaptar a materia para ter máis posibilidades de éxito.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Comunicación audiovisual.		X					X	X
ET.4 - Competencia dixital.	X	X		X	X		X	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.		X	X			X		
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable.	
ET.11 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X



	UD 9
ET.12 - Prevención e resolución pacífica de conflitos.	X

### Observacións:

Segundo se recolle no decreto que regula a implantación da Educación Secundaria Obrigatoria, os elementos transversais deberán tratarse en todas as materias do curso. Recollemos neste listado todos os que son obrigatorios e tamén os que consideramos importantes para a materia e a formación do noso alumnado.

Deberemos telos en conta á hora de seleccionar os materiais cos que se traballará, sexa en formato texto, imaxes ou contidos audiovisuais. Tamén no deseño das actividades que o alumnado porá en práctica, na organización dos equipos de traballo, na orientación dos debates que xurdan, etc.

Algunhas concrecións dos elementos transversais citados son as seguintes:

- Na educación para a igualdade de xénero, evítanse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como os que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.
- En canto ao emprendemento social e empresarial e á creatividade, trataremos de afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.
- Na cooperación entre iguais e a prevención e resolución de conflitos, fomentaranse os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e polo Estado de dereito, e o rexeitamento da violencia terrorista ou calquera outro tipo de violencia.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas a espazos expositivos, virtuais ou presenciais da contorna.	Visitas guiadas a exposicións en museos, galerías, salas de exposicións, etc., con eventos temporais ou permanentes			X
Realización de proxectos do Departamento e interdisciplinares.	Participar nas propostas dos equipos de Normalización, Biblioteca, Actividades Extraescolares ou outros. O noso alumnado pode participar en propostas creativas como a revista do instituto, murais, a árbore de Nadal, o acto de graduación de fin de curso, Entroido, iniciativas como a arquitectura pedagóxica ou calquer proposta que poda enriquecer ó noso alumnado, xa parta do noso departamento ou doutros.	X	X	X
Charlas informativas relacionadas con distintos intereses para o noso alumnado.	Charlas impartidas por todo tipo de profesionais relacionados coa materia.	X	X	X
Participación en distintos premios e concursos vinculados á nosa área.	Concursos dentro e fóra do centro que lles axudan a aprender a presentar un proxecto e os animan a polos en práctica eles mesmos no futuro.		X	X

### Observacións:

Tratarase de planificar as actividades complementarias do departamento antes do inicio do curso, na medida do posible. Non sempre pode ser xa que hai eventos que son ofertados ao longo deste, hai cambios nas programacións das institucións artísticas da comunidade ou non sempre as coñecemos ao inicio do curso académico.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
<b>Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico</b>
(P) Consulto a programación ao longo do curso e, en caso necesario, realizo e anoto as modificacións.
(P) Ao confeccionar a programación teño en conta as oportunidades que me ofrece o contexto e adáptome a este.
(P) Dou a coñecer ao alumnado os elementos básicos da programación.
<b>Metodoloxía empregada</b>
(A) Antes de comezar unha unidade, explico ao alumnado "que", "con que frecuencia" e "en base a que" avaliarei.
(M) Amoso, ao principio de cada unidade didáctica, traballos variados de cursos anteriores, que se adaptan á tarefa solicitada para que sirvan de exemplo ao alumnado do que se pode facer.
(M) Motivo o meu alumnado partindo dos seus coñecementos previos, relacionando os contidos con situacións reais, informándolles da utilidade das actividades e creando expectativas.
(M) O alumnado traballa do seguinte xeito: Individualmente / por parellas / en grupos reducidos / en grupos grandes.
(M) Na metodoloxía que aplico: emprego varios tipos de recursos e materiais para a aprendizaxe: material manipulativo, audiovisual, impreso, etc. / propoño actividades para facilitar a aprendizaxe autónoma.
(M) Paso as horas lectivas: fomentando a participación, desenvolvendo prácticas, etc. / Observando / Corrixindo ao alumnado de xeito individual.
(M) Ao comezo de cada unidade o alumnado coñece os obxectivos e competencias que queremos desenvolver, as actividades que realizarán, como se lles avaliará...
(AD) Dou ao alumnado a explicación que precisa: No grupo grande / No grupo pequeno / De xeito individual.
(AD) Propoño tarefas de diferente nivel en cada unidade.
(A) Fago propostas de traballo individual e traballo en equipo.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
(AD) Teño en conta a diversidade á hora de organizar a clase, de crear os grupos, etc.
(AD) A miña programación ten en conta a diversidade.
(AD) Teño en conta o alumnado que se afasta da media dos resultados (tanto por arriba como por abaixo).
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
(AD) Para coñecer a composición da clase consulte os informes anteriores / verifiquei os resultados da avaliación / facilitouma o titor/a, o Xefe/a de Estudos, o Orientador/a / reunións de grupo (reunións de avaliación, de titores, de nivel...)

Outros
(A) Entre avaliacións, programa un ou varios plans de recuperación dependendo dos resultados obtidos polo alumnado.
(A) Na avaliación teño en conta diferentes competencias.
(A) Unha vez rematada a unidade ou o proxecto didáctico, avalío a idoneidade dos recursos e das actividades empregadas no proceso de aprendizaxe: de xeito individual e co alumnado.

### Descrición:

Para levar a cabo a avaliación da práctica docente tense en conta:

- Establecer indicadores de logro para comprobar o funcionamento da programación e valorar a actuación propia como docente.
- Diseñar un procedemento adecuado para recoller os datos correspondentes que permitan valorar a situación.
- Analizar os resultados obtidos.
- Propoñer e incorporar as medidas de mellora que sexan necesarias.

Os indicadores de logro organízanse en torno a catro apartados:

- (P) Programación.
- (M) Metodoloxía.
- (AD) Atención á diversidade.
- (A) Avaliación.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

A programación revisarase ao empezar o curso, a partir das propostas de mellora do curso anterior que se fixeron constar na correspondente memoria do departamento.

Durante o curso, farase un seguimento da programación cunha periodicidade mensual. Comprobarase o grao de consecución dos obxectivos e faranse constar os aspectos destacados en torno ao discorrer do curso nas correspondentes reunións de departamento.

A avaliación do proceso de ensino pode realizarse nestes dous momentos:

- 1) ao remate de cada unidade didáctica, para identificar carencias no alumnado;
- 2) ao rematar cada trimestre, unha vez obtidos os resultados da avaliación.

En canto ao procedemento de seguimento, as ferramentas empregadas para analizar os indicadores de logro consistirán en:

- folla de rexistro onde ir anotando os aspectos máis cuantificables;
- diario de aula;
- rúbrica de autoavaliación que facilite cuantificar o grao de consecución de aspectos concretos;
- estatísticas de resultados;
- cuestionarios e enquisas ao alumnado...

## 9. Outros apartados

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua castelá e literatura	1º ESO	4	140

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	9
4.1. Concrecións metodolóxicas	25
4.2. Materiais e recursos didácticos	27
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	28
CA2.2 - Utilizar e diferenciar, de forma progresivamente autónoma, os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.	Utilizar os coñecementos e estratexias de mellora da súa capacidade de comunicar e de aprender a lingua estranxeira, con apoio doutros participantes e de soportes analóxicos e dixitais.		
CA2.3 - Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades e realizar progresos na súa aprendizaxe, facéndoo explícitos e compartíndoos, por medio de actividades de autoavaliación e coavaliación (como as propostas no Portfolio Europeo das Linguas [PEL] ou nun diario de aprendizaxe).	Identificar e rexistrar, de forma guiada, os progresos e dificultades de aprendizaxe da lingua estranxeira, seleccionando, con axuda, as estratexias máis eficaces para superar esas dificultades.		
CA3.1 - Actuar de forma empática e respectuosa en situacións interculturais, construíndo vínculos entre as diferentes linguas e culturas, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.	Actuar de forma respectuosa en situacións interculturais, rexeitando calquera tipo de discriminación, prexuízo e estereotipo en contextos comunicativos cotiáns.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.2 - Aceptar e adecuarse á diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira recoñecéndoa como fonte de enriquecemento persoal e mostrando interese por compartir elementos culturais e lingüísticos que fomenten a sustentabilidade e a democracia.	Aceptar a diversidade lingüística, cultural e artística propia de países onde se fala a lingua estranxeira.		
CA3.3 - Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos e respectando os principios de xustiza, equidade e igualdade.	Aplicar, de forma guiada, estratexias para explicar e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexias e técnicas para a adquisición de autoconfianza. O erro como instrumento de mellora e proposta de reparación.</li> <li>- Estratexias básicas para a planificación, execución, control e reparación da comprensión, a produción e a coprodución de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Coñecementos, destrezas e actitudes que permitan detectar e colaborar en actividades de mediación en situacións cotiás sinxelas.</li> <li>- Funcións comunicativas básicas adecuadas ao ámbito e ao contexto comunicativo: saudar, despedirse, presentar e presentarse; describir persoas, obxectos e lugares; situar eventos no tempo; situar obxectos, persoas e lugares no espazo; pedir e intercambiar información sobre cuestións cotiás; dar e pedir instrucións e ordes; ofrecer, aceptar e rexeitar axuda, proposicións ou suxestións; expresar parcialmente o gusto ou o interese e emocións básicas; narrar acontecementos pasados, describir situacións presentes e enunciar sucesos futuros; expresar a opinión e a posibilidade, a capacidade, a obrigación e a prohibición.</li> <li>- Modelos contextuais e xéneros discursivos básicos na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación), expectativas xeradas polo contexto; organización e estruturación segundo o xénero e a función textual.</li> <li>- Unidades lingüísticas básicas e significados asociados ás devanditas unidades tales como expresión da entidade e as súas propiedades, cantidade e calidade, o espazo e as relacións espaciais, o tempo e as relacións temporais, a afirmación, a negación, a interrogación e a exclamación, relacións lóxicas básicas.</li> <li>- Léxico de uso común e de interese para o alumnado, relativo á identificación persoal, relacións interpersoais, lugares e contornas próximos, lecer e tempo libre, vida cotiá, saúde e actividade física, vivenda e fogar, clima e contorna natural, tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Patróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos, e significados e intencións comunicativas xerais asociadas aos devanditos patróns.</li> <li>- Convencións ortográficas básicas e significados e intencións comunicativas asociados aos formatos, patróns e elementos gráficos.</li> <li>- Convencións e estratexias conversacionais básicas, en formato síncrono ou asíncrono, para iniciar, manter e terminar a comunicación, tomar e ceder a palabra, pedir e dar aclaracións e explicacións, reformular, comparar e contrastar, resumir, colaborar, debater etc.</li> <li>- Recursos para a aprendizaxe e estratexias básicas de procura de información: dicionarios, libros de consulta, bibliotecas, recursos dixitais e informáticos etc.</li> <li>- Identificación da autoría das fontes consultadas e os contidos utilizados.</li> <li>- Ferramentas analóxicas e dixitais básicas para a comprensión, produción e coprodución oral, escrita e multimodal; e plataformas virtuais de interacción e colaboración educativa (aulas virtuais, videoconferencias, ferramentas dixitais colaborativas etc.) para a aprendizaxe, a comunicación e o desenvolvemento de proxectos con falantes ou</li> </ul>

## Contidos

- estudantes da lingua estranxeira.
- Estratexias e técnicas para responder eficazmente a unha necesidade comunicativa básica e concreta de forma comprensible, a pesar das limitacións derivadas do nivel de competencia na lingua estranxeira e nas demais linguas do repertorio lingüístico propio.
- Estratexias básicas para identificar, organizar, reter, recuperar e utilizar creativamente unidades lingüísticas (léxico, morfosintaxe, patróns sonoros etc.) a partir da comparación das linguas e variedades que conforman o repertorio lingüístico persoal.
- Estratexias e ferramentas básicas de autoavaliación e coavaliación, analóxicas e dixitais, individuais e cooperativas.
- Léxico e expresións de uso común para comprender enunciados sobre a comunicación, a lingua, a aprendizaxe e as ferramentas de comunicación e aprendizaxe (metalinguaxe).
- Comparación básica entre linguas a partir de elementos da lingua estranxeira e outras linguas: orixe e parentescos.
- A lingua estranxeira como medio de comunicación interpersoal e internacional, fonte de información e como ferramenta para o enriquecemento persoal.
- Interese e iniciativa na realización de intercambios comunicativos a través de diferentes medios con falantes ou estudantes da lingua estranxeira.
- Aspectos socioculturais e sociolingüísticos básicos relativos á vida cotiá, ás condicións de vida e ás relacións interpersoais; convencións sociais básicas; linguaxe non verbal, cortesía lingüística e etiqueta dixital; cultura, costumes e valores propios de países onde se fala a lingua estranxeira.
- Estratexias básicas para entender e apreciar a diversidade lingüística, cultural e artística, atendendo a valores ecosociais e democráticos.
- Estratexias básicas de detección e actuación ante usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Seguindo o Marco Común Europeo de Referencia, a nosa metodoloxía deberá ser activa, participativa, progresiva e continuada; a isto responde a total transversalidade dos bloques da nosa materia, pois todos están incorporados en todas as unidades de maneira integrada.

O noso labor docente terá un enfoque orientado á acción a través de deseños fundamentados na análise de necesidades e construídos arredor de tarefas da vida real. A este respecto, a lingua inglesa debe ter unha presenza activa non só dentro da aula senón tamén no centro educativo en xeral; o profesorado debe fomentar que as situacións cotiás de comunicación oral co alumnado se desenvolvan en inglés.

Dentro das aulas, o traballo colaborativo en grupos reducidos e heteroxéneos, a titoría entre iguais, a aprendizaxe por proxectos e outras dinámicas de ensino cooperativo que promoven a inclusión do alumnado de diferentes niveis favorecerán a integración e a socialización, a función comunicativa e a adquisición das competencias clave e fomentarán o espírito científico e crítico e o emprendemento, conforme se nos solicita na ORDE do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro e que regula a atención á diversidade no seu Artigo 45.

Prestarase, asemade, especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE) proporcionándolles materiais de reforzo e DUA.

Finalmente o uso das tecnoloxías como recurso motivador e favorecedor de espazos comunicativos tales como programas internacionais e/ou plataformas de intercambio e cooperación; o fomento da comprensión oral mediante a utilización de recursos audiovisuais variados, adecuados, motivadores e, na medida do posible, auténticos e o uso da lectura en inglés a través de diversos soportes coa necesaria gradación atendendo á diversidade das aulas, fornecerán a autoconfianza no alumnado e o avance no coñecemento e na adquisición da lingua.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Libro de exercicios "Network ESO 1. Workbook" (Burlington Books)
Libro interactivo Network ESO 1 e outros materiais online da editorial Burlington
Materiais de consulta de elaboración propia
Actividades interactivas para a práctica e uso da lingua
Recursos audiovisuais auténticos
Recursos DUA
Equipos informáticos
Plataformas virtuais de aprendizaxe
Libros de lectura: "The Lost Ship", "The Ambassador's Son" e "All About Canada"

Os materiais e recursos utilizados serán variados, en formato analóxico e dixital. O seu deseño será inclusivo para adaptarse á diversidade do alumnado, respectando os principios DUA e terán un enfoque comunicativo e comprensivo. Poderán ser de creación propia, elaborados a través de ferramentas dixitais como as dispoñibles nas plataformas virtuais de aprendizaxe corporativas ou de outras ferramentas. Asemade, poderán obterse en webs especializadas no ensino do inglés, sempre que sexan de dominio público ou teñan licenza creative commons.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase a través dalgunha dos seguintes procedementos:

1. Dinámicas de cohesión de grupo ( por exemplo a maleta viaxeira, a tea de araña, two truths and one lie, etc)
2. Cuestionario de lecer e afeccións
3. Proba de nivel
4. Xogo que desenvolva a destreza lingüística oral e/ou (por exemplo, Find someone who, Ruleta aleatoria de temas, etc.)

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

**Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:**

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>4</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>16</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	50	50	50	50	50	50	<b>50</b>

### Crterios de cualificación:

Os criterios de cualificación son o resultado da avaliación sumativa expresados en forma numérica. Resume o xuízo do profesor en relación co nivel de logro dos obxectivos previstos na programación didáctica polo tanto, os criterios de cualificación do alumnado serán un conxunto de factores a ter en conta:

1. O alumnado realizará un ou dous tests por trimestre para comprobar a consolidación dos contidos traballados na aula e dos obxectivos marcados. Os contidos dos sucesivos exames son acumulativos, de xeito que se irá repasando a materia de unidades e avaliacións anteriores. A media destas dúas probas supón o 40% da nota total da avaliación (4 puntos). Os tests recollerán un reading (10%), grammar and vocabulary (10%), writing (10%), e un listening(10%). Ao longo do trimestre tamén poderá haber tests puntuais de verbos ou de vocabulario que poden puntuar neste apartado. Deberase acadar un mínimo de 3 puntos sobre 10 na nota dos exames para aprobar a avaliación.

O 60% restante da nota repártese así:

2. O libro de lectura do trimestre, que pode ser traballado na clase pero supón principalmente un traballo individual e autónomo de casa, co dicionario para o estudo do vocabulario novo. A súa valoración é dun 20% da nota da avaliación (2 puntos). Na nota poderase ter en conta os resumos e traballos entregados así como o exame. A lectura do libro proposto é obrigada para acadar unha avaliación positiva. Para fomentar o interese pola lectura en inglés como medio de desenvolver o coñecemento da lingua o profesor poderá propoñer lecturas voluntarias que subirán nota en forma de positivos (0.5 puntos).

3. En cada trimestre haberá como mínimo un proxecto relacionado cos temas das unidades, coa cultura dos países de fala inglesa (países, cidades, persoas famosas, etc.) ou coas festividades típicas dos países de fala inglesa (Halloween, Thanksgiving, Saint valentine etc.) que será valorado cun 20% con un máximo 2 puntos. Para a súa cualificación teremos en conta: a pronuncia e habilidade á hora de expoñer en inglés (0.25), a corrección gramatical (0.25), a preparación e traballo reflectido no contido e a información presentados, (0.25) e a orixinalidade e calidade do proxecto (0.25)

4. A nota oralque avaliará o profesor da materia xunto coa auxiliar de conversación valerá un 10% da nota total (1 punto). Esta nota derivase da observación da práctica oral na clase e dunha proba que pode consistir na preparación dun roleplay, na discusión dun tema traballado na clase, nunha presentación oral en inglés, ou outras actividades similares. A falta de participación e actitude positiva nas actividades orais ou a utilización la lingua materna cando se realiza a práctica oral en inglés conllevará unha penalización de -0.25 na nota de speaking da avaliación. O alumnado deberá facer o esforzo de expresarse en inglés para mellorar.

5. O estudo e a realización das tarefas en casa e na clase controladas a diario polo profesor, que son de obrigado cumprimento suporán o 10% da nota. Os exercicios escritos recollidos e corrixidos polo profesor (redaccións, cartas, resumos de películas ou libros, etc.) serán avaliados neste apartado. A non realización destes traballos será penalizado cun 0.2 menos. Tamén se ten en conta neste apartado a realización dos deberes diarios (homework), cuxo incumprimento será penalizado cun negativo (-0.1).

6. Ao longo do curso haberá controis escritos de verbos irregulares. En 1º tratarase de ir familiarizando ao alumnado con estes verbos ao longo do curso. A súa superación repercutirá na nota do apartado de gramática e vocabulario.

7. A participación en actividades relacionadas coa cultura dos países de fala inglesa en colaboración co departamento de actividades complementarias e extraescolares (Halloween, Christmas, St Valentine, teatro, etc.) valorarase en forma de positivos ata 0.5.

### Crterios de recuperación:

Dado que a lingua estranxeira é unha materia de contidos progresivos non haberá recuperación de avaliacións suspensas. Unha avaliación suspensa recupérase aprobando a seguinte do mesmo xeito que se pode suspender todo en xuño se non se fai un estudio continuado. Polo tanto para superar a materia na avaliación final ordinaria o alumnado deberá superar a terceira avaliación cun 5 e acadar na media das tres avaliacións un mínimo de 5. Para ter en conta o progreso ao longo do curso a media será ponderada, de xeito que a primeira e segunda avaliación

contarán 25% da nota final cada unha e a terceira 50%.As cualificacións finais redondearanse para á alza a partir de 0,5.

Con todo, o alumnado que non teña superado a materia nas dúas primeiras avaliacións terá que realizar actividades de recuperación para facilitar a superación da materia na avaliación final. Estas actividades incluírán actividades de repaso e actividades que non fixeron durante o curso como por exemplo redaccións, presentacións ou controis dos libros de lectura. No caso de que con estas actividades (especialmente no caso de traballos non realizados satisfactoriamente durante o curso) se considere recuperadas as avaliacións correspondentes a nota media para a avaliación final será feita recalculando a nota das avaliacións recuperadas.

Se aínda así a media do curso non é suficiente para superar a avaliación final realizarase un exame. No exame de recuperación as porcentaxes quedarán da seguinte maneira: grammar and vocabulary (40%), reading (20%), writing (20%) e listening (20%). No caso de superar a materia por medio desta recuperación a nota será un 5 independentemente da nota acadada, xa que se trata dun exame de mínimos que non inclúe moitos contidos avaliados ao longo do curso.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

Non procede a súa aplicación, xa que ein primeiro non hai alumnado con materias pendentes.

## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

En coordinación co profesorado titor e o departamento de Orientación, deseñárase unha avaliación inicial que facilite a detección das necesidades do alumnado. As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

### PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico personalizado e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final do curso, na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Comprensión de lectura	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - A competencia dixital	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores		X	X	X	X		X
ET.6 - A igualdade de xénero		X	X		X		

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.7 - A creatividade	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - A educación para a saúde		X	X		X		X
ET.9 - O respecto mutuo e a cooperación entre iguais.	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A educación para a sustentabilidade e o consumo responsable		X	X	X	X		X
ET.11 - O emprendemento social e empresarial			X	X	X	X	X
ET.12 - O fomento do espírito crítico e científico				X		X	

### Observacións:

As unidades de aprendizaxe caracterízanse por desenvolver proxectos contextualizados na vida real, polo que se tratan todos os elementos transversais recollidos no currículo ao longo de todo o curso.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a competencia dixital e o respecto mutuo e a cooperación entre iguais son elementos transversais presentes en todas as nosas unidades, pois as dúas primeiras son aspectos esenciais na aprendizaxe das linguas, e as dúas últimas son inherentes ao traballo colaborativo para crear un produto que precisa do concurso das TIC.

A educación emocional e en valores, a igualdade de xénero, a creatividade, a educación para a saúde, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o emprendemento social e empresarial e o fomento do espírito crítico e científico son elementos tratados en determinadas unidades do curso.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Sesión de teatro ou cinema en inglés	O alumnado terá a oportunidade de gozar dunha obra artística na lingua inglesa, para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas	X	X	X
Proxecto de intercambio lingüístico en plataformas europeas (eTwinning, Erasmus...)	Buscaremos a posibilidade de establecer unha comunicación e intercambio de cartas ou correos electrónicos con estudantes de inglés doutros países	X	X	X
Celebración de datas significativas no centro	Procuraremos programar actividades complementarias no centro coa colaboración da biblioteca escolar e doutros departamentos. Os alumnos participarán activamente en inglés sempre que sexa posible de todas as actividades que se programen: Halloween, Nadal, Día da muller, Día do libro, Semana cultural e graduación do alumnado de 4º ESO.	X	X	X

### Observacións:

Todas estas actividades poderán verse modificadas segundo as circunstancias do curso.



## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Presento actividades para detectar os coñecementos previos de cada unidade.
Fomento a animación a lectura e estratexias de comprensión escrita.
Metodoloxía empregada
Reviso e corrixo de forma habitual as actividades propostas na aula e fóra dela.
Emprego dispositivos audiovisuais, dixitais ou de outro tipo que poidan axudar ao desenvolvemento das explicacións e actividades propostas.
Presento actividades individuais e grupais encamiñadas á adquisición dos obxectivos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporo as TIC ao proceso de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
Emprego actividades atendendo á diversidade e ás distintas necesidades detectadas.
Propoño actividades de reforzo e ampliación para os alumnos/as que o necesiten.
Emprego distintas estratexias metodolóxicas para responder aos distintos ritmos de aprendizaxe.
Emprego distintos procedementos e instrumentos de avaliación en función das características dos grupos e dos alumnos/as.
Clima de traballo na aula
Proporciono información aos alumnos/as sobre o seu desempeño nas actividades e proxectos propostos, ofrecéndolle pautas para mellorar.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Informo ao alumnado e ás familias dos progresos e dificultades.

### Descrición:

Todo docente debe reflexionar sobre a súa actuación con respecto ao alumnado e á propia Programación Didáctica (materiais utilizados, planificación, motivación dos/das alumnos/-as, participación das familias, medidas de atención á diversidade, utilización das TIC, actividades de carácter interdisciplinar, etc.).

Existen moitos aspectos que o/a profesor/-a pode analizar tanto do proceso do ensino como da súa práctica docente; esta análise debe ser realizada de maneira reflexiva e con capacidade de autocrítica para que se converta nunha ferramenta de mellora continua, xa que, ao fin e ao cabo, esa é a súa finalidade principal.

Para sistematizar a devandita análise, o departamento de inglés fará o seguimento da programación e establecerá, se é o caso, as medidas correctoras necesarias prestando atención á memoria final do curso anterior.

Profesorado e alumnado, ao termo de cada trimestre, responderán a un cuestionario con estes indicadores coa fin de avaliar a práctica docente do proceso de aprendizaxe.

O grao de consecución será:

Sempre

Ás veces

Nunca

Deste xeito veremos se os contidos e a súa temporalización se levan a cabo tal como quedou reflexado na programación ou se hai que modificar algunha cuestión. A xefa do departamento levantará acta dos acordos tomados así como daqueles puntos ou temas que deben ser tratados con máis intensidade ou prioridade.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A avaliación da programación do departamento é necesaria para a mellora do proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación debe ser continua e levarase a cabo ao longo de todo o curso nas reunións de departamento, o que permitirá facer os axustes necesarios para conseguir a mellora dos resultados obtidos.

Nas reunións mensuais os membros do departamento analizarán e valorarán o proceso de ensino-aprendizaxe: o ritmo ao que se desenvolve a programación, as posibles causas que dificultan o seu normal desenvolvemento, a consecución ou non dos obxectivos marcados, etc. Ademais, trimestralmente, antes e despois das sesións de avaliación, nas reunións de departamento farase un seguimento detallado da marcha do curso que incluírá todos os aspectos, dende o seguimento da programación e a consecución dos seus obxectivos, ata a disciplina do alumnado, a adecuación dos ítems programados, a adecuada secuenciación dos contidos e os obxectos de aprendizaxe, etc.; é dicir, todos aqueles factores que axuden a que a avaliación da programación sexa satisfactoria. Na reunión do departamento posterior ás sesións de avaliación analizaranse os resultados obtidos polo alumnado, indagando nas causas que puideron existir cando estes resultados non sexan satisfactorios e reflexionando sobre como melloralos.

O seguimento da programación farase a través da aplicación PROENS ao remate de cada unidade didáctica, referenciando cada elemento relevante nas mesmas (temporalización, secuenciación, grao de cumprimento e propostas de mellora).

Nas reunións de final de curso previas á memoria final do departamento analizarase a idoneidade ou non da metodoloxía utilizada, da secuenciación prevista, dos materiais didácticos utilizados, da adecuación dos criterios de avaliación, da contribución á adquisición das competencias clave, etc.

## **9. Outros apartados**

# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	6
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	10
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	24
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	25
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	25
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	26
6. Medidas de atención á diversidade	27
7.1. Concreción dos elementos transversais	29
7.2. Actividades complementarias	30
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	31
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	33
9. Outros apartados	33

## 1. Introducción

A redacción e organización desta programación dende o Departamento de Lingua Galega e Literatura do CPIP Antonio Orza Couto obedecen ao grande obxectivo educativo e social de conseguir e consolidar falantes para o galego. Neste sentido, pretendemos mellorar a eficacia comunicativa do alumnado na produción, recepción e interacción oral, escrita e multimodal e pola outra, favorecer un uso ético da linguaxe.

O CPIP Antonio Orza Couto está situado en Boqueixón, un concello conformado de parroquias e aldeas dispersas que está a uns 16 km. da cidade de Santiago de Compostela. Respecto ás linguas e ao seu uso socio-cultural, especificamente, podemos dicir que a lingua de uso cotiá e maioritaria é o galego, aínda que nos últimos anos percibimos un aumento do uso do castelán entre o alumnado.

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria oriéntase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, a materia contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. Estes obxectivos supoñen unha progresión respecto dos formulados na educación primaria, dos que haberá que partir, para pasar dun acompañamento guiado a outro progresivamente autónomo.

O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques:

O primeiro bloque, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, de España e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 1º de ESO os catro bloques concréntanse en nove unidades didácticas denominadas con nomes de animais. Cada unidade iníciase cunha breve explicación sobre a palabra referida no título, o que non só contribuirá ao coñecemento e á conservación do léxico tradicional, senón que tamén propiciará a introdución doutras cuestións lingüísticas e extralingüísticas relativas á materia.

Nas dúas primeiras unidades de cada trimestre trátanse contidos dos catro bloques, mentres que a última de cada un deles recolleremos actividades ou proxectos sobre algún dos aspectos máis singulares ou salientables do nivel.

Alén dos contidos lingüísticos, sociolingüísticos e literarios que inclúe a programación da materia de Lingua Galega e Literatura deste curso, cómpre tamén salientar a incorporación de nocións básicas das linguas da Península Ibérica, particularmente, da portuguesa.

Este fomento do ensino-aprendizaxe do portugués está en consonancia coa Lei 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía, e coas directrices da Unión Europea relativas ao coñecemento das variedades lingüísticas próximas e, de modo especial, ás transfronteirizas que presentan vínculos históricos e estruturais tan evidentes como acontece co galego e o portugués. A coñecida tamén como Lei Valentín Paz Andrade incide nesta idea ao establecer que «a lingua propia de Galicia, polo feito de ser intercomprensible co portugués, outórgalle unha valiosa vantaxe competitiva á cidadanía galega» e prosegue, «por iso debemos dotarnos de métodos formativos e comunicativos que nos permitan desenvolvernos con naturalidade nunha lingua que nos é moi próxima e nos concede unha grande proxección internacional».

Ao longo dos tres trimestres tentaremos distribuír os contidos do currículo atendendo aos diferentes bloques, con especial atención á comprensión, redacción e expresión de textos de diferentes tipos e ámbitos.

Os libros de lectura propostos para cada trimestre tratarán temáticas diferenciadas e pertencen a distintos xéneros literarios. No primeiro proporase unha obra narrativa (Chamádeme Simbad, de Francisco Castro); no segundo, outra obra narrativa, aínda que neste caso está ilustrada (A lavandeira da illa de San Simón, de Eva Mejuto) e no terceiro, unha peza teatral (Dormente, de Raquel Castro), mentres que no eido da poesía faremos unha escolma de poesía actual que traballaremos na aula, especialmente no terceiro trimestre e aproveitando para introducir a figura á que se lle dedican as Letras Galegas no 2024, Luisa Villalta.

Por último, debemos ter en conta que a materia de Lingua Galega e Literatura en 1ºESO está dentro do proxecto E-dixgal, polo que traballaremos co ordenador como recurso de acceso ao curso virtual, xunto con outro material que proporcionara a docente (esquemas ou actividades en papel), e material de escrita manual. Ademais participaremos, na medida do posible, nas iniciativas propostas polo centro ou por outras disciplinas e coordinacións e tentaremos incluír partes do noso currículo no desenvolvemento destas actividades.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística do mundo a partir do recoñecemento das linguas do alumnado e a realidade plurilingüe e pluricultural da Península Ibérica, analizando a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, a do portugués, catalán e éuscaro), e as características das principais variedades dialectais do galego, para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos e valorar a devandita diversidade como fonte de riqueza cultural.	1-5	2-3				1-2		1-3
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma e avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social da lectura.	1-4			3	1			1-2-3
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Unidade 1 A grúa	<p>Antes desta unidade realizaremos a avaliación inicial. O coñecemento dos elementos que interveñen en calquera proceso comunicativo será o punto de partida para presentar unha das secuencias textuais máis básicas, a dialogada, e tamén algúns xéneros discursivos propios do ámbito persoal, particularmente, a presentación persoal e a conversa. Así mesmo, a análise e produción deste tipo de textos facilitará a abordaxe doutro aspecto importante da unidade, as diferenzas máis relevantes entre a lingua oral e a lingua escrita.</p> <p>Por outra banda, o desenvolvemento desta programación debe contemplar o protagonismo do alumnado e facelo participe, en primeira persoa, de contidos que terán continuidade noutras unidades do curso ou en niveis superiores. Neste sentido, é fundamental que os alumnos e as alumnas rexistren a súa experiencia na aprendizaxe de linguas (presentación da súa biografía lingüística) e vaian perfilando a súa identidade lectora e gustos literarios.</p>	10	15	X		
2	Unidade 2 O ourizo	<p>A segunda unidade centrarase nas secuencias textuais descritivas e na descrición de obxectos, elementos da natureza, animais e persoas. Exporanse os trazos máis salientables desta tipoloxía textual e redactaranse descricións (persoas, animais, obxectos, paisaxes) nas que se identifiquen as características propias deste xénero.</p> <p>Por outra banda, o coñecemento das familias lingüísticas do mundo e de trazos básicos dalgúñas linguas, con especial atención ás do alumnado foráneo (as fórmulas de saúdo e despedida, de agradecemento e desculpa e os sistemas de escritura) será o punto de partida para afondar nalgúñas das unidades comunicativas mínimas do galego, concretamente, no son (sistema vocálico e consonántico) e no sistema de escritura (soletreo dos grafemas, dígrafos e regras de acentuación básicas).</p> <p>En canto aos contidos literarios, cumprirá analizar e avaliar a forma e o contido do libro de lectura obrigatoria do trimestre, a novela Chamádeme Simbad, de Francisco</p>	10	15	X		



UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Unidade 2 O ourizo	Castro.	10	15	X		
3	Unidade 3 O bacallau	<p>Nesta unidade realizarase unha primeira aproximación ao coñecemento e valoración das linguas da Península Ibérica, particularmente do portugués, a través nun proxecto monográfico sobre a lusofonía. Trataranse contidos relacionados cos países de lingua portuguesa e nocións lingüísticas básicas. A lectura dalgúns fragmentos literarios en portugués servirá para coñecer algunhas autoras e autores do ámbito lusófono e para exemplificar os contidos estudados (sistema ortográfico, expresións básicas da vida cotiá...).</p> <p>O desenvolvemento deste proxecto incluírá, ademais, a abordaxe das secuencias textuais expositivas, co fin de preparar o alumnado para que elabore unha exposición sobre algún dos aspectos máis salientables da unidade. Tamén se proporán outras actuacións como un intercambio físico ou virtual con alumnado dun centro luso e un vídeo de presentación das vilas do alumnado dos dous centros.</p>	7	10	X		
4	Unidade 4 O esquío	<p>Iniciarémonos no estudo dalgúns aspectos básicos do éuscaro (localización xeográfica, grafías, fórmulas de saúdo, de despedida e de agradecemento e desculpa) será o contido máis singular da unidade. Trataremos as secuencias textuais narrativas. En canto á reflexión lingüística, atenderase aos procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións...). Na ortografía trataremos o uso correcto de cc, ct, qu, c, z e nos tipos de palabras, o pronome.</p> <p>A respecto dos contidos literarios, abordarase a análise do libro da narrativa xuvenil actual, e algún fragmento do ámbito lusófono, e recoñeceranse nestes textos as principais características do xénero narrativo. Tamén se establecerán vínculos entre a obra de lectura obrigatoria (A lavandeira da illa de San Simón) e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.</p>	15	13		X	
5	Unidade 5 A pomba	Nesta unidade, ademais de iniciar o estudo dalgúns trazos básicos do catalán, porase o foco na produción de cartas (formais e informais). Incidirase na revisión e corrección lingüística destas e doutros	10	12		X	

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
5	Unidade 5 A pomba	<p>textos, con especial atención á conxugación verbal e á correlación temporal dos verbos nos discursos relatados. Por outra banda, a reflexión lingüística xirará tamén arredor da incorporación de procedementos que contribúan a enriquecer os textos (precisión léxica, corrección gramatical...) e emendar erros a través de distintos recursos (dicionarios, manuais de consulta, procesadores de texto e correctores ortográficos).</p> <p>A respecto dos contidos literarios, analizarase e avaliarase a forma e o contido do libro de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual (o sentido global, a temática etc.) e poranse en práctica estratexias para expresar a experiencia lectora e recomendar lecturas, o que se concretará na gravación dun booktráiler sobre a dita obra.</p>	10	12		X	
6	Unidade 6 A rula	<p>Esta unidade desenvolverase a través dun proxecto centrado nos xéneros discursivos propios do ámbito social que se difunden nas redes sociais e nos medios de comunicación (mensaxes instantáneas, correos electrónicos, comentarios dun blog, noticias). O obxectivo non só é coñecer as súas características formais, senón tamén analizar os seus contidos desde un punto de vista crítico.</p> <p>Entre as actividades que se realizarán está un traballo de investigación sobre as redes sociais no que se responderá a preguntas como: que son?, como se orixinaron?, para que serven?, cales son as súas vantaxes e inconvenientes? etc. Tamén se elaborará un díptico en formato dixital que inclúa información sobre os perigos da Rede e recomendacións para evitalos. Por último, gravaranse pímulas informativas nas que se exemplifiquen e rexeiten usos discriminatorios da linguaxe e abusos a través da palabra.</p>	10	7		X	
7	Unidade 7 A pega	<p>O coñecemento e a identificación de fenómenos dialectais característicos da contorna do centro (Boqueixón, comarca de Santiago) será o punto de partida para desterrar posibles prexuízos do alumnado e reflexionar sobre a riqueza lingüística da lingua galega.</p> <p>No entanto, o eixe da unidade serán os xéneros discursivos propios do ámbito educativo: a súa planificación, textualización, revisión e corrección</p>	15	12			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
7	Unidade 7 A pega	<p>lingüística de textos en distintos soportes. Realizaranse actividades de subliñado, resumo e esquematización de textos non académicos relacionados coa ecoloxía. A respecto dos contidos literarios, traballaremos o texto poético desde o punto de vista da forma e o contido a través dunha escolma de textos e faremos referencia a Luisa Villalta. Remataremos co coñecemento e identificación das principais funcións sintácticas (SUX, PDO, CD, CI e CC) e o uso correcto de b/v.</p>	15	12			X
8	Unidade 8 A lagarta	<p>Nesta unidade concretaranse algúns prexuízos que lle afectan ao galego, en particular os relativos á utilidade da lingua galega fóra de Galicia. Ademais de abordar as causas que subxacen nesta consideración, cumprirá incidir nos argumentos para contrarrestalos. No que se refire á literatura comentarase e analizarase desde unha perspectiva de xénero o libro de lectura obrigatoria Dormente (peza teatral). En canto á reflexión lingüística a atención estará posta na palabra, na súa forma (mudanzas gramaticais a través de distintos procedementos de formación de palabras) e no seu significado (coñecemento e identificación das categorías gramaticais...). Na ortografía trataremos o uso correcto de s, x, h.</p>	13	12			X
9	Unidade 9 A xoaniña	<p>A última unidade do curso traballaremos o xénero dramático e as súas características sobre a obra de lectura obrigatoria, Dormente. Faremos unha análise da forma e do contido: desigualdade, discriminación, prexuízos, hábitos sexistas. Identificaremos tópicos e, en función do número de alumnas e alumnos da aula, poderase propor a constitución de varios grupos que escenifiquen distintas partes da obra, ou ben, se a extensión da peza o permite, poderá ser representada integramente por grupos diferentes.</p>	10	9			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Unidade 1 A grúa	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado localiza nun mapa da Península Ibérica a situación xeográfica das linguas de España e Portugal, coñece datos sobre a súa orixe e recoñece a área dialectal na que se insire a súa bisbarra.	PE	70
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado identifica, nunha conversa ou entrevista gravada, os principais elementos do feito comunicativo (emisor, receptor...) e recoñece trazos característicos das secuencias textuais dialogadas.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica, en textos dados e na obra de lectura obrigatoria, algúns trazos formais do xénero narrativo.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado coñece e sabe distinguir os trazos diferenciais entre a lingua oral e a lingua escrita, atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha breve presentación da súa biografía lingüística. Indica que linguas fala, escribe ou aprende, como as aprende, que lingua/s utiliza/n a súa familia ou persoas achegadas...	TI	30
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado, en grupos de catro alumnas/os, participa activamente, respectando a quenda de palabra, con boa actitude e cortesía lingüística, nunha conversa sobre distintos temas propostos pola profesora.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado asiste e participa activamente nas actividades de identificación e creación de diferentes xéneros literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

## Contidos

- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.
- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.
- Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversa.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal, dos abusos a través da palabra e dos usos manipuladores da linguaxe.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias para a construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.

UD	Título da UD	Duración
2	Unidade 2 O ourizo	15

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
-------------------------	------------------------	----	---

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado debe recoñecer nun mapamundi as principais familias lingüísticas e linguas do mundo e identificar algúns sistemas de escritura destas.	PE	85
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado sabe identificar, en textos escritos, orais ou multimodais, as características das secuencias textuais descritivas (estrutura, tipos...).		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende o sentido global (información relevante, intencionalidade...) do libro de lectura obrigatoria.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de lectura obrigatoria.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe soletrear os grafemas e os dígrafos do galego. Tamén sabe aplicar correctamente as regras de acentuación básicas.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza, de acordo coas pautas da tipoloxía descritiva, unha descrición dun obxecto, unha paisaxe, un animal ou unha persoa.	TI	15
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	O alumnado acode á biblioteca escolar con motivo da celebración do Día da Biblioteca, selecciona unha obra de acordo cos seus gustos ou preferencias de lectura e explica o motivo da súa escolla.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.</li> <li>- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Unidade 3 O bacallau	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado presenta un traballo sobre a lusofonía e os países lusófonos que inclúe as características do sistema ortográfico do portugués e un breve glosario de expresións básicas da vida cotiá.	TI	100
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha exposición oral breve sobre algún tema concreto relacionado cos países lusófonos e identifica no seu borrador a estrutura e características lingüísticas do texto expositivo.		
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente e seguindo as pautas da cortesía lingüística nas actividades de intercambio co centro luso: encontro virtual, presentación da súa vila.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	O alumnado redacta un traballo de investigación ben organizado, empregando o rexistro adecuado, mantendo a coherencia e sen erros lingüísticos nin formais salientables (palabras, letras repetidas...).		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira guiada procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	O alumnado consulta e selecciona, coa axuda do profesorado, a información pertinente para desenvolver a súa exposición, sen copiala textualmente, respectando os dereitos de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observación da propia biografía lingüística e da diversidade lingüística da aula. As familias lingüísticas e as linguas do mundo. Sistemas de escritura. Nocións básicas: fórmulas de saúdo e despedida, agradecemento e des-culpa.</li> <li>- Os países lusófonos: localización, poboación, costumes... Coñecemento das primeiras nocións de lingua portuguesa. A ortografía. Semellanzas e diferenzas existentes cos sistemas ortográficos galegos. Iniciación ao coñecemento do léxico.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. escoita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Unidade 4 O esquío	13

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe empregar correctamente e detectar erros relativos ao emprego dos signos de puntuación básicos, ortografía básica do galego e o uso do pronome.	PE	80
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado sabe establecer vínculos entre a obra de lectura obrigatoria e aspectos da actualidade, así como con outras manifestacións artísticas e culturais.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado identifica algunhas das principais características do xénero narrativo na obra de lectura obrigatoria de narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe recoñecer e aplicar algúns procedementos de organización do discurso (orde de palabras, compoñentes das oracións, conexións entre significados...).		



<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do éuscaro: extensión xeográfica, grafías e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúdo e de despedida e de agradecemento e desculpa etc.).	TI	20
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado realiza unha narración breve sobre un suceso recente na que identifica as principais características das secuencias textuais narrativas (estrutura, elementos...).		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Os signos básicos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
5	Unidade 5 A pomba	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado usa coherentemente as formas verbais e recoñece erros relativos á correlación temporal dos verbos.		
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado, logo de revisar a carta coa axuda do profesorado, detecta problemas léxicos e gramaticais, e é capaz de solucionarlos e explicalos cunha metalinguaxe específica.	PE	65
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende e interpreta o sentido global (información relevante, a intención do emisor...) do libro de lectura obrigatoria da narrativa xuvenil actual.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza axeitadamente dicionarios, manuais de gramática e correctores ortográficos para emendar erros lingüísticos básicos.		
CA1.1 - Recoñecer as linguas da Península Ibérica, especialmente as características básicas do portugués, do éuscaro e do catalán, e identificar algúns trazos dos repertorios lingüísticos e das variedades dialectais do alumnado, contrastándoos en manifestacións orais, escritas e multimodais.	O alumnado coñece algúns aspectos básicos do catalán: localización xeográfica e algunhas expresións cotiás deste idioma (fórmulas de saúde, despedida, agradecemento e desculpa etc.).		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado escríbelle unha carta formal e/ou informal. No texto emprega o rexistro adecuado, mantén a coherencia e respecta as convencións do xénero.	TI	35
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado valora o contido e algúns aspectos formais (temática, recursos...) do libro de narrativa xuvenil actual e expresa a súa opinión a través da gravación dun booktráiler.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento das linguas da Península Ibérica, especialmente do portugués, do éuscaro e do catalán.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Uso coherente das formas verbais nos textos. Correlación temporal no discurso relatado.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha preselección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
6	Unidade 6 A rula	7

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado producirá textos sinxelos dirixidos a unha entidade social (mensaxaría, correo electrónico, comentario nun blog) segundo as pautas características destes textos.	TI	100
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa nun traballo de investigación colectivo sobre as redes sociais (orixe, tipos...) con boa actitude e empregando estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	O alumnado elabora un díptico en formato dixital que inclúe información sobre os riscos da Rede e as recomendacións que se deben seguir para evitalos.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	O alumnado grava pímulas informativas nas que, con exemplos concretos, denuncia e rexeita usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal e abusos a través da palabra.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado utiliza o léxico preciso e enriquece o vocabulario dos seus traballos con axuda de dicionarios, tanto en soporte analóxico como dixital.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA4.2 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e adoptando un punto de vista crítico e de respecto aos principios de propiedade intelectual.	O alumnado, logo de contrastar con axuda do profesorado varias versións dunha mesma noticia, redacta a súa propia versión, respectando os principios de propiedade intelectual.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital. Ris-cos de desinformación, manipulación e vulneración da privacidade na Rede. Análise da imaxe e elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interacción oral e escrita de carácter informal: tomar e ceder a palabra. Cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escolta activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramática para obter información gramatical básica.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
7	Unidade 7 A pega	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado identifica algúns trazos dialectais da súa área lingüística (seseo, gheada...) e valora estes fenómenos como mostra da riqueza do galego.		
CA2.2 - Realizar narracións e exposicións orais sinxelas con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, en diferentes soportes e utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	O alumnado, logo de subliñar as ideas principais dun texto de temática ambiental, redacta un resumo da información máis salientable e elabora un esquema dos contidos tratados.	PE	80
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado reconece, explica e corrixe erros léxicos, gramaticais e ortográficos.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Logo de valorar a forma e o contido de textos elaborados, o alumnado debe empregar procedementos comunicativos para melloralos e emendar o que for preciso.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado sabe redactar correctamente oracións simples e localizar nelas as frases e funcións sintácticas principais (SUX, PDO, CD, CI e CC). e emprega o v/b de xeito correcto.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado elabora, a partir de modelos dados, diferentes tipos de textos sinxelos e con sentido.	TI	20
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	O alumnado revisa un texto dado e soluciona problemas lingüísticos coa axuda dicionarios, de manuais de gramática e de correctores ortográficos, en soporte analóxico e dixital.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Iniciación á reflexión interlingüística.</li> <li>- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo.</li> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.</li> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, con especial incidencia na mudanza climática e na protección e benestar dos animais.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> </ul>

<b>Contidos</b>
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico da oración simple. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria. Orde das palabras e concordancia.

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
8	Unidade 8 A lagarta	12

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado reconece castelanismos léxicos frecuentes en textos escritos e multimodais dados do ámbito persoal, social e académico e sabe substituílos pola forma galega correcta.	PE	90
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é capaz de interpretar o sentido dalgúns textos literarios dende unha perspectiva de xénero. Identifica situacións de desigualdade, discriminación, prexuízos, linguaxe sexista etc.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	O alumnado incorpora, nun texto dado, palabras sinónimas, hiperónimas e hipónimas co obxectivo de evitar repeticións no discurso.		
CA4.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado localiza en textos narrativos e descritivos, distintos tipos de palabras e identifica cales son as categorías gramaticais predominantes.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	O alumnado é quen de explicar a mudanza gramatical dunha palabra mediante procedementos como a adición de prefixos e sufixos.		
CA1.2 - Identificar, a partir da observación da diversidade lingüística da contorna, prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e de valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal.	O alumnado detecta nun texto oral, escrito ou multimodal prexuízos e/ou estereotipos lingüísticos relativos á utilidade da lingua galega e expón algún argumento para refutalos.	TI	10

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Estratexias de identificación de prexuízos e estereotipos lingüísticos do galego e exploración das formas de os evitar.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Lectura con perspectiva de xénero.</li> <li>- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.</li> <li>- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
9	Unidade 9 A xoaniña	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.3 - Participar en interaccións orais informais, no traballo en equipo e en situacións orais formais de carácter dialogado de maneira activa e adecuada, con actitudes de escoita activa e facendo uso de estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	O alumnado participa activamente na planificación da peza (ensaios, decorados, vestuario) e na procura de información sobre a obra, o/a autor/a e a súa época, con boa actitude e cortesía lingüística.	TI	100
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	O alumnado explica o grao de formalidade da situación da peza teatral, distingue o propósito comunicativo do seu personaxe e interpreta as súas intencións.		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	O alumnado comprende a estrutura e información básica dos textos teatrais.		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	O alumnado é quen de realizar unha lectura expresiva e posterior dramatización da obra atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados no seu desenvolvemento.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	O alumnado elabora un traballo sobre as características máis salientables do xénero dramático e identifica na obra de lectura/peza teatral algúns dos seus principais elementos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	O alumnado coñece algúns dos temas e tópicos máis frecuentes na literatura (o amor, a vida, a morte etc.) e sabe identificalos na obra de lectura obrigatoria (peza teatral).		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	O alumnado é quen de identificar e crear textos dos diferentes xéneros literarios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal.</li> <li>- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.</li> <li>- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.</li> <li>- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.</li> <li>- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> </ul>

#### 4.1. Concrecións metodolóxicas

##### Orientacións pedagóxicas

Antes de comezar cada unidade trataremos de detectar os coñecementos previos do alumnado, para relacionalos progresivamente cos novos contidos que se impartan, só así se poderá conseguir unha aprendizaxe significativa e construtiva na que os novos coñecementos e o proceso de aprendizaxe estean relacionados co desenvolvemento psicolóxico, o ritmo evolutivo e as capacidades e contidos adquiridos previamente polas alumnas e alumnos.

Propóranse preguntas que supoñan un revulsivo para as/os estudantes e que incrementen a súa atención por medio da interacción co/coa docente. É moi relevante para o profesor/a a premisa de ensinar a aprender segundo a cal, a aprendizaxe é un proceso que se desenvolve ao longo da vida, por iso lle corresponde á/ao docente ir dotando o seu alumnado dunha progresiva autonomía que lle permita "aprender a aprender", a buscaren por si mesmos a información que teñen ao seu alcance para que o día de mañá saiban desenvolverse. Por outra banda, é preciso sinalar que sería moi efectivo crear unha liña metodolóxica común ao longo de toda a etapa, para evitar cambios ou



desaxustes bruscos na/o alumna/o ao mudar de curso.

Sabemos que o desenvolvemento intelectual pode ser acelerado mediante o emprego de determinadas estratexias didácticas, por iso, metodoloxía de ensino en Lingua Galega e Literatura tratará de ser o máis activa posible e alternará traballos individuais con traballos cooperativos que melloren os vínculos entre o alumnado e mesmo favorezan as relacións interculturais, por suposto, incluíndo na mesma liña a ensinanza por competencias e tratarase na medida do posible de atender os diferentes ritmos para que todo o alumnado vaia adquirindo os coñecementos básicos.

Alén do expresado anteriormente sobre os aspectos metodolóxicos, cómpre salientar que as liñas de actuación versarán sobre:

- O uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan o traballo en equipo.
- A realización de proxectos significativos para o alumnado e a resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.
- A énfase na atención á diversidade do alumnado, na atención individualizada, na prevención das dificultades de aprendizaxe e na posta en práctica de mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten estas dificultades.
- O uso de estratexias para traballar transversalmente a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital e o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.
- O desenvolvemento dos contidos gradual e progresivo, de maneira que, ademais de incrementar a dificultade dos procesos e situacións comunicativas, tamén se vaian adquirindo habilidades máis complexas que propicien a aprendizaxe individual e autónoma.
- O traballo interdisciplinario e a coordinación con outros departamentos e equipos do centro, especialmente co Equipo de Dinamización da Lingua Galega e o Equipo de Biblioteca. Esta colaboración incidirá na mellora dos procesos comunicativos e permitirá incorporar xéneros discursivos doutras materias e ámbitos de interese.
- A potenciación do tratamento integrado de linguas (TIL), que se reflectirá na incorporación de nocións básicas dalgunhas linguas da Península Ibérica, especialmente da portuguesa, e que se fomentará con actuacións que lle faciliten ao alumnado galegofalante a intercomunicación nos dous idiomas (intercambios lingüísticos, concursos, glosarios bilingües/multilingües...). Cómpre que sexa consciente da utilidade deste coñecemento, non só para reforzar os vínculos culturais, sociais e económicos con Portugal e con toda a comunidade de países lusófonos, senón tamén para que a lingua galega adquira unha maior proxección internacional.
- A presentación de recursos dixitais en lingua galega que faciliten a busca de información, a revisión dos textos e a súa posterior divulgación, sempre con respecto aos dereitos de propiedade intelectual. Ademais de consultar datos e de ampliar contidos, o alumnado debe familiarizarse co manexo de tradutores, correctores ortográficos e dicionarios ou manuais de estilo que lle axuden a mellorar a redacción dos seus escritos, tendo en conta a ferramenta que nos achega estar no programa E-dixgal.
- A énfase nas estratexias que fomenten a oralidade e as competencias activas, co fin de que o alumnado adquira as habilidades necesarias para expresarse correctamente nunha ampla variedade de situacións comunicativas (espontáneas ou planificadas) e de contextos (formais e informais). Entre o amplo abano de actuacións que contribúen ao desenvolvemento desta destreza e, asemade, a incorporación de contidos literarios, están as dramatizacións e representacións teatrais e todo tipo de iniciativas en formato audiovisual (booktráilers).
- A promoción dun modelo lingüístico afastado da castellanización e da deturpación para conseguir unha lingua de calidade, valorando o dominio dos sistema fonético-fonolóxico tanto vocálico coma consonántico, o uso do léxico tradicional e o emprego das estruturas morfosintácticas galegas.
- A erradicación dos prexuízos lingüísticos derivados da situación sociolingüística de Galicia nos últimos séculos, particularmente os que teñen que ver cos usos diglósicos do galego en determinados ámbitos.
- A detección e eliminación dos usos discriminatorios e ofensivos da lingua, de modo que se propicie a reflexión sobre os principios democráticos e se favoreza a análise crítica dos conflitos, tanto no centro educativo coma noutros ámbitos. Fomentarse un uso ético da linguaxe, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas.
- A proposta de obras e fragmentos de textos, literarios ou non, atendendo a valores socioculturais e éticos que promovan a defensa dos dereitos humanos e a conciencia ambiental. Tamén se deben abordar lecturas desde unha perspectiva de xénero. As charlas con escritoras e escritores, os clubs de lectura ou os obradoiros literarios resultarán unha boa ferramenta para aprofundar nestes contidos.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Castro, Francisco, Chamádeme Simbad, Ed. Galaxia
Castro, Raquel, Dormente, Ed. Galaxia
Dicionario Xerais castelán-galego de usos, frases e sinónimos (2007) Xerais. Vigo
Feixó Cid, Xosé G. (2021). Gramática da lingua galega. Síntese práctica (6ª Edición). Vigo: Xerais.
Fernández Salgado, Benigno (Dir.) (2004). Dicionario Galaxia de usos e dificultades da Lingua Galega. Vigo. Galaxia.
Gran Dicionario Xerais da lingua (2009), VV AA, 2 tomos. Xerais. Vigo
Mejuto, Eva, A lavandeira da illa de San Simón, Ed. Xerais
Dado o carácter crítico para todas as materias do manexo de ferramentas informáticas, reforzase na 1ª avaliación para todo o alumnado o uso da Aula Virtual, do correo electrónico, dos programas para enviar/compartir/almacenar arquivos na nube, de programas de navegación e manexo de información online en xeral. Faranse asimismo reforzos puntuais segundo certas necesidades individuais do alumnado detectadas na avaliación inicial, no caso de que se estime oportuno.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>5</b>	<b>15</b>	<b>12</b>	<b>12</b>	<b>10</b>	<b>12</b>	<b>20</b>	<b>6</b>	<b>8</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	0	80	80	80	0	80	80	0	20	<b>58</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	100	20	20	20	100	20	20	100	80	<b>42</b>

### Criterios de cualificación:

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A cualificación de cada unha das 3 avaliacións do curso, virá dada pola media das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas na avaliación.

A avaliación dos alumnos realizarase a partires de diferentes procedementos e empregando a súa vez distintos instrumentos. Terase en conta os seguintes aspectos para a avaliación:

Exames. Haberá un exame por cada un dos bloques temáticos recollidos na programación. (Por norma xeral, noutros bloques a avaliación será por traballos solicitados). Indicar que os exámenes en moitos dos bloques de contidos son prácticos e moi pouco teóricos e sobre contidos moi traballados na aula.

1ª Avaliación: Expresión Gráfica (o 70% do exame son contidos prácticos)

Estructuras: Exame test dos contidos do tema.

2ª Avaliación: Procesamiento de textos. Exame práctico no ordenador.

Mecanismos: Exame de calculo intuitivo de mecanismos de máquinas reais e sinxelas. Identificación de mecanismos.

3ª Avaliación: Non haberá exames propiamente ditos. Ademáis dos traballos solicitados o alumnado deberá facer o seguinte nos bloque de contidos.

Programación: Entrega de un programa de avaliación por bloques.

Proxecto técnico: Entrega de documentación técnica elaborada con procesador de textos, previa a la realización do proxecto de taller.

Fase de construción.

Despois de cada avaliación, farase un exame de recuperación dos exames suspensos nesa avaliación. Deberá acudir á recuperación aqueles alumnos que teñan unha cualificación inferior a 5 puntos. Na recuperación se recuperarán exames das partes suspensas ou se fará traballo de recuperación se a profesora así o considera.

Haberá un exame final (no mes de xuño) para recuperar de xeito individual as partes suspensas, sempre e cando sexan como moito dúas partes. Si son máis de dúas partes fará un exame de recuperación de toda a materia.

Traballos: neste apartado se valorará a presentación, os contidos e o cumprimento do formato do traballo. Sempre haberá unha data de entrega para cada traballo proposto, os traballos non se recollerán fora de esa data. Haberá un mínimo de un traballo en cada avaliación (aínda que polo xeral haberá bastantes máis)

Traballo diario: Valoraranse as chamadas de clase, os deberes feitos, que o alumno traia o material e o traballo na clase.

As aportacións cuantitativas para a nota final da avaliación repartiranse nos seguintes tres apartados:

Exames: Constituirán o 80% da nota en 1º ESO Por norma xeral os alumnos farán un exame por cada unidade ou bloque temático. A nota neste apartado será a nota media dos distintos exames feitos na avaliación. Os exames poderán facerse en formato papel ou dixital, segundo sexa a parte a avaliar.

Nos exames irá indicada a puntuación de cada pregunta individualmente.

A hora de cualificar terase tamén en conta o seguinte: Non poñer as unidades no resultado dos exercicios resta un 25% do valor do mesmo.

Por cada falta ortográfica nos exames restarase 0,05 puntos.

Nos exames, nos exercicios de cálculo, cando non se producen erros no plantexamento, pero si na operación, restarase o 25% da puntuación do exercicio ou apartado

Traballos: Normalmente serán un por avaliación e constituirán o 15% da nota (Se houberse varios traballos farase a

media de todos eles)..

Non se recollerán os traballos fora de prazo sin unha xustificación. Os traballos non entregados serán avaliados cun cero.

A nota dos traballos repartirase do seguinte xeito:

Presentación: 10%

Limpeza e meticulosidade na presentación.

Formato: 20%

Cumprimento das normas de entrega do traballo expostas pola profesora para cada traballo no tocante a título, subtítulo, portada, formato carácter...

Contidos: 60%

Presenza de todos os puntos do traballo e que todos os puntos estean desenvolvidos de xeito correcto e riguroso; que estean redactados polo alumno e non copiados de internet.

Ausencia de faltas de ortografía: 10%

Exposición oral dos traballos: Cando se faga unha exposición dos traballos presentados, a nota dividirase de xeito que os apartados anteriores contarán un 70% e a exposición en sí un 30%

Traballo diario: Contribuirá un 5% á nota da avaliación. Neste apartado valorarase a puntualidade ás clases, as chamadas de clase (inclúese aquí tamén os deberes feitos), que leven o material á clase, o cuaderno e o comportamento. Cada vez que un alumno non faga as tarefas ou non saiba as preguntas feitas na clase con contidos que deberon repasar na casa, recibirán unha calificación de -0,25 puntos que restará no apartado actitude.

### **Criterios de recuperación:**

Para recuperar cada avaliación, o alumno fará un exame de recuperación despois de cada avaliación, cando a súa nota sexa inferior a 5 puntos. Pode darse o caso tamén que, si a profesora o considera, a recuperación dalgunha das partes sexa mediante un traballo.

Se o alumnado despois de facer a recuperación segue con algunha das partes dalgunha avaliación suspensa (e non lle dá aínda a media), terá a opción de recuperar en xuño sempre e cando as partes suspensas e non recuperadas no total do curso señan como máximo dúas, si son máis de dúas fará un examen final completo da materia.

Para superar a materia, finalmente os alumnos deberán tener una calificación final de 4,5 puntos (media das tres avaliacións)

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O alumnado que teña a materia de 1º de ESO pendente, fará os traballos de recuperación e exames que lle pida a profesora en cada avaliación. A no entrega a tempo destes traballos ou suspender as probas escritas, suporá que non supere dita avaliación e acudirá no mes de xuño a facer un exame final da materia que terá que superar cunha nota igual o superior a 4,5 puntos.

### **6. Medidas de atención á diversidade**

Entre outras, contéplanse as seguintes medidas de atención á diversidade:

- Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.
- Adecuación da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- Adaptación dos tempos, instrumentos ou procedementos de Avaliación
- Desdoblamento de grupos
- Reforzo educativo e apoio con profesorado do departamento
- Programas de enriquecemento curricular (a.a.c.c.)
- Adaptacións curriculares

No caso do alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso, seguiranse o establecido no plan específico personalizado elaborado polo equipo docente baixo a coordinación do profesorado titor.

O traballo con grupos moi heteroxéneos é unha característica da ensinanza secundaria obrigatoria. A diversidade de situacións de todo tipo no alumnado esixe unha variedade de estratexias e a variedade de actividades e métodos didácticos, por exemplo, contribúe a implicar na aprendizaxe a alumnos/as con diferentes estilos de aprendizaxe.

Un aspecto para destacar é a motivación que as actividades da materia de Tecnoloxía e Dixitalización provocan nos/nas alumnos/as, incluso en moitos/as que noutras áreas se amosan pasivos. Este feito pódese aproveitar para reafirma-la confianza deste alumnado nas súas potencialidades e tamén para lograr unha mellor integración no grupo.

Nas actividades programadas débense prever axudas como poden ser:

- Contacto persoal con axudas puntuais do profesorado.
- Modificación da composición dos grupos de traballo para conseguir una maior colaboración entre os/as compañeiros/as. No caso de traballos individuais, pode suxerirse o traballo cun compañeiro ou compañeira.
- Información escrita e/ou gráfica complementaria á disposición do alumnado. Poden ser unhas fichas de axuda que lle permitan superar algunhas fases do traballo ou ben que posibiliten o ensaio de solucións máis complexas.
- Modificación das actividades cambiando requisitos ou condicións, ben para simplificalas ben para complicalas. Especialmente importante é o tempo dedicado, que nalgúns casos debe ampliarse aínda que iso supoña a non realización doutras actividades.
- Actividades complementarias de recuperación ou ampliación que poden realizar individualmente. Nesta liña son moi aproveitables os recursos audiovisuais ou informáticos.

Ademais neste apartado contéplase a posibilidade de realizar adaptacións curriculares na área de Tecnoloxía e Dixitalización para aqueles alumnos e alumnas que non teñan capacidade para alcanzar os obxectivos mñínimos na área.

En resumo, unha vez detectadas as necesidades educativas específicas, estableceranse as medidas apropiadas:

Atención individual intensiva na realización de prácticas

Subministración de material de apoio na aula

Ampliación de tempo na realización de probas

Apoios en pequeno grupo

Titorías durante os recreos

Realización de tarefas en grupo

Aplicación dos protocolos educativos específicos (TEA, TDAH, etc.) ao alumnado que o requira.

Adaptación curricular intensiva de ser o caso

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión de lectura.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	X				X			
ET.3 - Comunicación audiovisual.				X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital.		X	X		X			X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.		X		X		X	X	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X	X		X		X	X	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.			X	X	X	X	X	
ET.8 - Igualdade de xénero.				X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade.		X		X		X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.10 - Educación para a saúde.		X	X	X		X	X	
ET.11 - Formación estética.		X		X		X	X	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X		X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.			X	X	X	X	X	

	UD 9
ET.1 - Comprensión de lectura.	X
ET.2 - Expresión oral e escrita.	
ET.3 - Comunicación audiovisual.	X
ET.4 - Competencia dixital.	X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial.	X
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico.	X
ET.7 - Educación emocional e en valores.	X
ET.8 - Igualdade de xénero.	X
ET.9 - Creatividade.	X
ET.10 - Educación para a saúde.	X
ET.11 - Formación estética.	X
ET.12 - Educación para a sostibilidade e o consumo responsable.	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais.	X

**Observacións:**

Comprensión de lectura: tarefas de clase e proxectos, nas que o alumnado terá que comprender os distintos enunciados e procurar información para investigar e resolver os problemas propostos.  
 Expresión oral e escrita: resolución das tarefas de clase e coa elaboración de documentación técnica. Farase maior fincapé no uso do vocabulario e a linguaxe técnica.  
 Comunicación audiovisual: presentación de resultados de prácticas e proxectos mediante creacións audiovisuais.  
 Competencia dixital: intrínseca aos contidos propios da materia.  
 Emprendemento social e empresarial: desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.  
 Espírito crítico e científico: procura de información e a investigación nas tarefas e proxectos tecnolóxicos.  
 Educación emocional e en valores: contidos sobre seguridade na rede e benestar dixital. O desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos fomentará o traballo en equipo. A igualdade de xénero no ámbito científico e tecnolóxico é unha necesidade na sociedade actual, que tratará de cubrirse mediante un axeitado reparto de roles no traballo colaborativo en grupos á hora de desenvolver proxectos.  
 Creatividade: Desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.  
 Educación para a saúde: importancia do respecto polas normas de seguridade e hixiene no taller.  
 Contidos relacionados co benestar dixital, tan importante para conservar a saúde emocional na actualidade.  
 Formación estética: procesos de deseño e acabado nos proxectos tecnolóxicos.  
 Educación para a sostibilidade e o consumo responsable: contidos sobre tecnoloxía sostible, respecto pola propiedade intelectual na elaboración de contidos e aplicación de criterios de sostibilidade nos proxectos tecnolóxicos, sobre todo na elección de materiais e fontes de enerxía.  
 Respecto mutuo: contidos relacionados coa etiqueta dixital. Este respecto e a cooperación entre iguais serán fundamentais no traballo en equipo no desenvolvemento de proxectos tecnolóxicos.

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saídas didácticas relacionadas coa materia.	Saídas didácticas relacionadas coa materia.			X

### Observacións:

ACTIVIDADE: VISITA AO MUNCYT

- Obxectivos: Achegar ao alumnado á Ciencia e á Tecnoloxía dunha maneira lúdica despertando a súa curiosidade e o seu interese.
- Profesorado responsable. O profesorado do departamento de Tecnoloxía: Rocío Leira Rodríguez
- Alumnado participante. Todo o alumnado de 1º ESO do CPI Antonio Orza Couto
- Datas: Por determinar.
- Lugar de celebración. MUNCYT en A Coruña.
- Repercusións económicas. Por determinar

De non poder realizarse esta actividade, será substituída por outra visita similar a empresas ou museos de interese tecnolóxico.

Ademais, organizarase calquera actividade ou visita que xurda durante o curso e sexa considerada de interese para o alumnado da materia de Tecnoloxía e Dixitalización en 1º da ESO.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
A selección e temporalización de contidos foi axeitada.

As actividades propostas foron variadas e axeitadas para favorecer o desenvolvemento dos contidos.
Os criterios de avaliación e calificación foron claros e rigurosos e permitiron un seguemento do progreso do alumnado.
<b>Metodoloxía empregada</b>
Facilitáronse ao alumnado estratexias de aprendizaxe: lectura comprensiva, búsqueda de información crítica, redacción de documentación técnica....
Proporcionáronse actividades e procedementos para que o alumnado fose recuperando as partes non superadas da materia.
<b>Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos</b>
Os recursos e materiais utilizados foron axeitados.
<b>Medidas de atención á diversidade</b>
Realizouse unha avaliación inicial para coñecer o punto de partida do alumnado.
As medidas de atención á diversidade foron axeitadas para atender ás necesidades de todo o alumnado.
<b>Clima de traballo na aula</b>
O ambiente da clase foi axeitado e produtivo.
<b>Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais</b>
Facilitouse ao alumnado e as familias o coñecemento dos criterios de avaliación e calificación de cada unidade didáctica, ao comezo da mesma.
Existiu coordinación entre os distintos profesores/as.
<b>Outros</b>
As actividades complementarias cumpriron os obxectivos cos que foron propostas.
Proporcionouse ao alumnado información sobre o seu progreso e calificacións.

### **Descrición:**

Farase un seguimento da relación de elementos de avaliación do proceso de ensino e a práctica docente que se indican.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O seguimento da programación realizarase periodicamente nas distintas reunións de departamento, e a través do apartado de "Seguimento" da aplicación Proens.

Para cada UD comprobaranse as datas de inicio e final, a correspondencia entre sesións previstas e realizadas e o grado de cumprimento do programado para a unidade.

No caso de detectar problemas realizaranse as propostas de mellora e correccións necesarias.

Ao remate do curso realizarase unha avaliación da programación baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

No caso de que se estime oportuno, realizarase entre o alumnado unha avaliación da actividade docente, baseada nos indicadores de logro do apartado 8.1 desta programación.

## 9. Outros apartados



# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15001665	CPI Plurilingüe Antonio Orza Couto	Boqueixón	2023/2024

## Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Xeografía e historia	1º ESO	3	105

## Réxime

Réxime xeral-ordinario

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	20
4.2. Materiais e recursos didácticos	21
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	21
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	22
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	23
6. Medidas de atención á diversidade	24
7.1. Concreción dos elementos transversais	24
7.2. Actividades complementarias	25
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	26
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	27
9. Outros apartados	28

## 1. Introducción

O primeiro curso da ESO, iníciase coa introdución do alumnado nas metodoloxías da Xeografía e a Historia. Analízanse o clima, o cambio climático e a biodiversidade desde unha perspectiva integradora e holística, ligando a súa visión académica co enfoque ecolóxico e ambiental que desembocou na persecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible e ao desenvolvemento da conciencia ambiental.

O período histórico analizado neste curso abarca desde a orixe do ser humano ao fin da Antigüidade Tardía. O estudo de tan amplo e complexo espazo de tempo supón un inmenso reto docente, non só pola cantidade de contidos e destrezas referidos senón tamén pola conexión dos temas abordados coa realidade actual do alumnado. Por tanto contidos, habilidades e actividades a desenvolver, deberemos conectalos, mediante as estratexias docentes de ensino, co presente do alumnado en especial no que concierne ao compromiso cívico, a igualdade e a perspectiva de xénero. Á vez, achegarémonos a defensa e a conservación do patrimonio histórico e cultural, tan rico nesta longa etapa tanto en España, como en Galicia en particular. Por iso será fundamental abordar os contidos relacionados coa arte e o Patrimonio con especial énfase.

## 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Buscar, seleccionar, tratar e organizar información sobre temas relevantes do presente e do pasado, usando criticamente fontes históricas e xeográficas, para adquirir coñecementos, elaborar e expresar contidos en varios formatos.	2-3		4	1-2		1		
OBX2 - Indagar, argumentar e elaborar produtos propios sobre problemas xeográficos, históricos e sociais que resulten relevantes na actualidade, desde o local ao global, para desenvolver un pensamento crítico, respectuoso coas diferenzas, que contribúa á construción da propia identidade e a enriquecer o acervo común.	1-2			2		1-3	3	3
OBX3 - Coñecer os principais desafíos aos que se enfrontaron distintas sociedades ao longo do tempo, identificando as causas e consecuencias dos cambios producidos e os problemas aos que se enfrontan na actualidade, mediante o desenvolvemento de proxectos de investigación e o uso de fontes fiables, para realizar propostas que contribúan ao desenvolvemento sustentable.			3-4-5		3	3-4	1	1
OBX4 - Identificar e analizar os elementos da paisaxe e a súa articulación en sistemas complexos naturais, rurais e urbanos, así como a súa evolución no tempo, interpretando as causas das transformacións e valorando o grao de equilibrio existente nos distintos ecosistemas, para promover a súa conservación, mellora e uso sustentable.					2	1-2-3-4	1	

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Analizar de forma crítica formulacións históricas e xeográficas explicando a construción dos sistemas democráticos e os principios constitucionais que rexen a vida en comunidade, así como asumindo os deberes e dereitos propios do noso marco de convivencia, para promover a participación cidadá e a cohesión social.	5					1-2		1
OBX6 - Comprender os procesos xeográficos, históricos e culturais que conformaron a realidade multicultural na que vivimos, coñecendo e difundindo a historia e a cultura das minorías étnicas presentes no noso país, e valorando a achega dos movementos en defensa da igualdade e a inclusión, para reducir estereotipos, evitar calquera tipo de discriminación e violencia, e recoñecer a riqueza da diversidade.	5				3	1-2-3		1
OBX7 - Identificar os fundamentos que sosteñen as diversas identidades propias e as alleas, a través do coñecemento e posta en valor do patrimonio material e inmaterial que compartimos para conservar e respectar os sentimentos de pertenza, así como para favorecer procesos que contribúan á cohesión e solidariedade territorial no tocante aos valores do europeísmo e da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.		3			1	1-2-3		1
OBX8 - Tomar conciencia do papel dos ciclos demográficos, o ciclo vital, as formas de vida e as relacións interxeracionais e de dependencia na sociedade actual e a súa evolución ao longo do tempo, analizándoas de forma crítica, para promover alternativas saudables, sustentables, enriquecedoras e respectuosas coa dignidade humana e o compromiso coa sociedade e a contorna.			5	4	2-5	1-2-3		
OBX9 - Coñecer e valorar a importancia da seguridade integral cidadá na cultura de convivencia nacional e internacional, recoñecendo a contribución do Estado, as súas institucións e outras entidades sociais á cidadanía global, á paz, á cooperación internacional e ao desenvolvemento sustentable, para promover a consecución dun mundo máis seguro, solidario, sustentable e xusto.	2					1-2-3-4	1	1

**Descrición:**

### 3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	O planeta Terra e a súa representación		5	10	X		
2	Climas da Terra		10	10	X		
3	Emerxencia climática		5	10	X		
4	Os medios naturais		5	10	X		
5	O impacto humano sobre o medio natural		10	8		X	
6	As sociedades prehistóricas		10	9		X	
7	A Antigüidade en Asia e África		10	7		X	
8	A civilización Exipcia		10	8		X	
9	A Hélade		10	9			X
10	Roma		10	8			X
11	Os pobos bárbaros		10	8			X
12	As expresións artísticas na Antigüidade		5	8			X

### 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	O planeta Terra e a súa representación	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	É quen de empregar terminoloxía xeográfica na interpretación de fontes cartográficas	PE	50

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.6 - Representar adecuadamente información xeográfica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Sabe elaborar planos e mapas simples.	TI	50
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Sabe situar nun mapa as coordenadas xeográficas		
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de expor a información básica contida nun mapa		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece varias accións de defensa da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Localización espacial: representación do espazo, orientación e escalas. Utilización de recursos dixitais e interpretación e elaboración de mapas, esquemas, imaxes e representacións gráficas. Tecnoloxías da información xeográfica (TIX).</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
2	Climas da Terra	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Coñece os principais climas da Terra	PE	50
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Ubica xeográficamente os principais climas da Terra	TI	50
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Sabe elaborar un climograma		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Coñece dúas accións de defensa da contorna		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respetto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
3	Emerxencia climática	10

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende algún dos riscos do cambio climático		
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Coñece algunha das medidas implementadas polo Estado para paliar a emerxencia climática	PE	50
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Coñece varios efectos actuais da emerxencia climática		
CA1.4 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	Elabora documentos sobre os efectos do cambio climático a partir de fontes		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Propón medidas para paliar a emerxencia climática		
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Coñece o concepto de cambio climático		
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa de forma activa e argumentada en debates orais cos seus compañeiros	TI	50
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propón medidas de alcance persoal para paliar a emerxencia climática		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Participa na elaboración de un traballo con fontes de historia oral		



Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Emerxencia climática: elementos e factores que condicionan o clima e o impacto das actividades humanas. Métodos de recollida de datos meteorolóxicos e interpretación de gráficos. Riscos e catástrofes climáticas no presente, no pasado e no futuro. Vulnerabilidade, prevención e resiliencia da poboación ante as catástrofes naturais e os efectos do cambio climático.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respecto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
4	Os medios naturais	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.7 - Interpretar a contorna desde unha perspectiva sistémica e integradora, a través do concepto de paisaxe, identificando os seus principais elementos e as interrelacións existentes.	Identifica os principais elementos dos distintos medios naturais	PE	50
CA1.3 - Incorporar e utilizar adecuadamente termos, conceptos e acontecementos relacionados coa xeografía, a historia e outras disciplinas das ciencias sociais, a través de intervencións orais, textos escritos e outros produtos, mostrando formulacións orixinais e propostas creativas.	Emprega terminoloxía xeográfica na descripción dos medios naturais	TI	50
CA2.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de elaborar un esquema relacionando climas e zonas bioclimáticas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación.</li> </ul>

### Contidos

- Lectura crítica de información.
- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.

UD	Título da UD	Duración
5	O impacto humano sobre o medio natural	8

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Identifica varios efectos do impacto da actividade humana sobre a súa contorna	PE	50
CA1.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Coñece varias medidas implementadas polo Estado		
CA1.5 - Identificar os principais problemas, retos e desafíos aos que se enfrontou a humanidade ao longo da historia, os cambios producidos, as súas causas e consecuencias, así como os que, na actualidade, debemos formular e resolver arredor dos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Propón medidas concretas para paliar os efectos do impacto humano sobre o medio natural	TI	50
CA3.2 - Elaborar xuízos argumentados, respectando as opinións dos demais e enriquecendo o acervo común no contexto do mundo actual, dos seus retos e conflitos, e desde unha perspectiva sistémica e global, a través da elaboración de xuízos propios, críticos e argumentados, e o respecto ás opinións dos demais.	Participa de xeito activo e crítico en debates orais cos seus compañeiros		
CA3.3 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbano a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Propón medidas concretas de alcance personal		
CA3.8 - Relacionar os cambios nos estilos de vida tradicional e contrastalos cos que son saudables e sustentables na contorna, a través de comportamentos respectuosos coa propia saúde, coa dos demais e cos outros seres vivos, tomando conciencia da importancia de promover o propio desenvolvemento persoal.	Participa na elaboración de un traballo con emprego de fontes de historia oral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Biodiversidade. Dinámicas e ameazas dos ecosistemas planetarios. Formas e procesos de modificación da superficie terrestre. A influencia humana na alteración dos ecosistemas no pasado e na actualidade. Conservación e mellora da contorna local e global. Riqueza e valor patrimonial de España e Galicia.</li> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Conciencia ambiental. Respetto, protección e coidado dos seres vivos e do planeta.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
6	As sociedades prehistóricas	9

Cráterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de facer unha liña temporal simple	PE	50
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Distingue as diferencias entre a Prehistoria e a Idade Antiga		
CA2.2 - Contrastar e argumentar sobre temas e acontecementos da Prehistoria e a Idade Antiga, localizando e analizando de forma crítica fontes primarias e secundarias como probas históricas.	Distingue os principais ferramentas líticas da prehistoria	TI	50
CA2.3 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	A través do traballo sobre textos distingue como a científicas as teorías creacionistas		
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Elabora esquemas simples		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> </ul>

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sociedade do coñecemento. Introducción aos obxectivos e estratexias das Ciencias Sociais e ao uso dos seus procedementos, termos e conceptos. Uso de plataformas dixitais.</li> <li>- Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. A visión dos dilemas do mundo actual, punto de partida para o pensamento crítico e o desenvolvemento de xuízos propios.</li> <li>- Métodos básicos de investigación para a construción do coñecemento da Xeografía e a Historia. Metodoloxías do pensamento xeográfico e do pensamento histórico.</li> <li>- As fontes históricas e arqueolóxicas como base para a construción do coñecemento histórico. Obxectos e artefactos como fonte para a historia e o legado material. O significado dos arquivos, bibliotecas e museos e do legado histórico e cultural como patrimonio colectivo.</li> <li>- Análise interdisciplinar da orixe do ser humano e do nacemento da sociedade. Grandes migracións humanas e o nacemento das primeiras culturas.</li> <li>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino svevo.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
7	A Antigüidade en Asia e África	7

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Distingue os principais trazos das civilizacións	PE	50
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	É capaz de facer unha liña temporal simple	TI	50
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Identifica os prexuízos eurocentristas		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
----------

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tecnoloxías da información. Manexo e utilización de dispositivos, aplicacións informáticas e plataformas dixitais. Procura, tratamento da información e elaboración de coñecemento. Uso seguro das redes de comunicación. Lectura crítica de información.</li> <li>- Condicionantes xeográficos e interpretacións históricas do xurdimento das civilizacións. As grandes rutas comerciais e as estratexias polo control dos recursos: talasocracias e imperios, conquista e colonización.</li> <li>- Complexidade social e nacemento da autoridade. Desigualdade social e disputa polo poder na Prehistoria e a Antigüidade. O caso galego desde a sociedade castrexa ao reino suevo.</li> <li>- As persoas invisibilizadas da historia: mulleres, escravos e estranxeiros. Marxinación, segregación, control e submisión na historia da humanidade. Personaxes femininos na historia. A resistencia á opresión.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo antigo: democracias, repúblicas, imperios e reinos. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades: politeísmo, monoteísmo e o xurdimento das grandes relixións.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social na Prehistoria e na Antigüidade.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> </ul>

UD	Título da UD	Duración
8	A civilización Exipcia	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.6 - Identificar, interpretar e analizar os mecanismos que regularon a convivencia e a vida en común ao longo da historia, desde a orixe da sociedade ás distintas civilizacións que se foron sucedendo, sinalando os principais modelos de organización social, política, económica e relixiosa que se foron xestando.	Coñece as bases do sistema social	PE	50
CA2.7 - Situar o nacemento e desenvolvemento de distintas civilizacións e situalas no espazo e no tempo, integrando os elementos históricos, culturais, institucionais e relixiosos que as conformaron, explicando a realidade multicultural xerada ao longo do tempo e identificando as súas achegas máis relevantes á cultura universal.	Desarrolla as características básicas da civilización exipcia		
CA1.1 - Elaborar, expresar e presentar contidos propios en forma de esquemas, táboas informativas e outros tipos de formato mediante o desenvolvemento de estratexias de procura, selección e tratamento de información relativas a procesos e acontecementos relevantes do presente e do pasado.	Elabora unha liña temporal simple	TI	50
CA2.5 - Representar adecuadamente información histórica a través de diversas formas de representación gráfica, cartográfica e visual.	Elabora esquemas visuais sobre os contidos		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
